



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 156

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 7 de xuño de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia (Doc. núm. 50759, PPL-000044)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 648, do 24.05.2016

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia (doc. núm. 25476, 09/PPLC-000012).

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 08.08.2014

Punto 2. Comparecencias en pleno

50894 (09/CPP-000441)

Do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da aposta pola mellora do

ensino non universitario de Galicia a través do Fondo do Superávit de Responsabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

Punto 3. Mocións

3.1 50943 (09/MOC-000185)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº. 49935, publicada no BOPG nº. 640, do 04.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

3.2. 50944 (09/MOC-000186)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 50253, publicada no BOPG nº 642, do 11.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

3.3 50945 (09/MOC-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 37062, publicada no BOPG nº 464, do 20.05.2016, e debatida na sesión plenaria do 24.05.2016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno

4.1 38914 (09/PNP-002835)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 28.08.2015

4.2 40465 (09/PNP-002943)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Alonso, Alejandro, e dous deputados/as máis

Sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 09.09.2015

4.3 47685 (09/PNP-003463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Blanco, Emilio, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda por parte do Goberno galego ao Goberno central das medidas precisas para a rebaixa do tipo de IVE establecido para as actividades culturais, así como o impulso dun IVE cultural no seo da Unión Europea que permita a súa harmonización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 609, do 02.03.2016

4.4 48971 (09/PNP-003567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas xurdidos con motivo da posta en marcha das notificacións telemáticas a través do sistema LexNet na Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

4.5 49646 (09/PNP-003624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés, e sete deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da compra pública innovadora en todas as administracións de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 638, do 27.04.2016

4.6 49863 (09/PNP-003645)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xenocidio armenio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 640, do 04.05.2016

4.750452 (09/PNP-003730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as demandas que se deben realizar en relación co novo informe redactado pola Comisión Europea verbo do accidente ferroviario de Angrois, a composición e o funcionamento da Comisión de Investigación de Accidentes Ferroviarios, así como a creación no Parlamento de Galicia dunha comisión parlamentaria de investigación ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

4.8 50668 (09/PNP-003722)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a creación por parte da Xunta de Galicia dunha comisión de investigación respecto do descarrilamento do tren Alvia na curva de Angrois

Publicación da iniciativa, BOPG nº 649, do 25.05.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 3778 (09/INT-000169)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz, e dous deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego do incumprimento dos compromisos electorais en materia de servizos e emprego públi-

cos e as previsións respecto da rectificación da política que está a seguir ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 26.02.2013

5.2 42684 (09/INT-001623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co tratamento das augas residuais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 21.10.2015

5.343220 (09/INT-001647)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre os resultados do acordo lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 545, do 04.11.2015

Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.150956 (09/POPX-000192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a valoración da situación política actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.250984 (09/POPX-000193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación social en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.3 51014 (09/POPX-000194)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o incremento da pobreza e a precariedade en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 51005 (09/PUP-000279)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da recente viaxe institucional do Sr. presidente da Xunta de Galicia a Cuba

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.2 51012 (09/PUP-000280)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do acordo de eximir á planta de almacenaxe e regasificadora Reganosa do trámite de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.350933 (09/PUP-000277)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón, e tres deputados/as máis

Sobre a información do Goberno galego en relación coa posible venda dos centros de produción de Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.4 50244 (09/POP-004920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción, e tres deputados/as máis

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da incidencia da falta de reposición do profesorado na calidade docente das universidades galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 642, do 11.05.2016

7.5 47104 (09/POP-004452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación na que quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan seren derivados a centros privados para a súa realización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 603, do 18.02.2016

7.650950 (09/PUP-000278)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica

Sobre as medidas de prevención e control que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación co exceso de peso das persoas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

7.7 48236 (09/POP-004652)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do Decreto que regula a previsión de reinvestimento de parte dos ingresos das comunidades de montes no propio monte, establecida na Lei de montes de Galicia, e da súa incidencia en materia de protección e mellora do monte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 617, do 16.03.2016

7.850310 (09/POP-004929)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recouso, Juan Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da instalación dos medios técnicos necesarios para posibilitarlles aos mariscadores da ría de Ferrol a obtención das guías de transporte de xeito telemático sen necesidade de desprazarse fisicamente á máquina de expedición do documento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Goldar Güimil (P).* (Páx. 9.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 11.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 13.), *Sr. Jorquera Caselas (BNG)* (Páx. 16.) e *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 17.)

Rolda de réplica: *Sr. Goldar Güimil.* (Páx. 19.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 23.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 25.), *Sr. González Santín (S)* (Páx. 27.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 29.)

Rolda de réplica: *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 32.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia: *aprobada por 56 votos a favor, 5 votos en contra e 9 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Declaración institucional

O señor presidenta le unha declaración institucional con motivo do Día Mundial contra o Traballo Infantil, que é aprobada por asentimento. (Páx. 33.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da aposta pola mellora do ensino non universitario de Galicia a través do Fondo de Superávit de Responsabilidade. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx.34 .)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 38.), *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 40.), *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 42.), *Sr. Docasar Docasar (S)* (Páx. 44.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 47.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 49.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 54.). Nesta rolda interveñen a señora *Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 54.), o señor *Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 55.), o señor *Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 56.), o señor *Docasar Docasar (S)* (Páx. 58.), o señor *Fariñas Sobrino (P)* (Páx. 59.) e o señor *conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 60.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG)* (Páx. 65.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 67.) e *Sr. Docasar Docasar (S)*. (Páx. 68.)

O señor Vázquez Díaz (AGE) intervéñen para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 70.)

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. García García (S)*. (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 72.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 74.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 74.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 76.)

Nova intervención do señor García García (S). (Páx. 77.)

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 78.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 82.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 83.) e *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 84.)

A señora Paz Franco (BNG) intervéñen para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 85.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na

LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación do texto transaccionado do punto 2 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación dos textos transaccionados dos puntos 4 e 5 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia: *aprobados por 72 votos a favor, 1 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do resto dos puntos da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia: *rexeitados por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Modificación e alteración da orde do día

O señor presidente comunica unha modificación e unha alteración da orde do día. (Páx. 88.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación en que quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan ser derivados a centros privados para a súa realización. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 88.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 90.)

Pregunta de D^a Mónica Fernández Rodríguez, do G.P. Mixto, sobre as medidas de prevención e control que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación co exceso de peso das persoas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Rodríguez (M).* (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 92.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Rodríguez (M).* (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 93.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como sobre as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Solla Fernández (AGE).* (Páx. 95.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 97.), *Sra. Acuña do Campo (S)* (Páx. 98.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 99.)

A señora Solla Fernández (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 100.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso e dous deputados máis, sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 101.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 101.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG).* (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 104.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* e *Sr. Val Alonso (S).* (Páx. 105.)

O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 107.)

Suspéndese a sesión ás oito e dez minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno o deputado don Xosé Manuel Beiras Torrado. Non se xustificaron máis inasistencias. Entramos, polo tanto, na orde do día.

O punto número 1 correspóndese co de textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para presentar a proposición de lei ten a palabra o señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señora conselleira, moi bo día a todos.

Correspóndeme, no nome do Grupo Parlamentario Popular, a honra de defender o texto lexislativo que presentamos hoxe ante este Pleno co fin de aprobar a súa toma en consideración e, se procede, continuar coa súa tramitación ata a súa definitiva entrada en vigor.

Como saben as súas señorías, o pasado 14 de marzo, o Tribunal Supremo ditou a Sentenza 1067/2016, que, estimando o recurso contencioso-administrativo formulado pola entón Comisión Nacional da Competencia, anulaba a resolución da Dirección Xeral de Mobilidade do 26 de febreiro de 2010. Esta resolución, á súa vez, aprobaba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada. Tal e como manifestamos na xustificación da urxencia desta proposición de lei, a consecuencia directa desa sentenza do máximo órgano xurisdiccional do noso país é que, dos 145 contratos de transporte interurbano existentes en 2009, só 14 manterían a súa vixencia, estando caducados, xa que logo, 131 contratos. Ante esta situación sobrevida, é necesario e urxente a adop-

ción das medidas acaídas que garantan a prestación do servizo de transporte público en Galicia coas máximas garantías e a máxima seguridade xurídica. Ese obxectivo é, pois, o fundamento último que pretende este texto lexislativo, estruturado en 3 artigos, 1 disposición adicional, 1 derogatoria e 2 derradeiras, que agardamos que conte ao final da súa tramitación co respaldo maioritario das súas señorías, porque será bo non só para o sector –que tamén–, senón para todos os usuarios, que non son outros que as galegas e os galegos.

Permítanme agora que fixe a atención nos antecedentes que nos levaron ata este momento.

A aprobación por esta Cámara da Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, daba unha resposta necesaria a unha situación na que 54 dos 144 contratos existentes naquel entón remataran o seu prazo de vixencia entre o ano 2007 e 2008.

A solución facilitada en Galicia coincidía, señorías, como todos seguro coñecen, coa adoptada por outras doce comunidades autónoma. A saber: Cataluña, Aragón, A Rioxa, Castela-A Mancha, Canarias, Castela-León, Asturias, Valencia, Madrid, Murcia, Extremadura e Baleares.

Esta lei non só garantiu a estabilidade laboral duns 5.000 traballadores, como tivemos ocasión de dicir xa nesta sede parlamentaria hai unhas semanas, senón que tamén, señorías, contribuíu ao mantemento do tecido empresarial galego deste sector económico, ao mantemento do servizo público nun escenario económico tan complexo como o dos anos 2011 a 2015, e tamén permitiu impulsar medidas concretas de modernización, programadas no Plan de modernización das concesións de transporte público.

Señorías, este plan de modernización das concesións actuou sobre varios eixos, dos que nos gustaría destacar hoxe os seguintes:

A modernización tecnolóxica e de explotación de servizos, fixando as condicións para a implantación en toda Galicia dun sistema de axuda á explotación do transporte público, canle para dar unha resposta óptima á crecente demanda por parte dos usuarios de mellora da información dos servizos.

Igualmente, prevíase a integración destes contratos nos plans de transporte metropolitano de Galicia e no novo sistema de tarifas zonais, o que posibilitou a implantación do transporte metropolitano de Galicia, en xaneiro de 2011, na área de transporte metropolitano da Coruña; en marzo de 2011, nas de Ferrol e Santiago; no 2012 na de Lugo e no 2015 na de Vigo, ás que está previsto que se sume este mesmo ano a de Ourense.

Actuou tamén con melloras na calidade dos servizos, tanto mediante a acentuación das exixencias de renovación da frota, coa diminución das antigüidades media e máxima permitida para cada contrato, así como na incorporación de vehículos accesibles ao conxunto da poboación.

Xa no ano 2010, logo de que o 1 de marzo se publicase no DOG o plan de modernización, a Comisión Nacional da Competencia –actual Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia– formulou un requirimento á Comunidade Autónoma instando á anulación deste instrumento de modernización. A pesar de ter sido 13 as comunidades autónomas que adoptaran medidas equivalentes ás da Lei 5/2009 –como dixemos hai un intre–, a Comisión só se interesou e recorreu contra as iniciativas da Comunidade Valenciana e de Galicia. Baixo o punto de vista deste grupo parlamentario, mediante esta impugnación, a Comisión estaba a recorrer contra os efectos e previsións directas dunha disposición legal adoptada pola Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio das súas competencias exclusivas, razóns polas que o Goberno de Galicia se opuxo dende o principio a esta posición.

Como tivemos ocasión de relatar xa nesta Cámara, señorías, esta desestimación foi impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa, pronunciándose o 24 de maio o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a favor da legalidade da disposición recorrida. Finalmente, como dixemos ao principio, a sentenza do Tribunal Supremo do 14 de marzo do 2016 casa aquela e anula a resolución da dirección xeral, e, polo tanto, o Plan de modernización das concesións.

Señoras e señores deputados, a interpretación que o alto tribunal formula do marco normativo comunitario é, cando menos, cuestionable. Fronte a esta sentenza, como saben, a Xunta de Galicia interpuxo un incidente de nulidade, ao considerar que o Tribunal Supremo procedeu a unha valoración da constitucionalidade dunha disposición autonómica de rango

legal, a Lei 5/2009, o que está expresamente excluído da súa competencia. E podería ter quebrado con iso a autonomía lexislativa da Cámara e da propia Comunidade Autónoma.

Ata aquí, señorías, os antecedentes que xustifican que este grupo parlamentario, xunto co Goberno de Galicia, entendan a oportunidade da presentación desta proposición de lei neste momento, sen prexuízo da solución que os órganos xudiciais poidan adoptar no curso do procedemento de impugnación da indicada sentenza.

O Grupo Popular cre firmemente, señorías, que este texto, cando se converta en norma legal, achegará seguridade xurídica aos usuarios dos servizos públicos de transporte, ás empresas que deben prestar o dito servizo público e, por suposto, aos seus traballadores. Pero, señoras e señores deputados, esta proposición de lei non só achega a solución adecuada para garantir esta estabilidade, senón que establece mecanismos para afrontar unha intensa modernización do servizo público e da súa plena adaptación ás demandas da sociedade para as próximas décadas. Así as cousas, a planificación do novo sistema de transporte público será afrontada polo Plan de transporte público de Galicia, PTPG, regulado no artigo 2 deste texto lexislativo.

Señorías, as novas tecnoloxías tamén posibilitan e facilitan novas modalidades de prestación dos servizos, tales como os modelos de xestión baixo demanda, que favorecen un maior espallamento da rede de servizos do transporte no noso territorio. Para tal fin, a iniciativa lexislativa introduce e regula esta figura do Plan de transporte público de Galicia como instrumento de planificación necesario para establecer un sistema de transporte público multimodal e integrado. Por unha banda, determinará, ordenará e establecerá a oferta de servizos de transporte público de competencia da Xunta de Galicia, e tamén implementará a coordinación da totalidade de servizos de transporte público que se desenvolvan no noso territorio. Xa que logo, trátase dun instrumento de planificación integral, e no anexo da lei recóllese o seu contido mínimo e, entre outros aspectos, a programación de licitación dos contratos de servizos públicos de transporte regular e os pregos de condicións que rexerán os contratos, establecendo regras para facilitar tanto a sucesión e estabilidade do persoal do contratista saínte como o do material que o mesmo tivese incluído no sistema de axuda á explotación.

No ámbito do transporte público, ademais da relevancia do prezo ofertado ao usuario, resulta tamén esencial a propia calidade do servizo, polo que se determina que os pregos de licitación deberán valorar os criterios de calidade que se establezan cando menos cun 65 % da puntuación do correspondente concurso.

O plan analizará a ordenación do territorio en termos de mobilidade, fixará os modelos de xestión de servizos baixo demanda das persoas usuarias e tamén regulará os requisitos básicos que deba cumprir a oferta de transporte público en ámbitos tales como a accesibilidade, a conectividade territorial, a seguridade ou as interconexións modais e intermodais nos principais nós de conexión. E, dende logo, deberá complementar as condicións básicas de dereitos e obrigas das persoas usuarias, e garantirá a accesibilidade para o conxunto da poboación.

Por último, señorías, este plan establecerá os procedementos de seguimento do seu cumprimento e os supostos nos que procederá a revisión total ou parcial, ou a actualización, deste plan.

Señorías, os traballos para o deseño integral da rede de transporte público de Galicia requiren dun proceso rigoroso no que se desenvolvan estudos de campo para a análise da demanda actual e potencial e se dea a participación tamén ao conxunto de actores públicos e privados afectados. Esta participación está garantida coa previsión do informe do Consello Galego de Transportes, previo á súa aprobación polo Consello da Xunta, ao participar no dito órgano colexiado a Administración local, o sector empresarial, as organizacións sindicais, a representación de consumidores e usuarios e a de persoas con discapacidade, así como representantes de diversos ámbitos sectoriais das administracións públicas en Galicia. Esta proposición de lei establece que os traballos de elaboración e aprobación non superarán os vinte e un meses, prazo requirido pola indicada complexidade da planificación. Ademais, este prazo permitirá a adaptación da planificación de transporte dentro do prazo transitorio que o propio regulamento comunitario establece para a adaptación dos sistemas de transporte público ás regras de concorrência e transparencia que introduce, prazo que vence o próximo 2 de decembro do ano 2019.

Xa para rematar este primeiro turno, señorías, quero dicir que, xunto coa regulación do marco no que se deberá proce-

der á planificación do novo mapa de servizos, a proposición de lei dedica o seu artigo 3 a establecer regras para a garantía da prestación de servizos no período transitorio, e tamén para manter elementos de modernización dos que establecía o plan que tería anulado a sentenza do Tribunal Supremo. E o contido deste precepto tratareino de explicar no meu segundo turno.

Máis nada, polo de agora, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O Tribunal Supremo anulou a prórroga automática e xeneralizada de todas as concesións aprobadas en 2010 que engordaban o negocio millonario do magnate do transporte en Galiza coa Xunta. A suspensión afecta a totalidade das liñas de transporte de viaxeiros polas estradas de Galiza, pero especialmente a Monbus, de Raúl López, un empresario de Lugo moi próximo ao poder político que está implicado en distintas causas xudiciais, e que foi detido hai un ano en Sanxenxo cando entregaba 60.000 euros en efectivo a uns empresarios hoteleiros.

A Sala do Contencioso-Administrativo do Supremo anulou a resolución da Xunta pola que se aprobou o Plan de modernización das concesións. A sentenza prodúcese como consecuencia dun recurso presentado pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que alegou que o plan implicaba a prórroga automática de todas as concesións e que era contrario ao Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, que fixa que a duración dos contratos de servizo público non poderán superar os dez anos para os servizos de autobús.

Aínda que son máis de dez empresas afectadas por esta sentenza, a principal prexudicada é a de Raúl López. A súa cota de negocio no transporte de viaxeiros por estrada move

decenas de millóns de euros anuais e case o 60 % do transporte.

Maior porcentaxe acumula no transporte escolar, que paga directamente a Xunta e que ascende a 130 millóns de euros anuais, xa que a prórroga das concesións estaba vinculada a unha rebaixa na factura do transporte escolar.

Na actualidade, o cuasi monopolio de Raúl López divídese en 60 empresas, cunha frota de 2.000 vehículos, máis dun millar de persoas empregadas e unha facturación superior aos 100 millóns de euros anuais. Os seus negocios non se limitan a Galiza, tamén están en Cataluña, País Vasco, Comunidade Valenciana, Madrid e as dúas castelas, Estremadura e incluso nalgún país europeo.

Raúl López está implicado en distintas causas xudiciais, entre elas a Pulpo, pero a que lle afecta máis directamente é a operación Cóndor, impulsada pola mesma xuíza de Lugo, Pilar de Lara, contra unha suposta trama de branqueo de capitais, suborno, falsidade documental, delito fiscal e tráfico de influencias. A operación afecta, entre outros, o Exército de Terra e o Ministerio de Fomento.

O 18 de marzo de 2015 axentes de vixilancia aduaneira colleron a Raúl López no momento en que entregaba a dous hostaleiros 60.000 euros. A relación de Raúl López coa política iniciouse con Francisco Cacharro e Manuel Fraga. Nun sector dominado polas concesións públicas monopolistas, enseguida converteu a pequena empresa rural que herdara do seu pai no gran grupo Monbus, tras facerse coa compañía Monforte en 2001. Tamén en 2001 adquiriu La Unión e despois Castromil, co apoio da Xunta de Fraga e da moi politizada Caixanova, que se integrou no accionariado. E todo isto tras un longuísimoo conflito laboral co despedimento de varios traballadores, no que a Xunta amparaba os intereses de Raúl López ditando uns servizos mínimos incompatibles co dereito fundamental á folga.

Tras a compra da Unión e Castromil, a compañía de Raúl López converteuse na primeira de Galiza no transporte de viaxeiros por estrada. As súas empresas son as grandes subministradoras da Xunta, pero tamén xestiona servizos públicos nalgúns concellos como Santiago, ao adquirir ao ex presidente da CEOE, Xerardo Díaz Ferrán –hoxe con domicilio en Soto del Real–, as contratas de pagamento de congresos

dos autobuses urbanos. E para seguir favorecendo os intereses de Raúl López, en 2010 a Xunta aprobou a lei na que se sustentou a prórroga exprés sen ditame do Consello Galego de Transportes nin do Consello Económico e Social.

Tampouco lle foi remitido a outras consellerías, como é preceptivo en todos os anteproxectos de lei, nin sequera á Consellería de Educación, xa que afectaba as súas competencias en transporte escolar, que ademais era a pedra angular da rebaixa que xustificaba a prórroga. A tramitación nesta Cámara fíxose por lectura única, sen posibilidade, por tanto, de emendas parciais dos grupos da oposición, que pediron sen éxito a devolución do texto.

Agora o fallo do Supremo aboca a Xunta a licitar esas concesións que, segundo defendeu no momento da súa aprobación, ían reportar un aforro de 110 millóns para as arcas públicas ata o 2020, sobre todo en transporte escolar, que asumiu un recorte do 7 % nos pagamentos de administración. É dicir, un auténtico chanchullo entre Raúl López e a Xunta para manter o monopolio de Raúl López no transporte público e á custa de abaratar os custos do transporte escolar.

Un empresario que foi denunciado múltiples veces e que –como dicía– no ano 2001 tivo unha folga nas súas empresas de varios meses, unha folga moi dura, precisamente pola sobreexplotación dos traballadores, dos condutores que eran obrigados a facer, por exemplo, o transporte escolar despois de facer o transporte Vigo-Madrid, Madrid-Vigo, e cando chegaban a Vigo facían o transporte escolar cun alto risco para a seguridade dos nenos e das nenas, pero baixo o amparo da Xunta de Galiza, que mirou para outro lado ante as denuncias dos sindicatos sobre a vulneración da lexislación laboral e das medidas de seguridade do transporte.

Resulta evidente que Galiza necesita unha lei para a actualización do sistema de transporte público que cohesione o territorio. Pero esta proposición de lei, que se chama de medidas urxentes, prorroga a situación actual durante vinte e un meses dende a entrada en vigor desta lei, prazo establecido para a aprobación do primeiro Plan de transporte público de Galiza. É dicir, esta proposición de lei o que pretende é manter o monopolio de Raúl López durante outros vinte e un meses preparándose, dándolle tempo para prepararse e que siga mantendo o seu monopolio.

A Administración galega debe anticipar a licitación da concesión do transporte público de viaxeiros por estrada que tiña previsto para o 2020, e con esta lei realmente case cumpre o prazo previsto ao establecer vinte e un meses dende a súa aprobación. É dicir, preséntasenos unha proposición de lei trampa, que establece un período como se fora a anticipar realmente o novo concurso do transporte público, pero que na práctica nos leva a cumprir o prazo previsto e, polo tanto, a asegurar o negocio de Raúl López ata o ano 2020.

Os modelos de xestión de servizos baixo a demanda das persoas usuarias non garanten de por si a prestación dun servizo de calidade, pois os modelos postos en práctica ata hoxe indican condicións limitantes para as persoas usuarias, como ter que solicitálos con máis de vinte e catro horas de antelación. Iso non ten, dende logo, un gran beneficio para a poboación do rural, que ten que ter prevista a súa actividade para poder dispoñer do transporte público.

Nos modelos de xestión e nos criterios obxectivos para a adxudicación dos concursos tense en conta a calidade do servizo, pero volve a Xunta e volve o Partido Popular esquecer a calidade do emprego e a ratio de emprego feminino nun sector altamente masculinizado. Sen embargo, non se ten en conta, fálase de calidade dos servizos sen ter en conta que a calidade do servizo vai intimamente ligada á calidade do traballo, e tamén a calidade do traballo vai intimamente ligada á ratio de emprego feminino.

Segue apostando esta proposición de lei pola privatización e a subvención con base en liñas de bonificación xustificadas como orientadas á promoción da utilización do sistema de transporte público ou a finalidades de carácter social. Outra vez estamos coa subvención ás empresas, é dicir, entrégaselle o monopolio do transporte público a unha empresa e ademais subvenciónase esa empresa coa escusa de promocionar o transporte público. Pero o transporte público só se promociona dunha maneira, e é tendo un bo transporte público.

O que non se pode facer é o que fai a Xunta de Galiza, esperar a que nas paradas de autobuses haxa moitas persoas para poñer os autobuses, porque se non hai autobuses, evidentemente as persoas non van esperar o autobús. O mesmo ocorre co tren de alta velocidade, por exemplo, entre Vigo e A Coruña, un tren totalmente inoperante porque non resolve

os problemas de transporte das persoas, xa que non responde aos horarios e ás frecuencias que necesitan as persoas. Polo tanto, se se quere promocionar o sistema de transporte público deixémonos de seguir con bonificacións e subvencións e aproveitemos para poñer un servizo público que dea resposta ás necesidades da poboación.

Polo tanto, absterémonos da toma en consideración desta proposición de lei, pois se ben consideramos que é urxente unha lei para a actualización do sistema de transporte de Galiza, evidentemente non é esta a lei que vai resolver os problemas do transporte en Galiza nin a que vai ser máis xusta á hora da concesión. O único que pretende esta lei é seguir garantindo o negocio de Raúl López; unha persoa, dende logo, polo menos dubidosa na súa legalidade á hora de actuar, e é demostrado que incumpre reiteradamente a lexislación laboral.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira.

A verdade é que comeza mal esta lei cando xa non só se mente na exposición de motivos sen a explicación da urxencia, senón cando se mente directamente desde este estrado para xustificar a lei. O señor Goldar afirmaba que unha sentenza tumba unha lei e que, polo tanto, o que está facendo o Tribunal Supremo é socavar a capacidade lexislativa desta comunidade. Pero é que iso non é certo, nesa sentenza en ningún caso se fala da lei, fálase dunha resolución que é de ámbito menor que unha lei, que é a que inicia a prórroga destas concesións e é a que incumpe a normativa do conxunto da Unión Europea, que, por certo, se aprobou un mes despois da lei, cando todos sabíamos que esa normativa xa ía facer que a lei non se puidese desenvolver cunha resolución así. Polo tanto, é lamentable que nun texto lexislativo se comece cun preámbulo onde se engana e se di unha mentira e unha falsidade. Polo tanto, o noso grupo con dificultade poderá aprobar unha lei que mente directamente no seu texto escrito.

Estamos ante unha nova escusa do Partido Popular que ademais quere aquí, hoxe, esconder baixo unha maraña de boas palabras e de referencias cuestións que nada teñen que ver co que hoxe se vén debater; por exemplo, dise que isto é para garantir a estabilidade do emprego de 5.000 persoas.

Moi dificilmente se vai garantir a estabilidade nesta norma cando vostedes cando falan, por exemplo, dos pregos das futuras concesións en ningún caso falan da obrigatoriedade de subrogación dos traballadores, nin falan das condicións laborais dos mesmos. Iso si, falan das condicións das empresas e das melloras para as empresas, pero nunca da situación dos traballadores.

E o que xa é absolutamente inaceptable é que nos falaran de que ese Plan de modernización, que tamén foi suspendido por esa sentenza, pretende modernizar tecnoloxicamente o noso servizo de viaxeiros por estrada. ¿Vostede viaxou en autobús ultimamente? ¿Sabe como é a modernización dese modelo? ¿Foi capaz vostede, non sei, de ir desde O Grove a Santiago nun horario razoable? ¿Ou desprazarse desde Lalín a calquera lugar de Galicia que non sexa a propia comarca do Deza en tempo razoable e ademais coñecer de antemán os horarios?

Creo que vostede fala por falar ou fai como esa aplicación electrónica de intelixencia artificial de Apple que di calquera cousa segundo o que veña encima e que vai manexando palabras segundo veña corresponder na situación. Pero a realidade é que vostedes están enganando a cidadanía.

¿Que queda daqueles tempos onde o señor Feijóo se presentaba ante a cidadanía como un bo xestor, como o mellor dos xestores posibles? A realidade é que non só non é un bo xestor, senón que foi capaz de condenar e destrozarse o cativo estado de benestar deste país, que foi capaz de dinamitar a nosa economía, de incrementar a nosa débeda ata cifras non coñecidas antes polos galegos e polas galegas, e ademais de condenarnos a unha situación económica francamente lamentable.

E unha vez máis ten que tramitar unha lei exprés para solventar unha auténtica aberración e unha cafrada feita polo propio Goberno, como xa pasou coa Lei do solo, que foi incluso emendada antes de estar en vigor. Son cuestións que demostran que eses bos xestores que son o Partido Popular

en realidade non son bos xestores, son vostedes en realidade unha axencia para garantir os negocios dos amigos. Todos sabemos o que acontece ao respecto do monopolio deste tipo de infraestruturas, deste tipo de servizos, como ben se dixo por parte do Grupo Mixto. Pero a verdade é que, ¿que podemos esperar dun presidente acostumado a pasear con narco-trafficantes e que despois sexa incapaz de recordar onde estivo con eles? Salvo aquela cuestión de que sabía que había neve, parece ser que se o noso presidente é tan incapaz de recordar as súas vacacións, ¿como vai ser capaz de recordar que se incumple a normativa en cuestións como o transporte de viaxeiros, e neste caso unha normativa europea de obrigado cumprimento?

Polo tanto, non estamos falando nin sequera dunha lei para actualizar o transporte público galego, vostedes chámanlle así e plantexan que é unha lei para actualizar e modernizar o transporte público galego, pero é mentira. E tampouco é urxente, é unha lei que polo único que se fai necesaria é pola súa incapacidade para xestionar e para legislar correcto e conforme a norma.

É unha lei que ademais é obrigado traer aquí pola súa incapacidade e pola súa decisión de tratar de prorrogar dunha forma irregular o conxunto de concesións dese monopolio que todos coñecemos a quen corresponde e a quen non. Polo tanto, nin é unha lei urxente nin é unha lei necesaria para o país, é unha lei necesaria pola incapacidade dun Goberno que mente incluso na súa declaración de urxencia e no seu preámbulo no conxunto da lei.

A realidade é, ¿que actuacións vai solventar esta norma respecto da situación actual? Vostedes, incluso non hai moito tempo, nesta mesma Cámara se debatía unha moción que plantexaba nun dos seus puntos resolutivos que era necesario establecer unha norma para solventar a situación, e o señor Goldar compareceu nese mesmo pleno a dicir que esa solución era ineficiente e que non era adecuada, e votou en contra desa proposta que dicía que se fixera unha lei exprés intermedia mentres non se resolvía a situación.

Eu preguntolle, se vostedes consideraban que esa solución era ineficiente, que non daba solución á realidade que se estaba plantexando, ¿como é que hoxe nos trae unha norma que en realidade é iso, unha lei intermedia que plantexa nunha parte do seu articulado dar esa solución legal a

unha irregularidade cometida por este Goberno? Nós preguntámoslle, ¿cal é esa situación?

Tamén nos preguntamos se vostedes van ser capaces de mudar desa lei a inconcreción ou a falta de verdade que se plantexa ao respecto de que se fai para tratar de cumprir o Regulamento 1370/2007 e con base nunha sentenza que anulaba unha lei.

Repítolle que a sentenza non anula a lei, senón unha resolución feita con posterioridade á entrada en vigor dese regulamento.

Polo tanto, vostedes o único problema que tiñan era que querían garantirlles a uns concesionarios durante moitísimo máis tempo a explotación dese servizo e fixeron unha norma irregular, e agora tráennos un parche que non soluciona ningún dos problemas; iso si, garántelles —cando menos durante dous anos— que esta situación vai continuar para eses concesionarios.

E vostedes, ademais, din aquí hoxe que van tratar de utilizar a norma para mellorar a calidade do servizo, e nós dicímoslles: ¿como se vai mellorar a calidade do servizo se nese anexo, onde se fala do Plan de transporte público, nos seus contidos, esquecen cuestións tan importantes como as que nós consideramos que debe ter un plan deste tipo, os obxectivos? O primeiro que debe ter este plan é un esquema de financiamento. ¿Como se vai financiar esa situación ou esas melloras que vostedes plantexan? ¿Cal é o marco metodolóxico para a elaboración deste plan, salvo que vaia ser elaborado pola Xunta e sometido á consideración do Consello Galego de Transportes? ¿Cales son os procedementos para, digamos, ser capaces de ter capitais, ingresos adicionais, para mellorar unha situación que a día de hoxe permite dicir que Galicia non está conectada por transporte público —salvo aquelas grandes vilas que poidan estar no Eixo atlántico, porque, fóra diso, non hai ningunha situación—? ¿Cal é a normativa tarifaria ao respecto deste plan? ¿Cal vai ser a proposta concreta para esa normativa tarifaria? ¿E se esa normativa tarifaria vai atender a situación económica deste país e vai ser capaz de que calquera persoa teña acceso ao transporte público, polo tanto, a un transporte universal, que a día de hoxe non existe neste país, onde non hai universalidade no transporte, e que soamente é accesible para aqueles que xa poden pagar? ¿Como se van implantar esas novas tecnoloxías ás que vostedes fan referencia na súa exposición? En cada un dos puntos que desenvolve ese plan de modernización non aparece reflectido na súa lei a necesidade de implementar que as novas tecnoloxías digamos que estean presentes nesa situación.

Dende logo, tampouco hai ningunha referencia a como este plan vai permitir que sexa sostible medioambientalmente. Porque, dende logo, nun país onde se erradicou o transporte de cercanías de viaxeiros a través de ferrocarril, onde se eliminou, por exemplo, o transporte marítimo entre as rías, onde se está eliminando todo tipo de transporte colectivo, se cren vostedes que o transporte público de viaxeiros por estrada vai ser unha solución medianamente sostible, dende logo, nós cremos que non é así.

Hai un punto que non está contemplado na norma e que, dende logo, para nós é algo absolutamente claro e necesario, sobre todo co incremento da sinistralidade que se ten dado ultimamente no conxunto dos transportes colectivos por estrada: a seguridade. Non contemplan vostedes no Plan de modernización ningunha análise dos sistemas de seguridade nin de como se implementa, de tal forma que esta seguridade sexa unha situación a ter en conta no conxunto do plan.

Polo tanto, estamos ante unha chapuza do Goberno do Partido Popular; os bos xestores, convertidos en chapuceiros, que é o que fai o Partido Popular. E, ¿por que se fai unha chapuza? Pois simplemente pola premura, pola necesidade de establecer unha norma que dea garantía de negocio a aqueles que son amigos ou están ao carón do Partido Popular. E se iso significa poñer en risco o conxunto do sistema, se iso significa deixar nun limbo aos traballadores e traballadoras e, sobre todo, incrementar a inseguridade dos viaxeiros e acabar con que en Galicia exista un plan de transporte universal, dende logo, a vostedes dálles igual porque o seu único obxectivo é garantir o negocio dos de sempre. Neste caso, os de sempre son persoas que están sendo encausadas por diversos delitos.

A realidade é a que é. Polo tanto, eu espero que na súa segunda parte nos poida explicar como vai dar contido a esas cousas que vostede plantexou nese anexo do Plan de transporte público de Galicia, que non está recollido na norma, onde determina as cuestións que, como mínimo, debe reco-

ller. E nesas cuestións que, como mínimo, debe recoller, ningunha das que vostede plantexou.

Polo tanto, máis nada, moitas grazas, e espero que sexa capaz de aclararnos algunha destas cuestións. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas.

Señora conselleira, nisto consiste a tan cacarexada eficacia do seu goberno, do Goberno Feijóo. O Grupo Popular ten que acudir ao rescate para intentar corrixir de xeito chafalleiro o desaguisado provocado por un goberno incompetente que nin tan sequera é capaz de dar seguridade xurídica coa lexislación que aproba.

Os antecedentes xa os coñece: unha lei que aprobou o Partido Popular; unha resolución que desenvolve esa lei, que aprobou o Partido Popular; un recurso que presenta a Comisión Nacional da Competencia cando tamén estaba gobernando en Madrid o Partido Popular; e unha sentenza do Tribunal Supremo que anula aquela resolución que basicamente consistía na prórroga por dez anos de 129 concesións de transporte público.

En resumo, vostedes tiveron meses para solucionar o problema das prórrogas, das concesións e non fixeron nada. Viñeron á última hora cunha lei e cunha resolución. E pese ás advertencias de ilegalidade, señora conselleira, pasaron sete anos sen facer nada.

Permítanme que lles lea un texto porque creo que é moi clarificador. Vou facer unha lectura textual:

“A Xunta está a enganar as empresas de transporte cunha ampliación automática e precipitada das concesións, facéndoa por unha lei que vai ter unha contraindicación legal de normas de rango superior de xeito inminente, e supomos que trasladándolles aos axentes representativos deste sector que esta é a solución para asegurar a pervivencia das vixentes concesións nos vindeiros anos.

O Goberno galego é consciente desta contradición; non en van a disposición derradeira única regula un eventual eximente de responsabilidade patrimonial da Xunta de Galiza se por normas de rango superior ou decisións xurisdiccionais se resolven anticipadamente as concesións prorrogadas por este proxecto se chega a ser lei.

¿Por que razón hai que incluír esta previsión? Se o Goberno galego está plenamente seguro da viabilidade desta norma e, por tanto, da extensión das concesións de transporte regular, ¿cal é o motivo para incluír unha disposición deste teor onde se exclúe de responsabilidades de invalidarse o contido da lei? A razón é evidente: son coñecedores das dúbidas legais desta opción escollida de prórroga das concesións.”

Mire, señora conselleira, señores do Grupo Popular, acabo de dar lectura textual ás consideracións feitas polo BNG en 2009 ao Proxecto de lei para a modernización do sector do transporte público de Galiza. Por tanto, sabían que aquela lei e a resolución que a desenvolve era fraudulenta. Sabían que estaban facendo trampa, até o punto de blindar á Xunta de Galiza ante unha posible ilegalización desa lei, eximíndoa de responsabilidade patrimonial.

Por tanto, estaban vostedes advertidos. Pasaron sete anos e non fixeron nada para resolver a situación e, por se fose pouco, tras a sentenza do Supremo, a señora conselleira—aquí presente—seguíu faltando á verdade dicindo que a sentenza non tería consecuencias. Incluso, coma sempre, dixo que a culpa foi do cha cha chá, ou, mellor dito, que a culpa foi do Bipartito. E agora ten que recorrer ao Grupo Popular para que acuda ao rescate, a intentar resolver de xeito chafalleiro aquel desaguisado. De xeito chafalleiro, señorías, porque é inaudito que esta lei teña que presentala o Grupo Popular en vez do propio Goberno. Se a anulación xudicial foi contra un acto do Goberno ditado en uso das súas facultades administrativas e executivas, o lóxico é que sexa o propio Goberno quen formule esa iniciativa. De xeito chafalleiro, porque, ademais, así saltan todos os trámites preceptivos, porque o lóxico é que esta lei fose acompañada dos informes oficiais dos órganos que xestionan o transporte, dos departamentos afectados, como o de ensino, dos órganos consultivos ou dun informe xurídico que avale esta solución transitoria como correcta. De xeito chafalleiro, señorías, porque ademais se recorre a unha fórmula de trámite de urxencia,

limitando deste xeito a posibilidade dunha lectura pausada neste Parlamento. E, de xeito chafalleiro, por último, porque nesta Lei de actualización do transporte público de Galiza non hai absolutamente nada. O único que busca é blindar até o 2019 os servizos tumbados pola xustiza, mentres todos os deberes quedan para o próximo Goberno ao establecerse que a Xunta ten que redactar antes do verán de 2018 un plan integral do transporte público.

Mire, señora conselleira, señores do Grupo Popular, niso si que son vostedes uns auténticos expertos, en poñer a outros deberes que vostedes foron incapaces de cumprir, porque confiamos en que non sexan vostedes os encargados de desenvolver e de dotar de contido real o plan despois de semellante demostración de incompetencia.

Anticípelles, no que atinxe a ese futuro plan, que fronte á chapuza de 2009 de intentar prorrogar un modelo de transporte fundado en concesións de había décadas, baseado nas necesidades de mobilidade da Galiza de hai corenta anos, defenderemos un modelo que atenda as necesidades reais de mobilidade da Galiza de hoxe.

Nese sentido, abordar un plan integral de transporte público en Galiza implica procurar unha integración real de todos os modos de transporte, estudando a súa interoperabilidade e complementariedade, con independencia de que a Administración sexa titular. Neste momento, por exemplo, hai en Galiza servizos ferroviarios que recibiron importantes investimentos que non poden ser ignorados nun plan de transporte público, mesmo reclamando a competencia sobre eles para integralos nunha única rede intermodal en toda Galiza.

Mais, en calquera caso, haberá no futuro ocasión de debater estas cuestións, porque agora do que se trata é de arbitrar unha solución de urxencia ao problema creado por vostedes. Nese sentido —e só nese sentido—, señores do Grupo Popular, podemos concordar en que o principal agora é asegurar un réxime transitorio, porque o prioritario é que as persoas usuarias do transporte por estrada sigan tendo o servizo.

E a solución de dar transitoriedade ao que foi anulado mentres non se aprobe o plan é a única opción posíbel dadas as circunstancias, dado o desaguisado provocado por vostedes.

Por iso, señoras e señores da Xunta de Galiza, señoras e señores do Grupo Popular, fronte á súa incompetencia, a nosa responsabilidade. Por responsabilidade, porque o prioritario é que as persoas usuarias do transporte por estrada sigan tendo servizo, non imos obstaculizar a toma en consideración desta proposición de lei, por moito que sexamos enormemente críticos coa xestión caótica da Xunta de Galiza, que ten provocado este desaguisado, e por moito que non compartamos o seu modelo de transporte público, e iso plasmarémolo en forma cando se substancie o debate do Plan de transporte público de Galiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Jorquera.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, señora conselleira, bos días a todos e a todas.

Na sesión plenaria do 26 e 27 de abril de 2016 debatimos unha moción do Grupo Socialista sobre as novas normas que debe promover a Xunta de Galicia en materia de transporte para substanciar a interpelación do mesmo grupo debatida o 12 e 13 de abril de 2016 sobre a Sentenza do Tribunal Supremo pola que se anula a prórroga de 129 concesións de transporte público.

O texto da moción do Grupo Socialista continúa 2 puntos como propostas de resolución: primeiro, elaborar unha norma transitoria e urxente para evitar os prexuízos causados pola sentenza que declara nulas as prórrogas das concesións de transporte público de viaxeiros por estrada en Galicia. E, como segundo punto, paralelamente, en colaboración e diálogo co sector do transporte e cos concellos, elaborar unha nova lei de mobilidade de Galicia que incorpore un novo mapa de transportes e que promova a presenza de transporte no medio rural galego para garantir a mobilidade das persoas e o mantemento do tecido empresarial no rural.

Na intervención deste voceiro, como autor da moción, expliquei a intencionalidade da proposta de resolución con só dous puntos. Tratábase de sintetizar as necesidades presentes e futuras do transporte de viaxeiros por estrada en Galicia. No punto 1, a elaboración dunha norma urxente que garanta os servizos, concilie aí o interese xeral e o dos concesionarios dentro do respecto á sentenza do Supremo e no marco do Regulamento comunitario 1370/2007. No segundo punto –e en paralelo ao punto 1– reflectimos a imperiosa necesidade de abordar xa o longo proceso que defina o modelo de mobilidade sostible a impulsar no noso país. Todos os grupos da oposición entenderon a intencionalidade da proposta e a apoiaron. O Grupo Popular non. Non sei se o entenderon, non sei se o quixeron entender ou se a súa soberbia e prepotencia lles impediu apoiala. Non o sei, o que si sei –é que todos, podémolo comprobar– é que vista esta proposición de lei que nos presenta o Partido Popular o seu grao de incoherencia raia o esperpento.

Non imos analizar o texto da proposición de lei que nos presentan, tempo haberá de facelo no trámite de emendas; hoxe só decidimos a toma en consideración.

Pero non podo pasar por alto a incongruencia do Grupo Popular ao votar en contra da moción e presentar este texto. Preséntanos esta proposición de lei de medidas urxentes baseando a urxencia –leo textualmente–: “A sentenza do Supremo fai necesario adoptar medidas que garantan a prestación do servizo de transporte público en Galicia coas máximas garantías e, por suposto, coa máxima seguridade xurídica, respectando a normativa comunitaria”. Como diría a miña avoa, cuspidiño ao punto 1 da nosa moción que vostedes votaron en contra.

Tamén o artigo 2.3, parágrafo segundo da proposición de lei, di textualmente: “O primeiro plan de transporte público de Galicia deberá aprobarse no prazo de vinte e un meses dende a entrada en vigor desta lei”. Calcado ao punto 2 da moción que tamén vostedes votaron en contra.

Coa votación en contra da moción e a presentación deste texto, o Partido Popular pode e debe ser acusado de plaxio e apropiación indevida. O grao de travestismo político que escenifican vostedes neste tema resulta patético, como patético resulta o grao de irresponsabilidade no exercicio durante todo o proceso pola conselleira responsable de transportes.

Fagamos memoria. O 17 de marzo de 2016 o Tribunal Supremo fixo pública a sentenza pola que anula a prórroga masiva das concesións de transporte de viaxeiros por estrada en Galicia. A dita sentenza é clara e rotunda, anula a sentenza favorable ás concesións ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; anula a resolución da conselleira de Medio Ambiente do 26 de febreiro de 2010, na que se concretaba a prórroga masiva; e falla en contra da resolución da Consellería de Medio Ambiente do 22 de xuño de 2010, con fundamento en resolucións de gobernos do Partido Popular.

E mentres isto discutíamos, mentres isto estaba presente no sector e na sociedade, ¿a que andaba a señora conselleira? Andaba aos biosbardos, como dicimos no rural. Ante un feito tan grave como este, o 90 % das concesións situadas na legalidade, con graves consecuencias para o sector do transporte de viaxeiros por estrada e para a mobilidade interurbana do noso país, manifestou unha desidia e pasividade preocupante, e mesmo unha incompetencia alarmante. Renunciou activamente a exercer a súa responsabilidade de conselleira coa conivencia pasiva do señor Feijóo. Non compareceu voluntariamente para dar conta da posición do Goberno respecto da complicada, mesmo complexa, situación na que se atopaba o transporte público, regular, permanente de persoas de uso xeral por estradas de Galicia. Tampouco para ofrecer rigorosidade e unha certa dose de tranquilidade a un sector sumido na incerteza. Nin sequera reuniu os grupos políticos, mesmo os voceiros e voceiras, para explicarlles cal era a situación. Non compareceu nesta Cámara a petición propia, veu forzada, incómoda, á defensiva; obrigada polas iniciativas dos grupos da oposición. Acudiu a esta Cámara para utilizar artimañas e escusas para tentar xustificar que os gobernos do señor Feijóo actuaron legalmente. Culpabilizou o Bipartito, culpabilizou a sentenza do Tribunal Supremo, escudouse na anulación da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Todo menos autocrítica, e todo menos solucións. E a realidade deixounos sen trincheiras nin parapetos. A sentenza 585/2016, do Tribunal Supremo, descobre as insidias e vaguidades da conselleira con claridade e con contundencia; non dá lugar a interpretacións. Fundaméntase en que o Goberno do señor Feijóo vulnerou o Regulamento europeo 1370/2007, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, a través de resolución da Dirección Xeral de Mobilidade da

Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, do 26 de febreiro de 2010, na que se prorrogaron indebidamente por dez anos as concesións de transporte de viaxeiros por estrada de Galicia.

Esta é a realidade que pon ao descuberto as carencias desta consellería en transporte: ineficacia, ineficiencia e pasividade, que se reflicte no balance de xestión desta lexislatura.

Supresión de liñas e paradas de transporte ferroviario de media distancia, supresión das rutas e frecuencias de transporte público de viaxeiros por estrada; seguimos sen coordinación aeroportuaria, sen avances nos estudos de implantación dos metros lixeiros; ningunha realidade en tren de proximidade, pasividade na implantación de novos modos de transporte; reduciron o transporte metropolitano á condición de bonificacións tarifarias; desconexión co sector do transporte de mercadorías, sen implantación real da intermodalidade, unha palabra, un concepto moitas veces invocado por vostedes, como tantas ignorado na práctica.

Este é o balance de dúas lexislaturas dos gobernos do Partido Popular. No tema de transporte a sentenza do Supremo escintifica: nin prórrogas legais, nin modernización da frota, nin mellores servizos interurbanos, nin nova lei de mobilidade, nin concurso de concesións.

Señorías, señores e señoras deputadas do Partido Popular, ¿van rectificar a posición do seu grupo respecto ao que votaron na moción? Supostamente creo que si. Dende logo, o Grupo Socialista vai manter a coherencia votando a favor da toma en consideración desta proposición de lei.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Réplica, señor Goldar.

O señor GOLDAR GÜMIL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, agradezo, por suposto, aos voceiros que me precederon no uso da palabra e teñen anunciado o voto favorable, así como a non obstaculización desta toma en consideración.

Dicía, ao rematar a primeira intervención, que nesta segunda intervención iamos explicar o contido e alcance do terceiro e derradeiro artigo desta proposición de lei, cuxa toma en consideración estamos debatendo, e a iso, señorías, voume cinguir, xa que contestar puntualmente ao que se ten dito hoxe aquí, faltariamos ao noso deber de irmos ao importante, que é o que lle importa verdadeiramente a este sector, e non ao que din algúns de vostedes que semella –permítanme que llelo diga sen acritude de ningunha clase– que a solución a este tema lles importa máis ben pouco, case nada ou directamente nada de nada.

Unha voceira porque debe pertencer xa ao poder xudicial, porque xa xulga e dita sentenza, outros porque se deben crer unha especie de Matrix ou de elixidos, ou de mesías que están en posesión da verdade absoluta; se prestaran atención, seguramente non terían estas dúbidas. E o Grupo Socialista, o señor Fernández, o amigo señor Fernández, estivo verdadeiramente simpático, travestismo político, plaxio e apropiación indebida. Aí o deixo, mellor.

Comentaba, señorías, o importante de que o artigo 3 desta proposición de lei comeza derogando o artigo 1 da Lei 5/2009, que establecía a prórroga por dez anos deses mesmos servizos a cambio de asumir compromisos de modernización desenvolvidos na resolución do 26 de febreiro de 2010 que anularía o Tribunal Supremo. Deste xeito refórza-se a postura deste texto lexislativo a favor do desenvolvemento do novo modelo de servizos de transporte coa máxima seguridade xurídica para todos os actores involucrados e coa garantía da continuidade do servizo público afectado polo fallo xudicial indicado.

Mais de seguido o precepto consagra o principio de continuidade do servizo público. Esta continuidade será voluntaria para os contratistas, que deberán comunicar a súa renuncia no prazo de quince días dende a entrada en vigor da lei. Porén, establécese o seu carácter de obriga contractual durante doce meses a contar dende a data desta renuncia, seguindo o ditado do establecido no regulamento da Lei de ordenación de transportes terrestres para os contratos que van vencendo.

Por último, prevese que ante eventuais renuncias de contratistas a Administración procederá á súa adxudicación directa nos termos que establece o propio Regulamento comunitario.

Señorías, esta proposición de lei considera esta continuidade como unha verdadeira oportunidade para manter as liñas de modernización impulsadas na Lei 5/2009, concretándoas nas tres seguintes: a continuidade da súa participación e/ou integración nos plans de transporte metropolitano e no modelo de tarifas zonais; a implantación do sistema de axuda á explotación en liña cos traballos que leva desenvolvido a Xunta de Galicia nos últimos anos, e o mantemento do compromiso de integrar progresivamente nos contratos vehículos accesibles a persoas con mobilidade reducida.

Estes tres elementos resultan de grande relevancia para a modernización do sistema de transporte público e a súa percepción polas persoas usuarias, que disporán dun sistema máis universal, que continuarán disfrutando de políticas de fomento do transporte público nas áreas de transporte metropolitano e que verán como nos próximos meses disporán dun sistema de información dos servizos de transporte en tempo real.

Introdúcense tamén disposicións necesarias para garantir a propia evolución e a adaptación sectorial, e por último, señorías, esta proposición de lei prevé as regras para a licitación de servizos de duración temporalmente limitada, como os de praias que se prestan no verán, mediante o establecemento dun procedemento moi sinxelo para a contratación dos mesmos, que non é outro que o da adxudicación directa previsto no regulamento comunitario que citei antes.

E xa para concluír, señorías, dicir que a premura en garantir a continuidade destes servizos incorporada ao propio título da lei determinará a súa inmediata entrada en vigor unha vez teña concluído o procedemento que establece o Regulamento desta Cámara, e logo do debate de totalidade, aprobación e posterior publicación no *Diario Oficial de Galicia*, non prevendo, xa que logo, ningún prazo de *vacatio legis*.

E remato, definitivamente, como comezara a miña intervención: asegurar a prestación dos servizos públicos de transporte a todos os usuarios con todas as garantías e coa máxima seguridade xurídica para todos os operadores é a fin última desta proposición de lei.

Agardamos, pois, o seu voto favorable, o de todos, se é posible, aínda que semelle que non hoxe, e as súas aportacións construtivas a este texto que propomos co obxectivo

de que entre todos os grupos sexamos quen de pór unha solución acaída e urxente a un grave problema, un grave problema, señorías, que pon en serio risco a milleiros de persoas que traballan nun sector fundamental para a economía de Galicia e que temos a obriga de protexer.

Máis nada e moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Goldar.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas.

Tal día como hoxe, hai 113 anos, nacía en Ourense Alexandre Bóveda. Se Castelao foi o grande referente social do galeguismo, Bóveda foi, nas propias palabras de Castelao, o seu motor de explosión.

Para Bóveda o nacionalismo era o substantivo, o elemento vertebrador do seu pensamento. Ese compromiso ético e político levouno a entregar a súa vida por Galiza, a asumir o seu martirio como un contributo ao país. El mesmo deixouno dito no seu testamento: “A miña morte servirá para acadar adeptos á causa galega, un ben que aínda despois de morto farei á nosa terra”.

Para Bóveda o nacionalismo era moito máis que unha cuestión identitaria. Falar de Galiza era falar do progreso e do benestar do pobo galego. Sempre tomou partido polos de abaixo, sempre tivo a emancipación do pobo no seu pensamento e na súa acción. Por iso Bóveda propuxo, como o nacionalismo galego de hoxe, a creación dun banco nacional galego para que o noso aforro non emigre e contribúa ao noso progreso colectivo.

Bóveda demostrou que as relacións fiscais entre Galiza e o Estado español eran discriminatorias para o país, e por iso

defendeu, como o nacionalismo galego de hoxe, que Galiza tivese a súa propia administración tributaria, que Galiza tivese a súa propia facenda, para que o diñeiro procedente dos impostos que pagamos os galegos e as galegas tampouco emigre e se poña ao servizo do país.

Señorías, isto mesmo é o que pretende esta proposición de lei. Esta iniciativa propón que Galiza dispoña dun novo sistema de financiamento que supere a limitadísima autonomía fiscal e financeira do actual modelo. Propomos un modelo no que Galiza exerza a plena responsabilidade en materia fiscal, no que a facenda galega xestione e recade todos os tributos soportados en Galiza, e propomos que Galiza teña plena capacidade de decisión sobre os mesmos.

Esta proposición de lei establece un novo acordo de financiamento para Galiza baseado na transparencia, na autorresponsabilidade e na crenza nas capacidades do país. En definitiva, as cuestións chave no debate sobre o sistema de financiamento.

Se falamos de transparencia e autorresponsabilidade, ¿é lóxico un modelo como o actual, no que basicamente é o Estado quen recada pese a que a xestión dos principais servizos públicos está transferida ás comunidades autónomas? ¿Non sería máis lóxico e transparente autorresponsabilizarse?

Xa sabemos cales son as consecuencias do actual modelo: condenar o noso país a unha dependencia crónica dunhas transferencias do Estado cada vez máis insuficientes, dependencia que é usada polo Goberno central para ditar recortes. A centralización, a anulación da autonomía fiscal e financeira das comunidades autónomas foi a vía que usou o Goberno central, agora en funcións, para impoñer o seu modelo antisocial, pois no Estado español o gasto social está resndenciado, fundamentalmente, nas comunidades autónomas.

Por iso, propomos inverter os termos da relación, establecer unha relación de abaixo arriba en vez da actual relación de arriba a abaixo. Propomos, por iso, que Galiza teña responsabilidade fiscal plena e que sexa Galiza quen transfira ao Estado a cantidade que corresponda para contribuír aos servizos xestionados pola Administración central.

Hai voces que alertan contra a xeneralización do concerto. Pois que non se preocupen, dígollo aos que se alertan da xene-

ralización do concerto, que non se preocupen, o BNG non está propondo a súa xeneralización. Non somos nós os que inventamos o café para todos, un café para todos, por certo, que non está na Constitución, tampouco no que se refire ao sistema de financiamento das comunidades autónomas; somos unha nación, somos unha nacionalidade histórica en termos constitucionais –se prefiren este termo–. Necesitamos e temos pleno dereito a un modelo que asegure a nosa plena capacidade fiscal.

Hai voces que alertan tamén de que non é pertinente abrir agora o debate sobre o modelo de financiamento, porque sei que non hai posibilidade de asignar máis recursos, sei que hai outras comunidades autónomas que queren máis, e sei que non pode haber máis para todas.

Así pensa, por exemplo, o señor presidente da Xunta, o señor Feijóo, e expresouno con claridade a última vez que lle preguntamos sobre esta cuestión, cito textualmente: “Non creo que sexa moi intelixente iniciar un novo sistema de financiamento cando están en caída libre os ingresos das administracións públicas”. Iso foi o que dixo. Grazas a esta resposta, polo tanto, sabemos que iso de que estamos saíndo da crise é o timo da estampita, porque segundo o presidente da Xunta de Galiza están en caída libre os ingresos das administracións, aínda que agora que hai eleccións o Partido Popular prometa novas rebaixas fiscais.

Pero ademais engadiu, e sigo citando textualmente: “Eu négome a iniciar un proceso de financiamento coa ameaza independentista de Cataluña, coa ameaza independentista de Navarra, e agora con esas confluencias, afluentes ou non sei que falan no Senado entre os de Podemos e o Partido Socialista Obreiro Español”. Estou citando textualmente as palabras do señor Feijóo a última vez que lle preguntamos sobre esta cuestión. Ou sexa, tiñamos un modelo de financiamento que tiña que ser revisado por lei antes de decembro de 2014, un modelo –en palabras do propio presidente da Xunta de Galiza– incorrecto, inxusto, que non financia o custo real dos servizos, pero como en Cataluña é presidente o señor Puigdemont e en Navarra a señora Barkos, e o señor Feijóo non sabe de que falan no Senado entre os de Podemos e o PSOE, en Galiza temos que apandar.

Para o señor Feijóo o Goberno galego non pode tomar a iniciativa, o seu único papel é o de ser espectador crítico do que outros din ou propoñen.

Pois fronte aos que pensan que non é pertinente abrir agora o debate sobre o modelo de financiamento, porque seica que non hai posibilidade de asignar máis recursos e outras comunidades autónomas queren máis e non pode haber máis para todas, fronte aos que pensan así, nós dicimos que a cuestión non é canto reciben unhas comunidades fronte a outras, a cuestión, o problema de fondo é a magnitude dos recursos que o Estado central reserva para si. Unha magnitude a todas luces excesiva, cando a xestión dos principais servizos públicos está transferida, e que explica tamén por que o Estado quere reservar para si o monopolio da xestión e recadación dos principais impostos.

Por último, hai voces que non cren nas capacidades do país, voces que din que este modelo que defende o Grupo Parlamentario do BNG a través desta proposición de lei sería prexudicial para o noso país, pois non temos capacidade de xerar recursos fiscais para que Galiza poida vivir por si mesma.

Ignoran, os que afirman isto, que un modelo de soberanía fiscal é total e absolutamente compatíbel cos mecanismos que corrixan as desigualdades territoriais existentes no Estado español. Ignoran que un modelo de soberanía fiscal é compatíbel cos mecanismos correctores das desigualdades. Pero, ademais, é unha falacia que Galiza non teña capacidade para xerar recursos fiscais para vivir por si mesma.

Para soste esta falacia, contabilízase como presunta solidariedade do Estado a Seguridade Social, dísenos que Galiza non tería diñeiro para pagar as pensións, ignorando que as pensións contributivas se custean a través das cotizacións sociais, son dereitos adquiridos polos traballadores despois de anos e anos de cotización, e, polo tanto, non forman parte dos fluxos fiscais entre o Estado e un territorio, ¿ou acaso no noso país non hai miles e miles de emigrantes retornados que perciben pensións de Suíza ou de Alemaña, por poñer un exemplo?

Para soste esta falacia calcúlase a capacidade tributaria de Galiza tomando como referencia tan só as porcentaxes cedidas do IRPF, do IVE e dos impostos especiais que forman parte do actual sistema de financiamento autonómico, ou ben para soste esta falacia se calcula a capacidade tributaria de Galiza tomando como referencia as balanzas fiscais inventadas polo señor Montoro, unhas balanzas trucadas

para presentarnos un mundo ao revés, minimizando os beneficios dos que goza Madrid polo efecto capitalidade, coa clara intención de reforzar a concepción centralista do Estado e de proxectar a falsa imaxe dunha Galiza beneficiaria receptora da solidariedade estatal.

Mais se calculamos todo o que o Estado recada en Galiza por todos os conceptos impositivos, isto é moito máis do que logo nos transfíre a través dos sistemas de financiamento autonómico. En 2007, o último ano do anterior ciclo económico, o Estado captou recursos impositivos en Galiza por 12.504 millóns de euros, mentres Galiza obtivo 8.129 millóns de euros do sistema de financiamento autonómico; incluso no actual contexto de crise os recursos xerados en Galiza superan en máis de 3.000 millóns de euros os obtidos por Galiza a través do sistema de financiamento autonómico.

Esa é a capacidade tributaria real de Galiza, esa é a capacidade tributaria real do noso país. Xeramos recursos moi superiores aos que o Estado nos transfíre a través do sistema de financiamento autonómico. É máis, aínda imputando a parte que nos corresponde para soste os servizos xestionados polo Estado, e aínda imputando os investimentos directos do Estado en Galiza a través dos orzamentos xerais do Estado que non forman parte, como é evidente, do sistema de financiamento autonómico, os datos revelan que Galiza non é deficitaria dende o punto de vista fiscal.

Miren, señorías, nesta proposición inclúese unha proposta tan importante, tan relevante para o noso país como a plena incorporación do imposto de sociedades ao noso sistema de financiamento, para que as empresas que operan en Galiza tributen á Facenda galega pola actividade económica xerada no noso país. ¿Ten sentido que no País Vasco e Navarra todas as empresas devenguen o imposto de sociedades pola parte que corresponde á actividade económica xerada neses territorios, incluídas as empresas galegas, e en cambio en Galiza incluso empresas con sede social en Galiza ou que teñan en Galiza os seus principais centros de produción non tributen aquí, senón que tributan en Madrid?, ¿ten sentido, señorías?

Miren, en 2014, o último exercicio liquidado, a recadación do imposto de sociedades no País Vasco superou os 1.159 millóns de euros, e Galiza non se pode permitir o luxo de que empresas como Inditex, Citroën ou Unión Fenosa

paguen os seus impostos en Madrid, sen repercusión ningunha na Facenda galega, porque Citroën –a nosa principal empresa exportadora– paga os seus impostos en Madrid, señores do Grupo Popular, porque Unión Fenosa –pese a que se lucra explotando recursos naturais do noso país– paga os seus impostos en Madrid, señores do Grupo Popular.

Miren, a territorialización do imposto de sociedades reportaría bastante máis de 1.000 millóns de euros ao ano á nosa Facenda, case o dobre dos recortes acumulados en ensino e cultura dende que goberna este país o señor Feijóo. Só no ano 2014 Inditex tributou 440 millóns de euros polo imposto de sociedades en Madrid, non aquí, pese a ter a súa sede social en Arteixo.

Por iso propomos a plena territorialización do imposto de sociedades, para que a actividade económica xerada polas empresas que operan en Galiza repercutan na nosa Facenda.

Deputadas e deputados, conclúo xa cunha lembranza, hai un refrán que di: “Non me deas peixe, dáme unha cana e déixame pescalos”. Iso é o que pretendemos coa nosa proposta, tronzar as relacións de dependencia, dotar o noso país das ferramentas para que os recursos fiscais xerados en Galiza poidan servir para crear riqueza e emprego no noso territorio, para que, en definitiva, como defendía Bóveda, o diñeiro procedente dos impostos que pagamos os galegos non emigre e se poña ao servizo do país; por iso solicitamos o apoio a esta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas señor Jorquera.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Ben, eu creo que foi unha brillante exposición, señor Jorquera. Quedou totalmente clara a necesidade desa soberanía económica, porque sen soberanía económica non hai soberanía dos pobos. Os pobos necesitan poder gobernarse,

e para iso necesitan poder recadar e decidir que fan co recadado.

Falamos de soberanía, algo que quizais o Partido Popular poida entender hoxe, e o Partido Socialista tamén, en función da perda de soberanía do Estado español en relación con Europa. Vemos como os estados da Unión Europea perden soberanía en función da soberanía da propia Unión Europea e como a Troika lles marca as pautas que teñen que seguir. E, polo tanto, o pobo xa non é quen máis ordena, senón que ordenan institucións que incluso non foron escollidas democraticamente polos pobos de Europa. Por iso espero que hoxe o Partido Popular e o Partido Socialista entendan que este país para avanzar, este país para crecer necesita ter esa soberanía económica para poder aspirar ao autogoberno.

Iván Gordillo, membro do Seminari Taifa, explica como a promoción da liberalización e a preeminencia do sector privado no desenvolvemento económico, xuntamente co control da inflación e a defensa do sector financeiro, definen os intereses da Unión Europea e do proxecto de moeda común.

A integración económica e monetaria favoreceu o capital dos países centrais de Europa, que necesitaban territorios onde producir a baixo custo e preto das empresas matriz, ao tempo que abrían novos mercados ao capital financeiro, para que ademais lles deran crédito a estes países do sur, onde ían hiperexplotar os seus traballadores e traballadoras.

A crise puxo en evidencia que a arquitectura institucional e económica europea, lonxe de permitir unha xestión racional para amortecer as consecuencias da crise, tanto as económicas dos estados como para o conxunto da poboación, só conseguiu aumentar os danos socioeconómicos e a desigualdade social. O pacto de crecemento e estabilidade ten imposto entre os estados membros da Unión Europea a austeridade como única política económica adoptable, afectando fundamentalmente a redución do gasto público. E o BCE impón unha política monetaria única para toda a zona euro, centrada no control da inflación a través da fixación dos tipos de interese.

Estas recesións en materia económica supoñen a progresiva privatización e desmantelamento do cada vez máis raquítico sector público, tanto do patrimonio colectivo como

dos dereitos sociais, e unha constante redución salarial e precarización laboral a través da chamada “flexiseguridade”.

Os estados xa non dispoñen de política monetaria propia, que vén determinada polo BCE, e a competencia entre países en materia fiscal acabou por ser a única ferramenta utilizada para dirixir a política industrial. O Tratado de Lisboa dota a Unión Europea de maiores competencias xurídicas para asinar acordos internacionais a nivel comunitario, agravando a perda de soberanía dos estados.

Esta lóxica neoliberal acentúase coa explicación das receitas austericidas da Troica, provocando unha parálise económica maior, que aumenta novamente o déficit e a débeda pública para financiarlo. A pobreza, a desigualdade e a fractura social son as consecuencias.

Os estados perderon a soberanía monetaria e económica, vendo limitadas as actuacións que poden executar para recuperar a súa economía; baste como exemplo Grecia. Non se trata pois dun problema técnico, económico, contable ou xurídico-legal, senón dun conflito político e democrático sobre o ordenamento da sociedade, as súas institucións e a capacidade de autogoberno dos estados. No estudo da reforma do financiamento autonómico e a súa incidencia en Galicia, o profesor Álvarez Corbacho analiza a autonomía financeira e a responsabilidade fiscal como dous aspectos básicos das facendas territoriais, que se fundamentan na capacidade de autogoberno.

En primeiro lugar, a autonomía financeira e a responsabilidade fiscal son variables económicas relevantes que afectan directamente o autogoberno de xurisdición. A autonomía financeira supón poder aumentar ou diminuír o volume do orzamento, decidir a estrutura do gasto e poder modificar o patrón distributivo das cargas tributarias. A responsabilidade fiscal exige facer explícita estas decisións e asumir politicamente as súas consecuencias. Defender a autonomía financeira é recoñecer que existen diferenzas económicas, sociais, históricas e culturais que afectan as preferencias da cidadanía e o seu axuste entre oferta e a demanda de servizos públicos.

Cando existe autonomía financeira e responsabilidade fiscal, os problemas orzamentarios resólvense entre o Goberno e a cidadanía, non reclamando máis ingresos á Facenda central. Aumentar a autonomía financeira é a res-

ponsabilidade fiscal das administracións territoriais, e é igualmente necesario para facer máis eficiente a asignación dos recursos públicos. O aumento da autonomía financeira e responsabilidade fiscal reduce as oportunidades para utilizar os orzamentos públicos como instrumentos de influencia e control político.

En 2010, o propio presidente Feijóo declaraba na prensa que o Goberno galego ía interpoñer dous recursos contencioso-administrativos contra a Administración do Estado, para reclamar o pago da débeda histórica, que a Xunta cifraba nese momento en 1.383 millóns de euros. Unha discriminación que repercute na vida de todas e todos os galegos. Así, a principal vía de financiamento dos concellos é o ingreso que mes a mes lles realiza o Estado, pero os municipios galegos resultan penalizados por un sistema de financiamento que obvia factores como a dispersión e o envellecemento poboacional, que inciden no encarecemento da prestación de servizos. Por iso agora, o señor Feijóo, en véspera das eleccións, parece que ten interese en poñer isto enriba da mesa para negociar un novo financiamento. En cifras absolutas, as entregas á conta que Facenda adiantará aos municipios galegos suman 571,25 millóns, cun recorte de 11,6 millóns sobre o anticipo que o Ministerio lles aboou hai un ano.

Segundo declaracións citadas do presidente Núñez Feijóo, as medidas fiscais adoptadas pola Administración do Estado diminuíron as capacidades do investimento de Galiza. “Non defenderíamos” –di o presidente– “os intereses xerais dos galegos se miráramos para outro lado”. Pois hoxe teñen a oportunidade de non mirar para outro lado e de reclamar esa autonomía financeira que o señor Feijóo reclama nada máis que nos medios de comunicación e exclusivamente en períodos electorais.

Sen que sirva de precedente, polo tanto, coincido co presidente en que Galiza necesita un concerto económico co Estado que posibilite o autogoberno. Espero que os nacionalistas españois, sensibles á perda da autonomía do Estado ante a Unión Europea, sexan tamén sensibles á necesidade da autonomía fiscal para Galiza. Porque, igual que ocorre co Estado, non se pode gobernar un país, non se pode decidir cales son as políticas a aplicar nun país, non se pode apostar polos sectores produtivos dun país, se non se ten esa autonomía financeira e fiscal, que lle permita decidir como se empregan os orzamentos e como se reparten e se invisten.

Polo tanto, eu espero que nesa sensibilidade que agora entendo que teñen con respecto á necesidade de autogoberno e de soberanía dos pobos voten a favor da soberanía galega e voten a favor deste concerto económico.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Nós imos apoiar a toma en consideración deste proxecto de lei, porque coincidimos totalmente cos obxectivos deste proxecto de lei, coincidimos coa exposición de motivos feita aquí polo señor Jorquera e coincidimos tamén na súa explicación acerca do que buscan esas balanzas fiscais que mostran Galiza como unha nación dependente subsidiada, aínda que eu –permítame dicirlle que incluso hoxe– creo que nin sequera se trata de saber se a balanza fiscal é positiva ou negativa, ou se temos unha economía empobrecida, porque tamén en tal caso esa situación sería en gran parte debida a estes sistemas de financiamento, a estes sistemas de dependencia.

Non se trata de que se hoxe a renda per cápita galega actualmente está por debaixo da media estatal, do que se trata é de adoptar todos os instrumentos para que este país desenvolva as súas capacidades económicas. E para iso na nosa opinión a soberanía fiscal é unha ferramenta imprescindible.

O sistema proposto polo Bloque Nacionalista Galego non elimina os mecanismos de solidariedade, senón que inverte o funcionamento do modelo, aumentando a responsabilidade de cada Administración. A aplicación dunha política fiscal autónoma pode ser ademais un motor para o desenvolvemento económico do país, e que saia da situación de subalternidade actual.

O novo enfoque das necesidades de financiamento de Galicia debe de partir dunha orde inversa á de que ata agora veu sustentando o Partido Popular na Xunta de Galicia, en

apartarse da asunción dun sistema fiscal no Estado español único, que nos fornece de recursos con base en regras de repartición comúns para todas as institucións territoriais, para pasar a deseñar –como creo que é o obxectivo do Bloque Nacionalista Galego con esta iniciativa– un modelo de facenda pública con bases fiscais propias en función da nosa realidade, que nos permita xerar e recadar ingresos públicos dende Galicia e que supere a situación de perda de peso económico constante á que nos ten levado a lóxica do modelo económico e fiscal vixente.

O marco actual é un deseño estruturado, onde ao mesmo tempo se pretende ceder a autonomía política, pero conservando un ríxido control unitario dos recursos económicos públicos; onde se inviabiliza un grao mínimo de autonomía financeira coa que aspirar a satisfacer o gasto público, considerado socialmente desexado para este país.

É preciso edificar sobre novos planos, inspirados na soberanía fiscal de Galicia, abeirada nunha autonomía tributaria plena; cómpre rachar cos mecanismos que garanten a subordinación, e a chave da cuestión cremos que é dispor ou non da potestade de acción sobre as fontes de recursos xenuínos de poder político, que son a potestade de establecer e recadar impostos e demais modalidades de tributos.

O réxime tributario é un instrumento decisivo para unha estratexia de desenvolvemento endógeno do potencial dun país coma o noso, éo así mesmo para a orientación social da política económica, é dicir, para a distribución do benestar da sociedade. O problema non estriba en obter un modelo de financiamento suficiente, senón en dispor das pancas tributarias necesarias para enxendrar desenvolvemento.

A clave é virar o rumbo dunha Galicia que vén perdendo peso dentro do Estado en todas as principais magnitudes, sexa o PIB, sexa o emprego, sexa a demografía... En todas estas magnitudes Galicia neste período do Estado das autonomía vén perdendo peso continuamente. E se non se dispón do poder fiscal indispensable, sen manexar esas figuras e resortes tributarios, parécenos inverosímil reverter esta tendencia. Para poder estimular o investimento produtivo, disuadir as operacións especulativas, graduar a presión fiscal nos diferentes eidos, redistribuír a renda e a riqueza, dotar os servizos sociais é imprescindible esta autonomía e soberanía fiscal. Esta é a cerna da cuestión, non a modalidade e a con-

tía das dotacións de fondos públicos que soberanamente decide transferir o Estado, que é o único poder político agora.

E independentemente do que digan esas balanzas fiscais, coas metodoloxías escollidas para demostrar o que se quere demostrar, de que deliberadamente vivimos subsidiados –hoxe non imos entrar nesa cuestión–, aceptemos que actualmente Galicia conta cunha economía empobrecida –por certo, trinta anos despois da implantación deste modelo autonómico e destes sistemas de financiamento–, sendo un país con potencia de seu suficiente para financiar esas políticas.

En primeiro lugar, hai que dicir que esta situación de empobrecemento sería consecuencia da economía neoliberal, que enxendra unha dinámica de desenvolvemento desigual, tanto social como sectorial e territorialmente. E en segundo, un Estado español unitario que agrava e incrementa esa dinámica conxénita do sistema económico, en vez de contrarrestala e contrapesala. E a acción combinada destas dúas cuestións fai que se dea unha dinámica de extraversión da economía da sociedade galega, por tanto, unha dinámica demográfica, económica de crecemento cara a fóra.

Aceptando o que dicía, aceptando que temos unha economía empobrecida, cousa que en realidade non aceptamos –como ben explicou o señor Jorquera–, pero incluso se isto fora así, o que cumpriría é non perpetuar tal situación. E se a dependencia fiscal xera máis dependencia fiscal e económica, unha maior autonomía fiscal e mesmo a soberanía fiscal serían instrumentos esenciais para reverter esta situación.

Esta proposta cremos que permitiría a Galicia exercer a soberanía fiscal, que implicaría a territorialización dos tributos e a capacidade normativa e de xestión dos mesmos. E isto é compatible cos mecanismos redistributivos; a redistribución non debe de confundirse coa soberanía fiscal, é insolidaria e é a política fiscal que leva facendo o Partido Popular estes anos, facendo recaer na xente máis humilde, na xente traballadora, os efectos da crise. Insolidario é que os que máis teñen –e cada vez teñen máis– paguen cada vez menos impostos, e os que teñen cada vez menos paguen cada vez máis impostos, que é o que vostedes sistematicamente estiveron facendo coas súas reformas fiscais.

Véñense de publicar uns datos hai pouco do bo funcionamento da recadación de Galicia nos primeiros meses do ano, ¿e cal é a figura que tira do incremento da recadación de Galicia este ano? O IVE, cun 11 % de incremento. É evidente, impostos indirectos que son os que máis gravan as clases traballadores, a xente humilde, e que son contrarios a un sistema progresivo e xusto; esas políticas, as que vostedes fan, si que son insolidarias.

Para nós –como ben explicou o señor Jorquera– a aproximación debe ser á inversa, debemos de deseñar para Galicia un modelo de facenda pública propia, só que incardinable nun sistema fiscal estatal, inserible no marco europeo, pero que sexa superadora do atraso económico comparativo ao que nos ten confinado a lóxica do modelo económico e fiscal vixente. Unha fórmula de poder tributario congruente cun modelo de estado composto, único e acaído para unha realidade plurinacional; a non ser que se negue a plurinacionalidade sociopolítica dese estado, polo tanto, cómpre confectionar o traxe fiscal axeitado á morfoloxía dese corpo social.

¿E cal é o balance da xestión política nunha cuestión tan importante como é o sistema de financiamento para este país do señor Feijóo? Ante un contexto dunha enorme baixada das transferencias do Estado, que custaron moitos sufrimentos á cidadanía galega, cun sistema de financiamento claramente prexudicial para Galicia, porque cada vez se acerca á tendencia de gasto por habitante que prexudica a unha nación dispersa, envellecida e con perda de poboación, ¿cal foi a reacción do señor Feijóo ante un problema transcendental para o país? Submisión e carencia de iniciativa política total, ¡submisión e carencia de iniciativa política!, a mesma submisión que o señor Rajoy ante a perda de soberanía política e económica ante a Troika: cero, hai que ser bos porque vivimos da solidariedade do Estado; e nós dicimos que non.

Ao igual que co sistema de financiamento local, onde Galicia é claramente prexudicada cando, por exemplo, un concello galego percibe de media 209 euros por habitante e un de Madrid, por exemplo, 344. Fixo isto o señor Feijóo nos anos nos que el gobernou, nos anos en que Galicia perdeu peso dentro do Estado. Se Galicia era o 6 % do emprego do Estado cando empezou a gobernar o señor Feijóo, hoxe é o 5,4; se tiña un peso do PIB, hoxe ten menos peso; se tiña un

peso demográfico, hoxe ten menos peso. E iso non está desconectado desta cuestión que propón o Partido Popular.

Polo tanto, nós daremos o apoio a esta proposición e agardamos que isto sirva, polo menos, para que os grupos se definan ante unha cuestión tan transcendente para este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Señorías.

Hoxe o BNG trae a este Parlamento unha proposición de lei que pretende que Galicia teña un sistema de financiamento análogo ao do País Vasco e a Navarra, o coñecido como réxime de financiamento foral, que no País Vasco ten a súa concreción mediante o concerto económico e en Navarra mediante o convenio económico. Esta segunda fórmula –a do convenio– é a que o BNG propón para Galicia na súa proposición de lei.

Nosoutros, o Grupo Socialista, coincidimos co BNG en que o actual modelo de financiamento das comunidades autónomas, cuxa última reforma data de finais de 2009, é hoxe insuficiente para cubrir as necesidades de Galicia no que atinxe aos servizos básicos para a cidadanía, como pode ser a sanidade, a educación ou os servizos sociais. Tamén existen sectores básicos que precisan apoio e estímulos públicos para mellorar a súa potencialidade e que co actual sistema de financiamento non se poden cubrir.

Para resumir, estamos de acordo co BNG en que Galicia necesita recibir máis recursos por parte do Estado. Por iso o Grupo Socialista leva xa tempo demandando deste Parlamento un novo sistema de financiamento autonómico. Pero o que hoxe aquí se propón por parte do BNG é un cambio de modelo, e para poder posicionarnos e analizar o que implica este cambio de modelo nós centrámonos en tres cuestións. A primeira, a legalidade ou o encaixe no noso ordenamento

xurídico desta proposición de lei. Segunda, os dereitos históricos dos que emanan estes réximes do País Vasco e de Navarra. E, terceira, a rendibilidade económica do que vai supoñer este sistema que propón o BNG.

Empezando pola primeira, o encaixe no noso ordenamento xurídico, a pregunta que nos cabe é dicir: ¿pode este Parlamento aprobar este concerto económico entre a Comunidade Autónoma de Galicia nos termos que presenta esta lei? Bueno, se acudimos á nosa Carta magna, na disposición adicional primeira, di que a Constitución ampara e respecta os dereitos históricos dos territorios forais. Tamén aclara, no punto segundo, que a actualización xeral do devandito réxime foral se levará a cabo, no seu caso, no marco da Constitución e dos estatutos de autonomía. Por tanto, para poder facer algo como o que propón o BNG só se podería facer con respecto a uns dereitos históricos e sempre no marco da Constitución e do noso Estatuto de autonomía.

Se entendemos o teor literal da Constitución, parece que tan só os territorios forais poderían gozar deste réxime especial. E se acudimos ao Estatuto de autonomía de Galicia, no seu título onde se fai referencia á economía e á facenda, no seu artigo 44, di que a Facenda da nosa Comunidade Autónoma se constituíu con: primeiro, dereitos de rendementos dos impostos que establece a propia Comunidade; segundo, rendementos dos impostos cedidos polo Estado, é dicir, fai referencia a uns impostos estatais que son cedidos; terceiro, unha porcentaxe de participación no que se recade no total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais –tamén aquí fai referencia o noso Estatuto a uns impostos estatais–; despois, rendimento das súas propias taxas; cinco, as contribucións especiais que establece a Comunidade Autónoma no réxime das súas competencias; seis, as recargas outra vez sobre impostos estatais; sete, se é o caso, os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial, outras asignacións con cargo aos orzamentos do Estado e, a partir de aí, outros ingresos como a emisión de débeda, etc. Por todo isto, parece difícil o encaixe desta lei no noso ordenamento xurídico.

Con respecto á segunda cuestión, os dereitos históricos desde o punto de vista destes dereitos do País Vasco e Navarra, hai que sinalar que unicamente os territorios vascos e o Reino de Navarra –fíeis a Felipe V– continuaron mantendo as súas particularidades forais: réxime fiscal e monetario

propio, aduanas, exención do servizo militar, etc.; que volveron suscitar conflitos na Idade Contemporánea como consecuencia das guerras carlistas. Tras a terceira Guerra Carlista, mediante a Lei de Madrid do 21 de xuño de 1876, asinada polo rei Alfonso XII, os foros quedaron derogados unilateralmente, excepto no referente a especialidades fiscais e tributarias. Estas peculiaridades mantivéronse con distintas alternativas ata a súa reforma como autonomía segundo a Constitución de 1978.

Coa transición a Constitución española recoñecía a vixencia dos dereitos históricos e redactáronse os vixentes estatutos de autonomía: o vasco, en 1979, e o melloramento do réxime foral de Navarra, en 1982. Pola contra, en Galicia non parece que nos encontremos no mesmo caso, salvo o relativo ao noso dereito civil galego, que pouco ten que ver co fiscal e tributario.

No punto terceiro –e para min, desde logo, o máis importante, ao que máis lle deberíamos dedicar– é se é rendible en termos económicos para Galicia este cambio de modelo que se propón por parte do BNG. Creo que a ningún de nós se nos escapa –intuímoslo– que a situación económica que ten Galicia non é a mesma que a que ten o País Vasco ou Navarra. Vou refrescar algúns datos que todos coñecemos nesta Cámara: o PIB de Galicia o ano pasado foi de 55.701 millóns de euros; o de Navarra, 18.246 millóns de euros; e o do País Vasco, 65.934 millóns de euros. Estas cifras así non din practicamente nada e hai que intentar homoxeneizalas, e unha forma de homoxeneizalas –con todos os problemas que poida ter e dos que eu son consciente– pode ser o PIB por habitante.

Se transformamos estas cifras en PIB por habitante temos que en Galicia sería de 20.495 euros habitante/ano; Navarra, 28.494 euros habitante/ano; e o País Vasco, 30.115 euros habitante/ano. Pódese observar que a igual imposición a capacidade recadatoria é en Navarra un 39 % superior que en Galicia e no País Vasco un 47 % superior que en Galicia; ou dito doutra maneira, coa mesma presión fiscal en Navarra recadaría un 39 % máis e no País Vasco un 47 % máis. Isto deberíanos facer pensar que o sistema do cupo vasco ou o concerto navarro pode non ser beneficioso economicamente para Galicia e podería traernos menor recadación. Ou dito doutro xeito, se se aplica o concerto económico en Galicia poderíamos ter que quedarnos co cen por cento recadado

en Galicia e ademais este cen por cento non chegarnos para pagar todos os gastos da nosa Comunidade Autónoma; e segundo algún estudo pódese estimar isto entre 1.000 e 1.500 millóns de euros.

Pero é que ademais teríamos que facer fronte a uns gastos comúns –como pode ser Defensa, Asuntos Exteriores ou Coroa– que teñen que aboar tanto o País Vasco como Navarra; no caso do País Vasco estaríamos a falar do 6,24 do recadado e no caso de Navarra do 1,8. No seu día esta porcentaxe fixouse en función do peso da economía vasca no PIB español e do peso da economía navarra no PIB español. E aplícase atendendo ao desembolso realizado polo Goberno central en cada partida da súa exclusiva competencia, pero, como se requiren cálculos anuais, teñen que facerse liquidacións provisionais ata o final do período.

Se utilizamos outro criterio do que se falou aquí, a min tampouco me gusta moito e tan só o vou citar –son datos que están aí, non vou facer ningunha valoración–, estou falando das balanzas fiscais, temos que en termos absolutos –e recargo a palabra termos absolutos– Andalucía sería a Comunidade máis beneficiada desta balanza fiscal e cun superávit de 8.531 millóns de euros, o 6,02 % do seu PIB; pero a segunda sería Galicia, con 3.946 millóns, o 7,21 % do seu PIB. Repito, non vou facer valoración, pero son datos que temos que ter en conta.

¿Que diferenza nos supoñería a nosoutros, á nosa Comunidade, o novo sistema que propón o BNG? Principalmente suporía tres diferenzas importantes con respecto ao que agora temos: a primeira, a Xunta sería a encargada de recadar de forma directa todos os impostos en Galicia; a segunda, a inspección fiscal non sería pola Axencia Tributaria senón pola Atriga; e a terceira, Galicia tería competencias para aprobar a normativa fiscal en case todos os impostos, como pode ser o IRPF ou sociedades. En IVE e en impostos especiais –como alcohois e hidrocarburos– non poden apartarse do Estado, algo que por certo tamén parece que esta iniciativa pretende. Isto obrigáranos, en caso de seguir adiante con esta iniciativa, a asumir tamén unha serie de competencias que levaría a ter que asumir, por exemplo, todo o que está facendo a Axencia Tributaria, implicaría recursos materiais e humanos que teríamos que asumir. En caso de non asumir estes recursos humanos, por exemplo, a formación deste persoal tamén levaría un custo e unha adaptación.

Por todo isto nós, o Grupo Socialista, que estamos –repi-to– analizando con seriedade –que creo que é como se debe facer isto–, temos que ter en conta que isto é unha aventura que pode ser boa para Galicia, pero tamén pode ser prexudicial. Polo tanto, cremos que se ten que facer unha análise seria e rigorosa, porque se non poderíamos facer –como se soe dicir– un pan como unhas tortas.

Polo tanto, nosoutros, como estamos a falar dunha toma en consideración dunha proposición de lei, imos votar a favor desta proposta de lei, pero tamén aclarando que se terán que solventar todas estas dúbidas ás que fixemos referencia na nosa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor González Santín.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Vese que no Grupo Socialista están de aventura, porque, á parte doutras cousas, estou francamente sorprendido, probablemente, para escenificar un acordo que é evidente de escoitar as dúas intervencións, as dúas opinións que hai sobre o sistema de cupo do Grupo Socialista, que sabe que claramente é prexudicial para Galicia, e a do grupo propoñente. E tamén a de AGE, que sabemos que apoia o cupo cando, como agora intentarei argumentar, sería o peor que poderíamos facer. Pero benvidos á aventura do Grupo Socialista, que xa vemos que... (*Aplausos.*) está no permanente aventurismo. En fin, imos alá.

O sistema do concerto económico que propón o Bloque consiste basicamente en que unha comunidade se financia cos impostos que recada e págalle á Administración central unha contía –que se chama “cupo”– como contraprestación polo que a Administración central gasta nesa comunidade. Este pago –que é o interesante– non depende do que recade esa comunidade autónoma, polo tanto, do nivel da renda das persoas que habitan en cada comunidade autónoma, porque canto máis rica sexa esa comunidade autónoma, como se paga un cupo fixo, a diferenza queda na comunidade autónoma, que, como sabemos polas experiencias do cupo vasco e navarro, practicamente non contribúe á solidariedade nin interpersoal nin interterritorial do conxunto

do Estado. Polo tanto, máis renda da Autonomía, máis capacidade financeira.

¿E que temos na actualidade coa exclusión constitucional do País Vasco e de Navarra? Temos un sistema no que se define o gasto, e, polo tanto, o que recibe cada comunidade autónoma, tamén con marxes de autonomía normativa nalgúns tributos, basicamente definindo cales son as necesidades, e, en función das necesidades para garantir en todo o Estado uns servizos básicos sanitarios e educativos iguais, en función desas necesidades do custo de prestacións deses servizos, faise unha transferencia, que, polo tanto, é por habitante, axustado en función da poboación que un ten e das necesidades desa poboación, das necesidades específicas desa poboación, e tampouco é un criterio de repartición per cápita, como algúns queren ir cara a iso.

É un sistema excepcional e singular. O ponente socialista explicou moi ben que é unha reminiscencia da época medieval. É a primeira vez que unha constitución –esa é a grandeza da nosa Constitución– reconece algo que en todos os países avanzados quedou atrás; é unha excepción no conxunto do federalismo fiscal comparado. E se un le, por exemplo, como xustificaba o señor Arzalluz na Constitución o respecto a este pacto, previo á propia Revolución Francesa, a un dálle sonrojo. Dálle sonrojo que alguén entenda que isto é un sistema moderno de financiamento de servizos públicos baseado na equidade. Porque realmente produce sonrojo recordar como dicía nas Cortes Constituíntes que “*la lucha contra los privilegios*” –entendida en Francia– “*estamentos de la nobleza en busca de una ley que abarque a todos los ciudadanos y esté hecha por la voluntad de todos los ciudadanos choca al introducirse en España con el modelo existente de estructura política previo a la Revolución Francesa*”. A verdade é que isto é do que estamos a falar.

O sistema actual, ademais, garante a equidade interpersoal, que é a fundamental. As persoas son o fundamental, a equidade interpersoal. Datos do Instituto Nacional de Estadística para o ano 2013: Galicia tiña unha renda primaria bruta, é dicir, antes de pagar impostos e antes de recibir subvencións ou todo tipo de prestacións, por parte das administracións públicas, do 85 % da media do Estado; renda dispoñible bruta dos fogares per cápita –é dicir, despois de que o Estado cobre impostos e despois de que dea todo tipo de transferencias e subvencións ás persoas–, de cada galego, do

91,65 %; é dicir, un 6 % máis de capacidade de gasto. Isto é que está funcionando o Estado de benestar, un estado de benestar que se basea, entre outras cousas, nun sistema fiscal progresivo, de carácter estatal, que redistribúe a renda sacándolle menos a quen menos ten e dándolle máis a quen menos ten e máis o precisa. Este é o noso sistema tributario. Por non mencionar a Seguridade Social. Precisamente xa sei que, como ben dixo o señor Jorquera, normalmente a Seguridade Social se paga coas cotizacións. Pero, ¿cal é o debate que hai hoxe en España?, ¿o debate que hai para garantir o futuro das pensións? Pois tirar de fontes tributarias.

En Galicia hai unha relación entre contribuínte e cotizante á Seguridade Social e traballador do 1,25, lonxe da estabilidade do sistema, que estaría no 2,5; en España está no 2,2. Eu creo que ter en conta que o sistema da Seguridade Social, polo tanto, os 800.000 pensionistas galegos, nalgún momento poden ter unha dependencia do sistema fiscal conxunto de España paréceme que non é unha cuestión menor.

Da comparación, evidentemente, que fixo o señor Jorquera, eu lamento dicir que son as contas da vella, son aínda máis da vella que o que fan os cataláns, que teñen un alto nivel, un pouco máis de nivel e de sofisticación. Compara o que recada o Estado en Galicia co que o Estado transfere para pagar os servizos que exerce Galicia e esquecese de todos os servizos que presta o Estado aos galegos. Non hai defensa, non hai servizo diplomático, non hai participación nos órganos da Unión Europea, non hai o seguro que comporta a Seguridade Social, non hai obras públicas. O Estado non fai nada en Galicia, entón, claro, comparar o financiamento duns servizos concretos e excluír todos os servizos que presta o Estado, evidentemente, leva a esta conta de dicir que o Estado recada máis en Galicia do que gasta en Galicia. Pois non é así, porque vostedes non fan as contas, evidentemente, de xeito axeitado.

E, como dicía hai un momento, o sistema de financiamento de réxime común está funcionando de momento ben para Galicia. Traballo de Núria Bosh, que forma parte da Plataforma por la Independencia de Cataluña: Galicia, sistema de financiamento en 2001, estaba sobre a media 100, con 113 de financiamento; no 2009, despois da reforma que se fixo, que introduciu xa algunhas limitacións, a solidariedade baixou ao 110, pero seguimos estando por riba da media

española. É o lóxico. ¿Por que? Porque Galicia é unha comunidade, como dixeran antes –pola renda bruta, antes de impostos e antes de transferencias–, que en termos de riqueza relativa –Galicia é rica, pero en termos de riqueza relativa– está por baixo da media do conxunto do Estado.

Os datos que se poden facer, os datos que se poden dar, da extrapolación do cupo, xa están feitos. Falou do 7 % en termos de PIB o profesor Zubiri, que foi quen máis traballou estas cuestións. Falaba de perdas de ingresos para a Comunidade Autónoma de en torno ao 3,8 do PIB. E comprenderá vostede que, se Galicia renuncia con este cupo a un 3,8 de ingresos do PIB, pois está facendo un negocio moi malo.

Di vostede que non se xeneraliza. Bueno, pois, entón, particularízase. De entrada, vostedes están apoiando que Cataluña vaia a un pacto fiscal semellante ao do cupo. E hai uns cálculos –aí vén o aventureirismo do PSOE– que fixo o profesor Fernández Leiceaga co profesor Santiago Lago Peñas que din que o pacto fiscal que nos propón Cataluña lle quitaría a Galicia en torno a 570 ou 780 millóns de euros ao ano. Está publicado no Foro Económico de Galicia. Onde tamén publicaron os mesmos autores o impacto da independencia de Cataluña –que apoia o Bloque–, que concretamente sería entre 800 e 1.100 millóns de ingresos para as finanzas públicas autonómicas ao ano. Ben, como comprenderán vostedes, nós non compartimos a valoración que fan do sistema actual.

Din vostedes na exposición de motivos que Galicia participa nas porcentaxes da recadación dalgúns tributos. Cando acabamos de debater aquí a tarifa do IRPF autonómico, que é o 50 % da tarifa do circuíto autonómico, ¿que Estado federal ten esta capacidade autonómica? Alemaña, desde logo, non, nin Austria, nin Australia. Aseméllase máis ben aos países que teñen moita autonomía financeira, a estados como poden ser Estados Unidos, ou como pode ser Canadá, estando lonxe deles, e sendo ese un camiño interesante. Cada administración ten tributos para pagar as competencias que exerza cada nivel territorial, sendo a competencia de redistribución propia do nivel central, ao que agora volvei.

En segundo lugar, vostedes teñen unha contradición na súa proposta. Piden soberanía plena, pero os principios, no cupo que nos mandan, os principios xerais, son, primeiro, o de coordinación, harmonización fiscal e colaboración co

Estado, de acordo coas normas deste concerto. A autonomía fiscal consiste en poder variar os tipos, en poder variar a presión fiscal; polo tanto, é contraditorio co principio de harmonización fiscal. Eu defendo máis os principios de competencia fiscal para poder atraer capital, para poder atraer poboación. Pero tendo un cupo onde o único que fas é harmonizar e que, ademais, non che dan as contas porque perdes cartos, pois tampouco se avanza moito no que é a decisión política financeira.

Finalmente, está demostrado que se está traballando no mundo para centralizar a persecución da fraude fiscal. Suíza está centralizando a inspección fiscal. En España estase intentando, cos países da OCDE, coordinar a persecución da fraude fiscal. As administracións tributarias funcionan máis eficientemente que as economías de escala nun mundo no que a xente se move —e os capitais aínda se moven máis— se hai unha centralización do que é a inspección fiscal, e vostedes xusto o que nos traen é o contrario, unha volta para atrás, e que a comunidade autónoma xestione todos os tributos. E isto, de repente, tamén o apoia o Partido Socialista, porque están de aventura; pero apóiaio o Partido Socialista, hai que tomar nota. *(Aplausos.)*

En resumo, é un anacronismo rentable —por motivos que agora non vou enumerar— para o País Vasco e para Navarra. O fundamental é que non contribúen á solidariedade interpersoal do Estado de benestar de España. Ese é o motivo fundamental —cuestións técnicas á marxe—, como o cómputo do IVE ou como o cómputo do déficit, e outras cuestións que tamén inflúen en que o saldo sexa moi favorable. Pero o que lle convén a Galicia non é certamente iso. O BNG trae unha proposta que non é rentable para Galicia, senón que é tremendamente prexudicial, especialmente —e iso sorpréndenos—... O Bloque sabe que nós, se é a favor de Galicia, aínda que teña un pouco de contradición cos principios teóricos, podemos apoiala, pero non é o caso; non é o caso. Esquece o Bloque que o principio de redistribución vai asociado ao tamaño dun mercado, isto é o que a min me resulta sorprendente. A señora do Grupo Mixto explicou perfectamente como Europa xera moitos beneficios...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...que non se reparten entre os países que forman parte da Unión Europea.

¿Que nos trae aquí? Condicionado por unha ideoloxía nacionalista, tráenos un debate fiscal contrario ao que se está debatendo en todo o mundo. ¿Que estamos debatendo no mundo? Máis equidade, que haxa máis orzamento europeo e que haxa tributos europeos que redistribúan. ¿Como podemos loitar contra a fraude fiscal? Con máis colaboración internacional, con unidades superestatais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...ou por encima dos estados. ¿Como conseguimos estabilizar a economía mundial? Cunha taxa Tobin, controlando con impostos os movementos de capitais.

¿E vostedes que nos traen?...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Soberanía financeira.

Eu non sei o que pensaría Bóveda desta proposta...

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...porque non o sabe ninguén. Eu o que lle quero é render unha homenaxe a Alexandre Bóveda, que foi un gran patriota e que tivo unha morte profundamente inxusta e condenable. Non sei o que el pensaría neste momento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...pero teño que pensar que Bóveda, neste caso, estaría con nós...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...polo interese de Galicia.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer moi encarecidamente o apoio manifestado polo Grupo Mixto e o Grupo Parlamentar de AGE. Os argumentos que expuxeron son total e absolutamente coincidentes cos do BNG. Quero agradecer as palabras tan amables da señora Consuelo Martínez, e agradezo tamén a posición do Grupo Socialista en canto a apoiar a toma en consideración, por moito que moitos argumentos foron en contra.

Ao señor Santín simplemente quero dicirlle dous apuntes. Apelou a argumentos xurídicos para manifestar reservas a respecto deste texto. Mire, como nada máis que teño cinco minutos, simplemente apunto un dato: esta proposición de lei non recibiu ningún ditame negativo dos Servizos Xurídicos desta Cámara advertindo da súa posible ilegalidade.

En segundo lugar, falou dos dereitos históricos de Euskadi e Navarra. Mire, señor Santín, con todos os respectos e con todo o afecto, de verdade, para que os dereitos cheguen a ser históricos, para que algún día cheguen a ser históricos, primeiro hai que telos, primeiro hai que conquistalos. *(Aplausos.)*

Ao señor Pedro Puy, mire, rebata os argumentos do BNG, non os do señor Arzalluz. Claro, o BNG presenta esta iniciativa condicionado pola súa ideoloxía nacionalista; a súa posición non está condicionada pola súa ideoloxía centralista e neoliberal. Pero mire, con todo o respecto —que ademais tamén sabe que llo teño—, que utilice como argumento a taxa Tobin para rebater esta iniciativa recórdame unha frase que repetía sempre meu defunto pai: *“Los tiene como el padre Francisco”*, con todos os respectos.

Miren, vostedes rebaten os nosos datos sobre os fluxos fiscais entre Galiza e o Estado español, ben, pero o certo é que solicitamos con insistencia da Xunta de Galiza que aportase os seus datos e non o fixo. Incluso propuxemos a creación dunha comisión de estudo neste Parlamento, e vostedes votaron en contra. Pero, miren, aínda no suposto caso de que a balanza fiscal entre Galiza e o Estado fose negativa, que non o é, insistimos, un concerto económico é perfectamente compatible con mecanismos que corrixan as desigualdades interterritoriais... E poño un exemplo: ¿acaso o Estado espa-

ñol non foi perceptor neto de fondos da Unión Europea durante décadas, pese a ter a súa propia administración tributaria, pese a encargarse por si propio de xestionar e recadar os impostos? ¿Ou non foi así, señor Pedro Puy?

¿E que gañaríamos a cambio? Pois o que gañaríamos sería ter a cana; algo tan sinxelo como ter a cana para pescar peixe, ter as ferramentas para deseñar as nosas propias políticas fiscais ao servizo dos intereses do noso país. ¿Ou vostede conténtase con vivir sempre nun país empobrecido, señor Puy? Se non nos contentamos con vivir sempre nun país empobrecido, haberá que ter as ferramentas que nos permitan mobilizar os inmensos recursos, as inmensas potencialidades deste país para saír desa situación; ¿ou acaso este país ten menos recursos, menos potencialidade, que o País Vasco, señor Pedro Puy? *(Aplausos.)*

Pero ademais, mire, os datos demostran que as comunidades que teñen plena autonomía fiscal son as que teñen mellores indicadores económicos e mellores indicadores de benestar e cohesión social. Fronte a iso, señor Puy, señores do Partido Popular, podemos facer dúas cousas: dicir que nós tamén queremos responsabilizarnos por nós mesmos —a actitude dun goberno galego merecente dese nome, dun goberno que realmente crea nas potencialidades deste país— ou laíarnos de que a Euskadi ou Navarra lles vai tan ben; a actitude submisiva e pasiva á que este Goberno nos ten acostumados.

Pero mire, estamos a finais de lexislatura nunha cuestión chave para este país, porque ninguén discutiu nesta Cámara nunca que o sistema de financiamento autonómico é unha cuestión esencial para o noso país. Estamos xa na recta final da lexislatura, por tanto é hora xa de ir facendo balance. ¿E cal é o balance nunha cuestión chave para Galiza, señor Pedro Puy? Que o Grupo Parlamentario do BNG propuxo crear unha comisión de estudo; vostedes dixeron que non. Que emprazamos o Goberno a que presentase as súas propostas ao Parlamento e a que establecese un diálogo cos grupos para intentar concretar unha posición de país; vostedes dixeron que non.

O BNG concreta a súa proposta: o concerto económico. Vostedes volven dicir que non. E en palabras do propio presidente da Xunta, que se acaba de incorporar a este pleno, o actual modelo é incorrecto, inxusto, non financia o custo real

dos servizos, pero a realidade é que nunha cuestión chave para este país o Goberno galego segue dicindo que non e dando a calada por resposta. Esa é a realidade, señor Pedro Puy. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Pasamos á votación das tomas en consideración.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; votos en contra, 5; abstencións, 9.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta toma en consideración e, polo tanto, segue o seu trámite parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a seguinte toma en consideración.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, pola que se aproba o concerto económico de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Pido a súa atención para... Vou ler unha declaración institucional que me fan chegar todos os grupos con motivo do Día mundial contra o traballo infantil, que se celebra o día 12 de xuño, chegou a esta Presidencia promo-

vida por Plan internacional España, unha declaración institucional firmada por todos os grupos políticos que paso a ler:

“Os deputados e deputadas que neste Parlamento representamos a cidadanía galega facemos un chamamento á comunidade internacional para defender que todos os nenos e nenas teñan acceso á educación universal gratuíta como un dereito básico e obrigatorio, e a loitar polo desenvolvemento de políticas que impidan a explotación infantil a través do traballo.

Todos os nenos e nenas teñen os mesmos dereitos, establecidos en tratados internacionais como a Convención sobre os dereitos do neno, que recolle os dereitos da infancia e inclúe dereitos como o dereito á educación. As institucións públicas e, en concreto, este Parlamento responsabilízanse e garanten que todas as nenas e nenos poidan acceder aos seus dereitos e instan a que tamén sexa así a nivel global.

O traballo infantil é consecuencia de situacións de pobreza nas que os nenos e nenas están obrigados a abandonar os estudos para manter economicamente as súas familias, perdendo o dereito á nenez e a súa posibilidade a un futuro digno.

Este Parlamento é consciente de que a situación das nenas é especialmente difícil, xa que sofren una dobre vulneración pola súa idade e polo seu xénero. Así, as nenas son as máis pobres entre os pobres: nos países en vías de desenvolvemento as nenas son as máis vulnerables, un feito que se acentúa cando no seu contorno hai escaseza de recursos.

Este factor, xunto con outros condicionantes, fai que as nenas non poidan ir ao colexio e que sufran prácticas como o matrimonio infantil, o traballo infantil doméstico, o embarazo temperán, a violencia, a discriminación e a mutilación xenital feminina.

O Parlamento de Galicia reitera o seu compromiso cos dereitos da infancia e a súa loita contra o traballo infantil e, en concreto, o traballo doméstico que realizan millóns de nenos e nenas no mundo”.

Moitas grazas. *(Apróbase por asentimento.)*

Continuamos co punto 2º da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por petición propia, para informar da aposta pola mellora do ensino non universitario de Galicia a través do Fondo de Superávit de Responsabilidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bos días, presidente.

Señorías, nestes tempos ben merece a pena intentar facer unha reflexión, unha reflexión conxunta sobre o sistema educativo galego. A Cámara galega é o espazo axeitado para tratar de analizar onde estamos, onde vimos e, sobre todo, cara onde camiñamos. Dou por feito que temos as formacións políticas aquí representadas diferenzas sobre a situación e sobre as fórmulas de actuar. Isto, a discrepancia, é positivo e ten quedado en evidencia en moitas ocasións nesta Cámara, xa que teñen sido moitos e moi variados os debates que tivemos en materia educativa.

Pero creo, cremos, que a cidadanía nos exige, e nos exige aos políticos, que tratemos todos, e en conxunto, de mellorar o ensino en Galicia. O noso futuro como país, o noso benestar, a nosa convivencia e o noso progreso están moi vencellados, están moi relacionados, co noso ensino. E esta comparecencia quere ser un intento de explicar o esforzo, o esforzo feito neste caso pola Xunta de Galicia e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para, adaptándonos aos tempos nos que nos tocou vivir, contribuír a mellorar a equidade e a calidade no noso sistema educativo.

Pero esta comparecencia quere ser tamén a demostración de que as políticas educativas e a xestión cando son realistas e coherentes permiten recoller resultados positivos, e permiten tamén seguir avanzando en novas facetas que contribúen a mellorar o ensino galego.

Non é a primeira vez que defendo nesta Cámara que nos últimos anos o ensino galego viviu e vive unha auténtica revolución silenciosa. Unha revolución silenciosa que está permitindo e que permitiu garantir a súa viabilidade sen

renunciar á equidade, sen renunciar á innovación, á modernidade nin á procura da excelencia.

Temos un bo sistema educativo, repito, temos un bo sistema educativo do que debemos sentirnos orgullosos. E dígoo con orgullo. Temos un bo sistema educativo no que todos puxemos o noso gran de area: profesores, familias, organizacións sindicais, administración..., todos puxemos o noso gran de area.

E parece lóxico que a consellería apele á responsabilidade na defensa do ensino, pero esta operación pasa, precisamente, por exercer a responsabilidade, por explicar o traballo desenvolto pola Administración educativa para mellorar o sistema.

¿Como temos chegado ata aquí? Ben, dende o ano 2009 as políticas da Xunta de Galicia tiveron unha dobre compoñente. En primeiro lugar, xeramos, partindo do marco organizativo e competencial propio, un novo modelo organizativo adaptado a Galicia, partindo dunha premisa básica: fomentar o acceso, o mellor acceso á educación con equidade, con igualdade de oportunidades e buscando sempre a calidade e a excelencia. Apostamos por un modelo con máis idiomas, un modelo plurilingüe, con máis tecnoloxía nas aulas, con máis autonomía nos centros, con máis modelos de formación profesional, Formación Profesional Básica, Dual, a Distancia, cunha mellor –aspecto fundamental– convivencia nas aulas, unha escola cada vez máis inclusiva para que ninguén se quede atrás; máis innovación pedagóxica e didáctica, o Plan Proxecta, e todo o tema de desenvolvemento curricular en materia de competencias, en proxectos.

En definitiva, fomos capaces de pór a dispor de moitos o que antes estaba só a mans duns poucos. E, en segundo lugar, plantexamos, e como punto tamén importante na xestión, facer unha xestión responsable e eficiente dos recursos públicos. Esta consellería ten sido e é un exemplo, un bo exemplo, daquela cuestión básica de facer máis con menos. Tivemos que planificar, tivemos que priorizar á hora de adoptar decisións e tivemos que modernizar o ensino galego sen renunciar en ningún caso, en ningún momento, á súa sustentabilidade. Tivemos que afondar, que profundar na equidade, tivemos que profundar tamén na xustiza social.

¿E que temos acadado? Hai unha cuestión inicial e básica a este respecto que quixera dicir. Entre todos deberíamos axudar a prestixiar o ensino galego e a evitar a influencia negativa de intereses alleos ao benestar e ao progreso do alumnado e das súas familias. Temos datos para estar orgullosos como país, para ter un orgullo colectivo.

Galicia é a comunidade autónoma que ten a mellor ratio alumno-profesor do conxunto de España. Fomos capaces tamén en Galicia de mellorar os resultados das competencias analizadas en PISA. Dende o ano 2008 fomos capaces de mellorar notablemente nas tres competencias avaliadas, de estar por riba da media española nas tres competencias: lingua, matemáticas e ciencias; de estar por riba da media da OCDE en dúas destas competencias: en ciencias e en lingua.

Tense reducido notablemente o fracaso escolar dende o ano 2009. Un dato no que sempre insistirei. Pasamos no ano 2009 de estar por riba do 25 %, practicamente un 26 %, a estar hoxe un pouco por riba do 16 %. É dicir, fomos capaces de reducir practicamente dez puntos o fracaso escolar, e non hai medida máis antiequitativa nin máis antisocial que enviar o 25 % dos alumnos galegos –a 1 de cada 4 xóvenes galegos– á rúa sen ningún tipo de titulación. E iso foi algo fundamental no noso modelo educativo que fomos capaces de conseguir.

E en algo terán influído nesta redución do fracaso escolar as políticas implementadas e desenvoltas por esta consellería, algunhas delas moi cuestionadas nalgún momento polos grupos da oposición. Os contratos programas, sen ir máis lonxe, ou o impulso á Formación Profesional ou á Formación Profesional Básica, que tamén se ten cuestionado, ou o fomento da atención á diversidade.

En cuarto lugar, temos unha comunidade educativa que está satisfeita coa convivencia escolar. Galicia conta cun bo sistema educativo en parte a que existe un axeitado clima de convivencia escolar nas aulas. E este non é un dato arbitrario, senón que se fundamenta na percepción que deriva dos resultados da macroenquisa que se realizou no seu momento, na cal participaron practicamente 200.000 persoas entre docentes, familias, alumnado, persoal non docente, etc. ¿E que nos di esta enquisa? Dinos que nos centros escolares de Galicia hai unha boa, unha moi boa convivencia escolar, e que a maioría das familias están satisfeitas e se declaran abertamente satisfeitas co centro educativo ao cal acoden os seus fillos.

Tamén acabamos de ver moi recentemente nunha enquisa realizada polo IGE como a inmensa maioría dos galegos dan unha boa nota, valoran moi positivamente o seu servizo educativo.

En sexto lugar, apostamos tamén por fomentar, por potenciar un ensino máis inclusivo, máis xusto socialmente, moi vencellado e moi incluído nunha estratexia, na Estratexia galega de convivencia escolar. Fomos capaces de implementar recursos en torno a 3.000 profesionais PT, AL, coidadores. Por suposto que é necesario seguir avanzando, por suposto, pero temos na rede pública un importantísimo número de profesionais dedicados, neste caso, ao ensino inclusivo, e tamén poñendo en marcha ferramentas para que os profesionais e a comunidade educativa saiban como enfrontarse a problemáticas cotiás dos centros, protocolos, control do acoso, contra o absentismo escolar, contra o autismo, contra o TDH, para favorecer a atención domiciliaria etc., etc.

Pero bueno, despois de todo o dito, despois deste moi breve balance, de pouco ou de nada nos serve o esforzo realizado se os políticos preferimos as disputas político-partidistas, moitas veces moi egoístas, a traballar polo ensino partindo do respecto á lexislación vixente.

E, señorías, debemos facer unha reflexión, e debemos fundamentalmente apostar por traballar cada un, por suposto, dende as súas lexítimas posicións para que os intereses alleos ao ensino non distorsionen o bo clima de convivencia que existe no ensino galego e non sexan unha rémora para obter resultados no sistema educativo galego.

E debemos reflexionar, debemos apostar, sen dúbida, por recuperar o mínimo consenso e as bases fundamentais dunha democracia. Pode haber e debe haber discrepancias políticas, pero un dos principios democráticos básicos é cumprir a lexislación vixente. Obviamente os parlamentos, as formacións políticas, calquera cidadán pode traballar para poder modificalas, pero débese sempre cumprir a lei vixente. E debemos abandonar a politización do ensino e traballar fundamentalmente para prestixialo.

¿Que camiño imos seguir? Señorías, quero salientar o feito de que despois de afrontar, de potenciar e de impulsar un novo modelo educativo a nivel cualitativo, chegou o momento para a sociedade galega de devolverlle en certa

medida o esforzo que fixo a comunidade educativa galega, e devolvello con base en investimentos, con base en melloras nos centros educativos de toda a xeografía galega. Constar cun modelo educativo para mellorar a aprendizaxe dos nosos rapaces e rapazas tense que complementar con outras liñas de traballo.

Agora que dispoñemos dunha mellor situación económica é o momento de actuar nas instalacións educativas; renovar e mellorar os centros, sen dúbida, redundará no benestar do alumnado e redundará, tamén, nun mellor proceso educativo, e por isto a consellería está a activar nestes meses un novo e potente esforzo pola mellora da educación en Galicia.

O ensino galego conta con algo máis de 20,8 millóns de euros do denominado Fondo de Superávit de Responsabilidade, máis de 20,8 millóns de euros que se van executar no que queda do ano 2016, en distintas actuacións de melloras en centros educativos no conxunto do territorio galego. E, ¿que é isto?, ¿que supón que teñamos máis de 20,8 millóns de euros para poder investir de xeito inmediato na mellora dos centros educativos galegos?

Pois ben, isto, no fondo, é algo sinxelo, é a demostración que cando se traballa e se cumpre, como fixo o Goberno galego, cando se actúa con responsabilidade e polo ben dos cidadáns, sempre chega o momento para recoller os froitos. E Galicia foi, é e agardemos que siga sendo unha comunidade responsable, capaz de cubrir o obxectivo de estabilidade orzamentaria, porque Galicia ten un goberno responsable e os galegos, señorías, somos responsables.

E por isto Galicia resultou beneficiada do incremento do teito de déficit recentemente aprobado polo Goberno central, e por isto contamos cun superávit que logramos con responsabilidade e que imos reinvestir tamén con moita responsabilidade. Por isto imos complementar o modelo de aprendizaxe con melloras nos centros educativos, melloras que van redundar no benestar das comunidades educativas de Galicia, fundamentalmente, e, principalmente, do alumnado.

Estamos a falar de que a consellería dispón de 20,8 millóns de recursos novos que posibilitan 402 novas actuacións en obras en infraestruturas educativas nun conxunto de 166 concellos, é dicir, fondo do superávit que se podería

resumir en 20,8 millóns de euros, 402 actuacións en centros educativos e actuacións en máis de 166 concellos.

Trátase dunha nova programación de obras, de obras de mellora dos centros educativos, que estimamos que nun 90 % dos casos van estar concluídas antes do inicio do próximo curso.

Este Fondo de Superávit de Responsabilidade súmase ao importante esforzo en obras en centros postos en marcha ao longo do ano 2016, en concreto súmase aos máis de 15,4 millóns de euros destinados a 32 actuacións en centros educativos dentro do Plan de mellora das infraestruturas educativas 2015-2020, que posibilita a posta en marcha de novos centros e que posibilita tamén ampliar aulas naqueles lugares onde existe demanda e necesidade de facer. E tamén se suma aos máis de 3,4 millóns correspondentes a practicamente 250 actuacións en obras de RAM, que como saben son obras de reparación, ampliación e mellora executadas nas xefaturas territoriais da consellería antes, tamén, do inicio do próximo curso.

Señorías, estamos a falar de que neste ano 2016, e a través destas tres fontes de recursos, a Consellería de Cultura e Educación afronta un investimento total en centros educativos de algo máis de 39,7 millóns, 39,7 millóns que se van materializar en 683 actuacións e obras, en 527 centros educativos repartidos en 219 concellos de toda Galicia; é dicir, cos tres fondos que acabo de presentar imos actuar practicamente con 40 millóns de euros, 683 actuacións e 527 centros educativos en 219 concellos.

E a relevancia destes datos concrétese en que a Administración educativa galega afronta melloras con menor e maior intensidade e diferentes e variadas en función de cada centro en case a metade dos centros da rede pública de Galicia, en concreto no 47 %, e tamén quere dicir que hai unha programación de obras fundamentada en criterios técnicos e orientada, fundamentalmente, a xerar tamén equidade no territorio. Unha programación avalada polas seguridades técnicas e planificada polas unidades técnicas das xefaturas territoriais.

As actuacións previstas responden a unha priorización en función de catro criterios básicos: seguridade, utilidade, accesibilidade e habitabilidade; son actuacións que veñen determinadas, insisto, a partir das avaliacións realizadas

polas unidades técnicas da consellería para determinar que necesidades son prioritarias e onde debemos actuar.

No tocante ás tipoloxías das actuacións, quero dicir que os recursos –practicamente eses 40 millóns de investimento que se van realizar– se van esquematizar en 16 diferentes tipos de actuacións: eficiencia enerxética, 5,8 millóns de euros; ampliación de centros de FP, 5,6 millóns de euros; reparación de cubertas, 5,6 millóns de euros; execución de obra nova, 4,6 millóns; ampliación de aulas, 3,2; actuacións de acondicionamento xeral, 2,7; obras en patios, 2,1; actuacións en ventás de centros, 1,9 millóns de euros; melloras de instalacións deportivas, 1,5; intervencións en fachadas, 1,3; actuacións en fontanería e calefacción, 1,2; actuacións en instalacións eléctricas, 1,3; melloras en baños, algo máis dun millón; actuacións en materia de accesibilidade, máis de 814.000 euros; actuacións en comedores, máis de 632.000 euros; melloras en bibliotecas, máis de 165.000 euros. É dicir, unha ordenación e unha planificación con base nas tipoloxías das intervencións.

En canto ao reparto de actuacións en tipo de centros e en territorio, temos que dicir que o esforzo en obras beneficiará os distintos tipos de centros educativos existentes no conxunto do territorio español. Xa comentei que as 683 actuacións previstas afectarán practicamente o 50 % dos centros públicos, e para concretar imos desenvolver no ensino primario, en centros de educación primaria, 431 actuacións; en centros de secundaria e FP, 224; e tamén haberá 28 actuacións en centros que imparten outro tipo de ensinanzas, conservatorios, escolas de música, de artes, etc.

En canto ao reparto territorial do investimento, a planificación destas obras, ademais de responder ás necesidades técnicas, tivo en conta a realidade demográfica e tamén de localización dos propios centros educativos.

Buscouse un reparto equitativo entre zonas urbanas e rurais, e tamén equilibrado entre provincias, ponderado –como xa dixen e repito– pola realidade e as necesidades educativas dos diferentes centros. Haberá intervención en torno ao 70 % dos centros educativos de Galicia: na provincia da Coruña teremos intervencións en 206 centros; na de Lugo, en 94; en Ourense, en 93; en Pontevedra, en 134. Obviamente, hai diferente número de centros, e porque hai tamén diferente tipoloxías de intervención, non é o mesmo

unha provincia como A Coruña, cun volume demográfico maior, co cal ten maior número de centros, que unha provincia interior que ten un menor número de centros, porque a realidade demográfica é absolutamente diferente.

E tamén no tocante ás tipoloxías, na provincia da Coruña, por exemplo, priorízase, e así nolo din as necesidades técnicas, a necesidade de facer máis pequenas intervencións en máis centros, mentres no caso da provincia de Pontevedra o que se fan son menos intervencións pero de maior contía.

E remato xa, remato xa lembrando que estamos a falar de que a Administración educativa galega afrontará neste ano, no que queda deste ano 2016, a realización de obras por un investimento superior aos 39,7 millóns de euros, a través fundamentalmente de tres tipos de fondos: o Fondo de Superávit e Responsabilidade, en torno ao 52 % do total, 20,8 millóns de euros; a anualidade correspondente ao ano 2016 do Plan de mellora das infraestruturas educativas, en torno ao 40 %, case o 39 %, 15,4 millóns de euros; e tamén as obras de RAM, que supoñen 3,4 millóns de euros, en torno ao 9 % dos investimentos.

E señorías, afrontamos construcións, afrontamos obras de todo tipo, cunha tipoloxía ben diferente, como acabo de dicir, pero tamén plantexamos melloras nos equipamentos.

Nos orzamentos do ano 2016 tiñamos xa previstos 1,6 millóns de euros para dotar os centros educativos de distinto equipamento. Con cargo ao Fondo de Superávit de Responsabilidade incorporamos novos recursos para ter máis equipamentos, en concreto preto de 2 millóns de euros para mellorar, obviamente, o equipamento, fundamentalmente, dos centros de secundaria, de primaria e tamén de formación profesional.

E quero salientar que un terzo destes 2 millóns de euros estará dedicado á adquisición e compra de material de robótica, para que sexa empregado na súa aprendizaxe polos alumnos e alumnas nos últimos cursos de ESO, e tamén polos estudantes de bacharelato, para modernizar nunha área o ensino que entendemos de gran interese e de gran importancia, como é a robótica.

A modo de conclusión, pensamos que hai que valorar na súa xusta medida os importantes investimentos que no eido

educativo se están a presentar no día de hoxe. É un éxito de Galicia, é un éxito de que fomos responsables, é un éxito de facer ben as cousas, e o esforzo en acondicionar e en mellorar practicamente a metade das instalacións educativas de Galicia vai contribuír, sen dúbida, a reforzar o que é o principal obxectivo en materia educativa deste Goberno –dende que comezou a traballar no ano 2009–, que é mellorar a calidade e a equidade do ensino galego no seu conxunto.

Hoxe podemos dicir que o ensino galego conta cun modelo educativo propio e diferencial; hoxe podemos dicir que o ensino galego se distingue por unha xestión eficaz e eficiente dos recursos educativos; e hoxe podemos dicir que o ensino galego aposta por seguir avanzando no benestar do alumando e do profesorado, co acondicionamento e mellora da metade dos centros educativos da rede pública.

E señorías, podemos discrepar do modelo, é lícito, ata é positivo, pero non se pode poñer en dúbida, non se pode cuestionar o importante esforzo cualitativo e cuantitativo que a consellería está a facer por un ensino sostible, de calidade e de equidade para todos os galegos e galegas.

Recoñezamos, en definitiva, o bo que temos e traballamos xuntos por prestixialo e melloralo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo días, señorías.

Bo día, señor conselleiro.

Comezar dicindo que non sei se vostede hoxe vén así coma cunha especie de escudo, un pouco polos comentarios que poida escoitar hoxe, entendemos que a oposición é que todo o mundo ten que facer unha crítica construtiva, construímos todos.

Vostede fala de que Galiza cadrou as contas, e puxo un especial empeño en resumir os resultados de políticas económicas austericidas, que se puxeron en marcha dende o ano 2009, dende que chegou Feijóo á Xunta de Galiza, falando dese superávit de responsabilidade, que eu máis ben diría irresponsabilidade.

Veñen de controlar durante sete anos de crise o déficit público nas marxes marcadas en cada momento polo que lle dicían dende Madrid. Evidentemente, isto é a constatación da grave situación que vive a educación obrigatoria en Galiza: unha política educativa involucionista. A educación obrigatoria e pública debe de ter uns presupostos blindados, a pesar da crise económica.

Fálannos de posibilidades para as nenas e os nenos, a mocidade, as familias, o profesorado, o alumnado e a educación pública. Descúlpansen, por mor da crise, que estiveron obrigados a centrarse non nos recursos económicos específicos, agora mesmo falaba da formación do alumnado.

Fixeron inviable a igualdade de oportunidades, os centros continuaron sen profesorado suficiente, abandonan a calidade, descoidan a escolarización de alumnado con necesidades específicas e especiais, e condenan un 40 % das familias a pagar os libros de texto, e agora véndennos que como non había cartos agora van destinar os fondos a infraestruturas educativas que destinaron ata este momento naquelas actuacións máis urxentes.

E claro, agora que estamos no último tramo desta lexislatura, veñen as ofertas de última hora, e si, que sexan benvidas, pero chegan *tarde, mal y arrastro*. E aínda deste xeito non se poderán cubrir todas as eivas que presenta a educación pública obrigatoria.

Agora si se decatan, ¿non?, que é un dereito básico, que está gañado pola cidadanía. Pero para chegar ata aquí, moitas persoas, entre eles nais, pais e outros colectivos profesionais, tiveron que facer peregrinación nos últimos anos para facerse ver e escoitar. Fomos testigos de moitas das peticións urxentes destes colectivos, pedindo as mesmas garantías para todas as persoas galegas.

O ruído molesta, pois contempla esa realidade que moitas veces non sae nos medios de comunicación, e que queren manter calada.

Non foron capaces de cubrir as necesidades no tempo que foron xurdindo, hai que anticiparse a elas, para que ningún teña falta destes servizos públicos que garantan a calidade da educación.

Vostedes teñen os mecanismos para poder facer fronte a estas eivas, incluso nos falan e nos venden que reduciron o fracaso escolar dun 23 %, agora falan dun 16 %. Pero estamos falando dunha gran fragilidade social, debido á crise económica.

E si, fálannos dun programa dos vindeiros anos, que nos van ofertar, incluso van ofertar moitas melloras, pero ata este momento non foron capaces de ofrecer as prazas suficientes nos primeiros ciclos de educación infantil nin na FP.

Concretamente, fala vostede dun investimento de 120 millóns, para mellorar 372 escolas, onde estamos falando, aproximadamente, de 100.000 alumnas e alumnos, o que pon máis ou menos de manifesto actuar en 1 de cada 3 centros de ensino.

Hai que comentar que na maioría da rede escolar galega falamos dunha antigüidade da maioría dos centros de trinta anos, onde si que é realmente urxente moitas medidas de mantemento, incluso de creación de novos centros.

Falan tamén que houbo un decrecemento dos orzamentos en educación. Si que me gustaría que o investimento que se fai per cápita en educación na Xunta, con respecto á poboación, fose como en Euskadi, que falamos de 1.224 euros per cápita. Estamos aínda bastante lonxe.

Comentalle que, como dicía antes, non se fixo unha previsión do aumento do alumnado en vilas e en cidades, nin en barrios en particular, onde estaban, e si tiñamos as estatísticas con datos de natalidade, e temos exemplos puntuais que incluso viñeron aquí ao Parlamento, como algún barrio de Santiago, un barrio da periferia de Lugo, incluso dotacións deportivas que levan máis de dez anos reclamando.

Agora si que vai haber un financiamento, incluso en colaboración cos concellos e as deputacións.

Desatenderon e fixeron reducidos investimentos, reparacións e mantemento.

Si que é certo que agora nos falan de que van facer a radiografía —cando xa a deberían ter feita— das instalacións educativas en Galicia, detectando as necesidades de escolas e de institutos, á parte da construción de novos centros, e onde destinarán fondos á mellora dos xa existentes e á dotación de novos equipamentos.

O que si lle comentaría é que consideren o espazo coma unha categoría que excede os aspectos materiais e físicos, e comezar a pensalo como determinante de estilos e posibilidades de accións, relacións e aprendizaxe; significa consideralo unha variable didáctica a ter en conta á hora de deseñar a proposta concreta de traballo na aula.

E tamén dende especialistas no eido da educación, o espazo na educación constitúese coma unha estrutura de oportunidades, será facilitador, ou polo contrario limitador, en función do nivel de congruencia con respecto aos obxectivos e á dinámica xeral de actividades que se poñan en marcha.

Tamén nos falan vostedes das axudas que van dar incluso á aprendizaxe de idiomas, que me parece moi ben, pero quedan moi escasas.

Á parte das prácticas puntuais de que un poida facer inmersión lingüística, temos un grave problema, porque non hai desdobres de clase, faltan, e demandamos maior formación do profesorado que imparte linguas estranxeiras, mais isto da práctica das linguas estranxeiras nunca pode ir en detrimento da propia lingua.

Enténdese que un nunca pode aprender outra lingua estranxeira cando non ten unha boa base da lingua materna. E tamén quero lembrar, referente ás linguas estranxeiras, a potenciación do portugués, sobre todo. No mes de marzo cumpríronse dous anos da Lei Paz Andrade, e creo que temos aí unha gran oportunidade, non só se trata de aprender inglés ou outras linguas alén dos Pirineos.

Vostede tamén presume moito da ratio do alumando, que temos a mellor do conxunto do Estado, mais vostede tamén sabe que houbo denuncias da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público de que se está incumprindo a normativa da ratio de alumnos en máis de 200 unidades, cifra que seguramente pode ser superior, porque non se conta cos datos de

estudantes que repiten cursos, ou aqueles que se incorporaron tarde por motivos de cambio de residencia.

Reducir a cifra de estudantes por aula é clave para asegurar a atención á diversidade e levar a cabo un ensino máis personalizado na aula, pois contamos con grupos con competencias diferentes e algúns con dificultades de aprendizaxe.

Si, agora tamén se lembra do I+D+i. ¡Benvido sexa! Un país que non inviste en investigación e en tecnoloxía é un país que está condenado a non ter futuro.

Tamén volvemos repetir incansablemente a derogación da LOMCE, porque é unha involución da educación. Tamén incluso dende organismos oficiais, a nivel internacional, que non se pode facer o recorte, e tamén se sinala dun xeito destacado o feito de que a mera creación de postos de traballo non nos sacará da crise.

Hai unha gran ausencia da formación, da falta de competencias profesionais, que aboca moito a mocidade a desaproveitar o seu potencial.

Tamén consideramos que é inadmisíbel o financiamento e incrementos de fondos para o ensino privado, que dende o ano 2001 medrou un 14 % máis que o público.

Son inadmisíbeis os orzamentos para a relixión, 227 millóns no ano 2017, cando hai unha diminución incluso do 43 % da matrícula deste alumando.

E debemos pensar na repercusión que tivo a crise económica, porque houbo unha redución drástica do poder adquisitivo. E o que si poño enriba da mesa é, ¿para cando o material escolar gratuíto no ensino obrigatorio público para todo o mundo, para o 100 % da poboación?

A conxelación dos orzamentos do programa de fomento da lingua galega, ridículos, como mencionei antes.

Tamén falamos que aínda que temos unha maior presenza de equipos tecnolóxicos nas aulas –sobre todo polo incremento de pizarras dixitais e ordenadores do proxecto Avalor–, a OCDE, que é un termómetro do sistema educativo por medio do informe PISA, evidencia que a maior presen-

za de ordenadores na aula non implica uns mellores resultados escolares do alumando.

Nada máis de momento. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Fernández Rodríguez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bueno, señor conselleiro, é certo que o Goberno do Estado lle vén de poñer unha medalla –unha medalla de latón, iso si– ao Goberno galego pola súa estrita disciplina orzamentaria, e en consecuencia polo seu exquisito cumprimento do déficit. Todo un paradoxo, por outro lado, cando o Goberno do Estado foi o primeiro en incumprir ese teito de déficit imposto por Bruxelas, cunha desviación de case un punto, é dicir, nada desprezable.

É curioso que mande cumprir quen non cumpre. Estes son os paradoxos e os circunloquios do Partido Popular.

Para cumprir o ditado do Estado, e de feito cumprir de paso o ditado de Bruxelas, o Goberno galego fixo gala dun austeritarismo sen precedentes. Toda unha mostra de austeritarismo.

O recorte orzamentario global alcanza os 2.700 millóns de euros en seis anos, perdemos 3.000 profesionais na sanidade e no ensino. Galicia foi a terceira Comunidade de todo o Estado con máis recortes en persoal docente. Aí fomos líderes, ¡somos vangarda!

Galicia foi a cuarta Comunidade con máis recortes en persoal sanitario de todo o Estado.

Galicia recortou 400 millóns de euros en materia educativa en pouco máis de seis anos, e case 300 millóns de euros en sanidade. Os recortes en sanidade chegaron a tal extremo que Galicia ten o único Goberno de Europa investigado pola morte de doentes a quen se lles negou un tratamento vital. Esta é a realidade.

Ao mesmo tempo que se producía esta demouca salvaxe, incrementouse a débeda pública nun 260 %, ata alcanzar os

10.000 millóns de euros, ¡isto si que é un récord! Un incremento de case 6.000 millóns de euros da débeda pública galega. Non o dicimos nós que esta débeda é insostible, dío un informe específico do Consello de Contas, no que advirte seriamente sobre a insostibilidade da débeda pública galega. Un corsé austeritario, que esnaquizou os nosos sectores produtivos e estratéxicos, acompañándose esta política por dous factores, dende o noso punto de vista, definitivos e decisorios.

O primeiro, unha nula política de apoio ao investimento produtivo, e, en segundo lugar, a desaparición de ferramentas financeiras propiamente galegas: desaparición das caixas apadriñada polo señor Feijóo e parálise absoluta do Igape.

¿E cal é a consecuencia para os nosos sectores produtivos desta situación? Un sector agrogandeiro ao bordo da quebra; os prezos do leite máis baixos de todo o Estado; un sector industrial no fío da navalla perpetuo –aí temos o naval e a automoción–; o sector das enerxías renovables absolutamente esnaquizado –fracaso do Plan eólico, cero megavatios instalados–; o sector da acuicultura paralizado, posto que non foron quen de sacar adiante un marco normativo que dicían que ía ser o garante do futuro do sector acuícola galego; caída brutal do emprego industrial –50.000 empregos menos no sector industrial–; perda exponencial de empresas tecnolóxicas, etc., etc., etc.

Pero o que é máis grave, ¿cales son as consecuencias para as familias galegas? Pois 6 de cada 10 familias chegan con dificultade á fin de mes, 120.000 persoas en situación de pobreza severa e 1 de cada 5 nenos son pobres no noso país. Ese é o prezo do seu cumprimento do déficit, ese é o prezo da súa despanpanante medalla de latón.

¿E cal é o premio que lle dan ao Goberno galego por provocar todo este sufrimento? Pois 200 millóns de euros dun fondo de superávit en teoría que se van investir, ¿en que? Pois vanse investir 200 millóns de euros na campaña electoral máis longa e máis cara da historia mundial. Superan vostedes os gastos de campaña do señor Donald Trump, deixan o señor Donald Trump á altura da mera e simple calderilla.

¿E en que se concreta no eido educativo esta campaña máis propia do señor Donald Trump? Pois en 20 millóns de euros do fondo de superávit para obras en centros. Isto si que

é..., bueno, poderíamos tomalo con humor, pero o certo é que máis ben semella un insulto que unha proposta política seria, e voulle dicir por que.

Galicia ten aproximadamente 1.200 centros de ensino público, 1.200 centros de ensino público que foron abandonados á súa sorte durante dúas lexislaturas: aulas sen calefacción, nenos que van á clase con abrigos porque non teñen unha temperatura axeitada, instalacións eléctricas que non soportan o consumo dos propios centros, carencias en infraestruturas absolutamente inaceptables. Pero isto é o máis curioso, ¿cal foi o recorte na partida de reparacións, ampliacións e melloras acometida polo Goberno galego? ¿Sabe vostede cal foi o recorte? 20 millóns de euros, os que agora promete vostede investir con este fondo do superávit. Os fondos destinados a reparacións, ampliacións e melloras nas etapas de educación infantil, primaria e secundaria eran de 23 millóns de euros no 2010. No 2016 son 3,6 millóns de euros, quítanlles 20 millóns e métenos nunha campaña de propaganda, agora si, cun fondo de superávit.

Esta é a realidade, señor Rodríguez, vostedes están facendo simplemente propaganda. E ademais dígolle unha cuestión que eu creo que vostede deba entender: simplemente facendo unha xestión eficiente dos recursos dispoñibles –dentro do seu modelo, meténdome e simplemente asumindo o seu modelo educativo– vostede podería dar unha resposta, cando menos, máis axeitada ás necesidades, ás verdadeiras necesidades dos centros educativos.

Voulle facer propostas concretas, fíxese –insisto, dentro do seu propio modelo–. Se aforraramos os 400.000 euros investidos nas súas reválidas absolutamente fracasadas e inútiles –imaxino que isto si o recoñecerá– poderíamos dotar os equipos de orientación específicos do persoal pendente. Recórdolle que os catro equipos de orientación específicos están sen persoal necesario, coas vacantes pendentes de cubrir, persoal fundamental –este si– para atender a diversidade; 400.000 euros que aforramos das reválidas inútiles para profesionais dos equipos de orientación específicos.

Recuperándose con este Goberno o préstamo universal de libros de texto, un préstamo universal que garantía que todos os nenos sen distinción de clase tiveran o material necesario, vostedes aforrarían uns 3 millóns de euros de gasto ineficiente. Con isto poderían contratar 120 especialis-

tas en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe para dar unha resposta verdadeiramente efectiva aos nenos que teñen necesidades educativas especiais ou simplemente necesidade de apoio educativo. Isto si lle permitiría a vostede facer un gasto eficiente dos recursos.

Adaptando os recursos dedicados ao ensino da relixión á demanda que esta asignatura ten –xa lle digo, simplemente adaptando os recursos que vostedes dedican á relixión á demanda real desta asignatura– vostedes poderían aforrar 11 millóns de euros. Recórdolle, señor conselleiro, que nos últimos anos a caída da matrícula de relixión foi dun 40 % do alumnado; se vostedes adaptaran, reducindo un 40 % os recursos dedicados á relixión, disporían de 11 millóns de euros. ¿Que poderían facer con ese diñeiro? Pois un plan de apoio ao ensino do rural –no que vostedes pecharon 500 aulas nos últimos seis anos– e 100 centros de ensino. 11 millóns de euros para un plan de apoio ao ensino no rural que de verdade o necesita para sobrevivir.

Reordenando a rede de centros concertados, e permitindo que non houbera redundancia na oferta de prazas, é dicir, reducindo a oferta de prazas concertadas naquelas áreas onde hai aulas públicas e prazas públicas dispoñibles, poderían aforrar vostedes un 20 % dos recursos dedicados ao ensino concertado. Poderían conseguir vostedes un aforro de 47 millóns dos 237 millóns que dedican cada ano ao ensino concertado. ¿E con isto que poderían facer? Pois poderían, por exemplo, contratar 1.800 docentes ou 1.800 profesionais do ensino, que estes si que co seu traballo día a día manteñen a calidade do noso sistema educativo nuns niveis aínda exemplares, a pesar de vostedes.

Poderían vostedes facer un plan de mellora de centros educativos, é moi curioso isto. Nós, reiteradamente, fixémoslle propostas para facer un plan de mellora de centros educativos e vostede acusábanos de que faciamos propostas ladrilleiras, fíxoo vostede nesta Cámara reiteradamente. E a súa proposta estrela, pois eu –utilizando as súas propias palabras– tereille que dicir que é unha proposta ladrilleira. ¿Por que? Porque na súa intervención non aludiu vostede a ningún cambio metodolóxico no noso sistema educativo, a innovacións educativas, a novas metodoloxías, a impulsar o traballo colaborativo nos centros, o traballo por proxectos, etc., etc., etc. Como sempre, señor conselleiro, non falou de educación, sen embargo eu non considero que os investi-

mentos nos centros educativos sexan investimentos ladrilleiros, é nas escolas onde reside a nosa calidade do ensino; é entre as paredes das escolas onde reside o futuro do noso país. Invista nelas, pero non en propaganda, como está a facer vostede agora.

Non presuma da medalla de latón que lle puxo o Goberno do Estado, o que sucede realmente, señor conselleiro –e permítame que lle faga esta confidencia–, é que vostede está nunha posición de franca debilidade. Foi un golpe importante o das reválidas e precisaba vostede dunha comparecencia para virse arriba e na fase final da lexislatura vender investimentos en educación, é pura propaganda.

E dígollo, se non cambia vostede a súa política, se non cambia vostede a súa dinámica, vai seguir o camiño do señor Wert e do señor Vázquez –o anterior conselleiro–, que non é outro que o exilio educativo, porque vostedes están a facer un dano sen precedentes ao sistema educativo galego. Corrixa a súa política e deixe de facer máis propaganda.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señoras e señores deputados, señor conselleiro, moi bo día.

Comparece vostede hoxe aquí neste Parlamento para falar da mellora do ensino non universitario a través do Fondo do Superávit de Responsabilidade, que cifra vostede neste ano en 20,8 millóns de euros –se non tomei mal a nota–, mais que amplía a case 40 millóns de euros se temos melloras noutras reformas, ampliacións e melloras de centros.

O fondo do superávit, señor conselleiro, vostede que cando se aprobaron os orzamentos deste ano, cando se debateron, a diferenza que había en Educación entre os orzamentos do ano 2016 e do goberno anterior –o anterior ao do Partido Popular– era nin máis nin menos, só en Educación, de 256 millóns de euros. E agora vén vostede falarnos aquí de

devolverlle ao sistema educativo un novo e potente esforzo investidor falando de superávit de 20 millóns de euros. Señor conselleiro, eses dous pes aos que vostede tanto cariño lle ten, propaganda e publicidade, vemos que agora adquiren unha relevancia importante.

No mes de abril o señor conselleiro de Facenda conseguiu un titular na prensa que coloco aquí, dixo: “Galiza volve de Madrid con 225 millóns de euros de Montoro”; titular de prensa: “Valeriano Martínez volveu satisfeito do Consello de Política Fiscal e Financeira de Madrid”. Seica flexibilizaban o endebedamento ata o 0,7 e podería a Comunidade nosa endebedarse en 225 millóns o tope, pero os titulares son que “Galiza volve con 225 millóns de euros de Montoro”.

Ben puido dicir o señor conselleiro de Facenda que o Goberno central cada ano recada arredor de 3.000 millóns de euros menos do que inviste no noso país. Ben podía o conselleiro de Facenda preguntar por eses arredor de 8.000 millóns de euros que Galiza perdeu dende a entrada en vigor do actual sistema de financiamento autonómico no ano 2009. Mais o conselleiro de Facenda volveu satisfeito, propaganda e publicidade; por certo que tamén amplificou o señor presidente da Xunta anunciando un paquete de medidas extraordinario para o emprego, o tecido industrial, natalidade, sanidade, vivenda e, por suposto, educación.

E falaba de melloras en 372 centros escolares, un terzo, agora o conselleiro consegue o máis difícil aínda e xa nos fala –se mal non tomei nota– de 683 actuacións en 527 centros e en 219 concellos. Ou sexa, máis difícil aínda, en lugar de reclamar –xa digo– o señor presidente eses 8.000 e pico millóns de euros que perde Galiza na súa presidencia, pois propaganda e publicidade.

E agora vén falarnos aquí o señor conselleiro –presente– do superávit da responsabilidade, xa digo, de 20,8 millóns de euros. Cando –repito– vostede era portavoz do Grupo Popular –o primeiro orzamento ao que eu asistín–, no ano 2012 para o 2013, o recorte comparado co goberno anterior ao Partido Popular era en Educación nada máis nun só ano de 300,37 millóns de euros. E xa repito que no deste ano, comparado co anterior goberno, anterior ao Partido Popular, era de 256 millóns de euros nun só ano.

Vostede, señor conselleiro –como acaba de dicir o anterior comparecente–, tachou de ladrilleiras as emendas, que tamén o Grupo Parlamentario do BNG defendeu neste último orzamento –por certo, que vostedes votaron en contra–, cando falabamos do novo CEIP e IES no Alto do Castaño en Narón, ou o CEIP Sagrado Corazón en Lugo, para que se puideran empezar este ano. Xa é a segunda vez que figuran no orzamento, non sei cando se poderá facer o CPI Conde Fenosa, que xa é a terceira vez que se consigna, pero non sabemos cando se vai rematar. O novo CEIP de Culleredo, que non sei se seguirá os mesmos pasos que o IES, que se atrasa e atrasa a pesar da necesidade que hai.

A pesar dos anuncios non sei, señor conselleiro, e deste novo anuncio, se darán rematado aquilo prometido xa por segunda, por terceira e algún por cuarta vez. Mesmo as últimas propostas que levou o Grupo Parlamentario do BNG á comisión falando da ampliación do CEIP Lamas de Abade, non sei se vostede será quen con este superávit marabilloso de facelo entrar en funcionamento, xa non digo neste curso que entra, senón para o curso 2017-2018. Gustárame que o aclarase na súa seguinte intervención.

Mesmo o novo pavillón deportivo que tanto necesita o CEIP Julio Gurriarán do Barco, gustárame tamén que me explicara se entra dentro deste paquete que se vai facer antes de que entre o novo curso. Mesmo o CEIP da Anexa de Lugo, no centro da cidade, un centro totalmente necesitado dunha ampliación prometida varias veces. Tamén me gustaría que aclarase se entra dentro deste paquete, porque son promesas feitas polo Partido Popular que nunca realizou e agora que vén cun novo superávit gustárame saber que é o que van facer.

É dicir, despois de dúas lexislaturas de recortes nos investimentos públicos de Educación, que, se os comparamos –xa digo– cos últimos do anterior goberno, distinto do do Partido Popular, aló polo 2009, se facemos recorte comparando, estaríamos falando de 1.500 millóns de euros menos en educación. E agora véñennos vender propaganda e publicidade con 20,8 millóns, seica dun superávit, despois de recortar 1.500.

Lexislación contraria á defensa do ensino público, aínda que aquí ao conselleiro moito se lle enche a boca de falar de equidade, de excelencia e non sei de cantas cousas. Pero

recorte, recorte e recorte... Seica debemos prestixiar o ensino galego. Nós estamos por iso, pero é moi difícil: 4.000 profesores que pediron a xubilación —a pesar de que o conselleiro fala de tantas marabillas— fóronse cantando aquilo de “sinistro total, somos sinistro total” (*Aplausos.*), 4.000 profesores aburridos de ver como a Consellería non os defende, señor conselleiro. E vén vostede falarnos aquí de que somos os primeiros —tomei nota— en lingua, matemáticas e ciencia, por riba da media española; lingua, por certo, non a galega, eh!, porque decreto de plurilingüismo si, menos o galego. A pesar de que a Real Academia Galega, a Consellería de Cultura, a Mesa pola Normalización Lingüística, a ASPG, todos os sindicatos do ensino e todos os grupos parlamentarios, agás o do Grupo Popular, pediron consenso, señor conselleiro, do que falou vostede agora. Levan anos pedindo que eliminen este decreto que o único que persegue é reducir o uso do galego —e, por certo, conseguíuno—, reducir o uso do noso idioma, que practicamente desaparece en ensino infantil e está prohibido nesas matemáticas e materias científico-técnicas nas que somos tan importantes. Pero o noso idioma así queda atrás.

Despois de dúas lexislaturas de cambio de modelo educativo, o BNG leva reclamando e reclama un ensino público, inclusivo, galego, de calidade, laico, gratuíto, que teña en conta a música, tan importante, e a filosofía. Pero o que se está cambiando é por un ensino como negocio, competitivo, confesional, clasista e que pretende segregar o alumnado de familias con menos recursos económicos.

Teríamos moitas máis cousas que dicir, pero todo o que nos acaba de falar aquí o señor conselleiro vai en contra do que é a realidade, o que vimos ao principio do curso, un curso novo —este do que estamos chegando xa ao seu remate— que introduciu a LOMCE en BAC, un curso que seguiu a contestación rotunda, á LOMCE e ás reválidas, que non son positivas para o noso país. O 80 % do alumnado público, dos centros públicos, decidiron non enviar aos centros os seus fillos —as familias, xa digo— para manifestar o seu masivo rexeitamento ás reválidas e á LOMCE. Un curso que seguiu pechando escolas públicas. Nos últimos catro anos, 46 escolas públicas menos, 327 unidades públicas menos, pero, iso si, 215 novas unidades da concertada. Unha contestación desde principio de curso pola redución do profesorado, que falaba de 3.000 profesores menos; 300 centros ao principio deste curso que reclamaban dotación de profesora-

do necesario, 200 unidades con alumnos por riba da ratio, 60 % dos orientadores deste país que compartían centro, continuas demandas de profesorado de FP, de AL e de coeducadores. En máis do 50 % dos centros de Lugo e Ourense o alumnado está agrupado con diferentes idades en dous ou tres niveis xuntos. A gratuidade universal desapareceu nos libros de texto e noutras cousas. E mesmo ao principio do curso máis de 3.000 solicitudes en infantil non puideron ser atendidas e en FP houbo 4.000 alumnos que non puideron cursar en FP o que eles reclamaban.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: E mesmo —e xa remato, señor presidente— neste curso tivemos que asistir, a pesar das palabras de inclusividade do señor conselleiro, a que unha nai tivese que reclamar na prensa atención educativa na súa casa a un fillo que tiña a desgraza de padecer un cancro. Acaba de falarnos aquí o señor conselleiro de que o modelo deste país ten moita inclusividade.

Señor conselleiro —remato—, iso de que con menos se fai máis, dirao vostede. Que temos un ensino que funciona ben, porque é máis inclusivo, con máis equidade, calidade e eficiencia, dirao vostede. Que hai a mellor ratio de profesor por alumno de todo o Estado tamén o dirá vostede. Mais todos os que temos algo que ver co ensino sabemos que é o oitavo ano de recortes e que eses recortes prexudican gravemente a calidade do noso ensino público.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Tamén saudamos o público, que é un público de xuventude.

Señor conselleiro de Educación —aínda que non sei se chamarlle “señor ladrilleiro maior da Consellería de Educación, teño a dúbida; ao longo da intervención ireille dicindo

unha cousa e a outra, e vostede sabe por que—, comparece hoxe vostede neste Parlamento coa chequeira na man para anunciarlle en plena campaña electoral á comunidade educativa que chegaron Melchor, Gaspar e Baltasar en pleno mes de xuño, e que o fixeron disfrazados de Rajoy, Feijóo e Román Rodríguez. E comparece tamén, señor conselleiro, para sacar peito do ben que o fixeron nos últimos anos e para facer unha emenda á totalidade de todo o que vostedes estiveron facendo nos últimos anos, en cuestións, fundamentalmente, de ladrillo, a pesar das múltiples e variadas queixas que chegaban do conxunto da comunidade educativa galega e a pesar tamén, señor conselleiro, do que algúns neste Parlamento levamos pedindo nos últimos tres anos a propósito do austericidio practicado polos gobernos de Galicia e de Madrid ao amparo dos ideólogos da Comisión Europea e do Fondo Monetario Internacional.

Señor ladrilleiro maior, perdón, señor conselleiro, vostede e os seus compañeiros do Partido Popular suelen dicir deste portavoz do Grupo Socialista que é previsible nas súas intervencións. E créame se lle digo que nunca me pareceu mal, máis ben todo o contrario. Que me digan que son previsible nas miñas intervencións quere dicir nada máis e nada menos que teño conviccións e puntos de vista que non mudan en función de como me levanto cada mañá.

Quero dicirlle hoxe que vén vostede a este Parlamento coa chequeira na man e disfrazado de rei mago, ou, se o prefire, de Papá Noel, que este deputado que lle fala leva moito tempo dicíndolle tanto a vostede como ao seu antecesor e aos diferentes cargos da Consellería de Educación que vostedes tiveron totalmente abandonado o mantemento das instalacións de moitísimos centros educativos galegos. E vostedes, cando nós diciamos iso, nunca nos fixeron caso, chamábanos ladrilleiros. E hoxe, no tempo de desconto desta lexislatura, en plena campaña electoral, tanto aquí como no conxunto de España, vén vostede a dicirnos que eses males xerados pola falta de previsións dos seus gobernos ía ser resolto de maneira inmediata, co máximo fondo de obediencia e bo comportamento, o chamado “superávit de responsabilidade”, que amable e xenerosamente nos remite don Mariano Rajoy por ter sido Feijóo un dos alumnos máis avantaxados e obedientes das doutrinas austericidas.

Señor conselleiro, Galicia ten perdido nos últimos anos preto de 400 millóns de euros na súa educación. E hoxe pre-

séntase aquí vostede con 21 millóns de euros co único fin de hipnotizarnos e facernos olvidar os últimos anos vividos de austeridade. E faino, por certo, unha vez que vostede xa ten percorrido Galicia coa chequeira na man anunciando as novas que hoxe trae a este Parlamento. Por tanto, señor conselleiro, unha vez máis, e como case sempre, o Parlamento galego ninguneado e utilizado para facer anuncios propagandísticos que vostedes xa comunicaron previamente nas catro provincias galegas e nos medios de comunicación.

E quero agora centrarme noutra cuestión que tamén nos parece moi relevante no Grupo Parlamentario Socialista. ¿Pode dicirnos, señor conselleiro, cales foron os criterios utilizados para repartir este fondo máximo de responsabilidade nos centros educativos galegos? ¿Foron criterios obxectivos? ¿Cales en concreto? ¿Ou foron tan só criterios políticos, señor conselleiro? Agardo as súas explicacións na seguinte quenda de intervención, pois entendemos que coñecer eses criterios de repartición é moi importante para as comunidades educativas que teñen necesidades e para moitos alcaldes e alcaldesas das nosas vilas e dos nosos pobos, que se queixan —xustamente, seguramente— do sectarismo nos criterios de repartición.

Señor conselleiro, en todo caso está vostede aquí coa chequeira na man, e nós non imos desaproveitar a oportunidade que nos dá para falar en serio dos problemas reais da educación galega que a súa chequeira non vai solucionar.

Señor conselleiro, temos en marcha a deostada LOMCE, e témola en marcha con múltiples defectos e problemas de implantación. Diga o que diga vostede, houbo premura, houbo improvisación e segue habendo un profundo malestar na comunidade educativa galega a día de hoxe. Diga o que diga vostede, e a pesar da chequeira na man coa que hoxe se presenta neste Parlamento, seguen faltando recursos humanos e materiais en moitos centros educativos galegos. E seguen existindo problemas estruturais en moitos edificios educativos por falta dun axeitado mantemento nos mesmos. E lémbrolle unha vez máis que o Partido Popular leva gobernando Galicia vinte e cinco dos últimos trinta anos.

E non é que o diga o portavoz do Grupo Socialista, dino —e iso debера ser moito máis importante para vostedes— as ANPA, o profesorado, os equipos directivos dos centros e mesmo os sindicatos do ensino.

Vostede está hoxe aquí para anunciar melloras en centros educativos galegos, e benvidas sexan esas melloras, señor conselleiro, benvidas sexan, aínda que os anuncios se produzan en plena campaña electoral e despois de ter os centros abandonados durante moitos anos. Criticaremos as formas, e incluso os criterios de repartición, se é que os hai; pero non diremos que non sexan necesarias alí onde se fagan.

A xestión da posta en marcha da LOMCE foi e segue sendo unha temeridade, calendario insensato e inasumible, enorme follón coas reválidas de 3º e 6º de primaria –un 70 % das familias galegas non mandaron os seus fillos e fillas a esas probas, e iso debe facelo reflexionar–. Enorme lío, a pesar do que vostede me dixo neste Parlamento, coas novas programacións didácticas, que aínda hoxe se están a entregar en moitos institutos. Si, señor conselleiro, aínda agora, a final de curso, se están entregando programacións didácticas, a pesar de que estamos a finais de curso. Enorme lío que montaron tamén coa xestión dos libros de texto, ou coas carencias de persoal.

Señor conselleiro, téñolle dito algunhas veces neste Parlamento que, no tempo que leva vostede no cargo, o único cambio importante que teño observado son as formas e as boas maneiras de vostede. Pero non houbo ningún outro cambio digno de mención na política educativa, cultural ou lingüística do noso país, xa que nas cuestións transcendentais seguiu vostede exactamente o libro do seu antecesor.

Vostede sabe mellor ca ninguén que os recortes producidos no sistema educativo galego teñen producido importantes consecuencias, e, se cadra, de aí a súa comparecencia de hoxe coa chequeira na man para facerse perdoar unha pequena parte dos pecados cometidos durante a etapa austericida.

Pero a realidade é tozuda, señor conselleiro: temos menos recursos para becas e para educación compensatoria, temos menos profesores e máis enfadados, xestionaron vostedes de maneira nefasta o tema dos libros de texto, puxeron en marcha á présa e correndo a FP básica, e sen calcular algunhas das súas consecuencias, e montaron un auténtico carajal coas reválidas de 3º e 6º de primaria.

Eu quero hoxe, de novo, en sede parlamentaria, en nome do Grupo Socialista, darlle as grazas ao profesorado galego, xa que os pequenos avances acadados nos últimos anos

foron posibles grazas ao seu esforzo e profesionalidade. Xa sei que vostedes presumen de que Galicia mellorou nalgúns indicadores, ¡como non! Pero entenderá vostede que eu desexa compararme cos mellores e non cos que teñen peores resultados. E diso poderíamos falar moitísimo, dos porqués deses resultados, ou das situacións de partida duns e doutros. Eu quero compararme en resultados educativos co País Vasco, si; ou, se prefire, eu quero que nos comparemos en resultados con Finlandia ou Francia. Vostede elixe con quen quere compararse, pero sempre cos mellores.

En todo caso, tampouco olvide, señor conselleiro, que levan vostedes vinte e cinco dos últimos trinta anos xestionando a educación en Galicia. Polo tanto, algunha responsabilidade terán do acontecido, ¿non si?

Señor conselleiro, en educación non hai solucións máxicas con chequeiras milagreiras, por moito que agora se insista. En educación as cousas conséguense con paciencia, con medios, con estabilidade, e respectando profundamente o traballo do profesorado.

Galicia ten mellorado nalgúns indicadores nos últimos anos, faltaría máis que non o tiveramos feito. E non serei eu quen o negue, porque eu vivo en Galicia, traballo en Galicia e desexo que ao sistema educativo galego lle vaia moi ben, porque de alí saín e a alí penso volver.

Señor conselleiro, sabe vostede moi ben que para o Grupo Socialista é moi importante a equidade, e vostede falou diso na súa intervención. E preservar esa equidade é para nós absolutamente prioritario. Vostede sabe que eu critiquei duramente a implantación da LOMCE en Galicia e o sucedido coa xestión dos libros de texto, e díxenlle moitas veces que un país decente non pode permitir que nin un só neno ou nena fora a clase sen libros de texto e material escolar. E hoxe pídlle de novo aquí, cara a cara, que iso o faga e o respecte para o curso que vén. O que si conseguiron co tema dos libros foi cabrear o profesorado, as ANPA, os equipos directivos e mesmo as librerías.

Señor conselleiro, parece que o austericidio vai chegando á súa fin, vista a súa presenza con chequeira en man o día de hoxe neste Parlamento. E se iso é así, e non só a súa propaganda en campaña electoral, temos que salvagardar a equidade e seguir mellorando resultados, e facelo mirando cara aos

mellores; recuperar condicións laborais e profesionais arrebatadas ao profesorado; recuperar gastos de funcionamento que perderon os centros educativos; repoñer equipamentos didácticos que foron quedando obsoletos –fundamentalmente equipamentos informáticos e de laboratorios e talleres de formación profesional–; corrixir en serio e sen propaganda a denominada fenda dixital entre os centros das cidades e os centros do noso rural, que a duras penas poden ver un vídeo en YouTube; recuperar a un ritmo axeitado os centenares de prazas de profesores perdidas nos últimos anos, e facelo convocando nos próximos catro anos ofertas de emprego público que o fagan posible; e, como non, afrontando as necesidades de obras en moitísimos centros que as necesitan e non en función de criterios sectarios e partidistas.

Agardo, en todo caso, señor conselleiro, que as aportacións e as críticas que lle fixo hoxe o Grupo Parlamentario Socialista sirvan, polo menos, para facelo reflexionar e para levalo a tomar decisións moi distintas ás que leva tomado o seu partido e o seu goberno nos últimos anos. Creo honestamente que sería bo para o sistema educativo deste país, pero tamén para o futuro de España e de Galicia.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, permítame empezar dicíndolle que tivo vostede unha intervención respectable, cando menos respectable, pero é que, ademais, foi unha intervención inapelable, impecable, irrevogable desde todos os puntos que mire a oposición. (*Murmurios.*) Xa sabemos que non lles gusta, pero é o lóxico. Preocupárame moito se á oposición lle gustara a intervención do señor conselleiro. Non pode gustarlles porque, como está ben, a vostedes todo o que para Galicia é bo non lles gusta, porque todo o que é bo para Galicia para vostedes é malo. Por iso nunca gañaron ningunha elección en Galicia nin van gañar as seguintes tampouco. Porque non conflúen –xa que está de moda– non conflúen vostedes co

máis importante valor que temos en Galicia, que é a súa xente, (*Murmurios.*) vostedes non conflúen. Recorren, iso si, señor conselleiro, á repetición léxica. Permítame unha escolma: insulto, obediencia, inaceptable, inútil, recorte, sufrimento, mortes, propaganda, ladrilleiro, enerxía eólica, sanidade, industria... Todo con tal de non falar de educación. Isto recórdame o experimento de Elizabeth Loftus e John C. Palmer, o coñecido experimento Loftus-Palmer, no que 45 nenos son seleccionados, divididos en grupos –cinco grupos–, e se lles presenta unha película na que se ven dous coches nun accidente, todo o procedemento. E resulta que a eses cinco grupos, a cada un deles, se lles dá unha descrición por escrito para que calculen a velocidade á que ía o coche causante do accidente. Percepción: uns lían “contactado”, o coche contactara co outro, outros “colisionado”, “golpeado”, “chocado”, “estrelado”... Conforme ían modificando as palabras ía aumentando a velocidade do coche. Todos viran a mesma película, pero, como a pregunta estaba modificada na súa redacción, as conclusións foron as que foron. E aquí pasa exactamente. Reflectiron vostedes o Loftus-Palmer ao pé da letra. Empregaron todo canto recurso léxico, retórico ou musical se lles ocorreu para vir aquí a desvirtuar unha intervención que non ten un só punto por onde abordala de debilidade. Desvirtúen vostedes todos e cada un. Non hai un só dato, nin un só dato nestes sete anos de goberno do Partido Popular, ningún, nos que os criterios e parámetros educativos non teñan mellorado. Saian aquí e digan un só. Teñen un segundo turno de intervención para desvirtuar todos e cada un dos argumentos. Pero non me fagan como os sofistas. Alguén falaba o outro día na comisión dos precartesianos, transformados en sofistas, claro. Efectivamente, utilizaron unha falacia dándoa como boa con ánimo de influír no receptor para convencelo. Iso é o que están tratando de facer vostedes aquí. Non o van conseguir porque a evidencia está por encima da mentira e da falsidade.

E aquí vén moi a conto –recordoumo o señor Vázquez cando falaba–, unha frase que anotei de Muñoz Molina: “*El historiador, el científico, aceptan el error y la duda. El predicador sólo maneja certezas*”. E as súas prédicas que trouxo vostede a esta tribuna téñense que confirmar a través da acción política, e a acción política é exemplar, non valen palabras, hai que vir aquí e demostralo. Como vostedes aquí non gobernaron nunca temos que recorrer alí a onde gobernaron. E alí onde gobernaron, ¿que é o que fan vostedes? Pois todo o contrario do que aquí din, todo o contrario.

Señor Docasar, debía de vostede confluír coa súa conselleira de Educación de Andalucía, que, a pesar de todos os pesares, di que a lei está para cumprirse –parece unha tonteira–, que a lei non lle gusta pero que hai que cumprir a lei porque é a que está en vigor. E non pide competencias para o seu parlamento, que ten o Congreso dos Deputados en Madrid. E di que hai unha serie de comunidades nas que non están de acordo, pero cumprir hai que cumprir. Aquí veñen a pedir incumplir todos os grupos da oposición. Incumplir as leis, esa é a mensaxe que están lanzando vostedes desde unha tribuna dunha cámara lexislativa. Pero alá vostedes e a súa responsabilidade.

¿E cal é o exemplo que podíamos dicir? Bueno, pois está de moda agora o plan de inversións, por exemplo, en Andalucía, no 15 e 16, dotado a golpe de bombo e platillo, de 10 millóns de euros para acabar con 80 caracolas, 80 caracolas. ¿Que son as caracolas? As caracolas son prefabricados que están construíndo para a educación infantil e educación primaria, señor conselleiro. Non están falando de ladrillo; non, non, caracolas. Como diría a conselleira: “*como las hermosas casas que aparecen en las películas americanas. Y, en cualquier caso, no tengan miedo. Aquí en Andalucía no hay huracanes*”. (Murmurios.) Moi ben, aquí en Galicia algún debe de haber, pero eu tampouco os coñezo. Sen embargo, non facemos caracolas. Sen embargo, facemos e melloramos os colexios públicos de Galicia. E o que levan vostedes pedindo historicamente en todas as comisións de Educación deste Parlamento, en todas, sumándoas todas, as ladrilleiras que chaman vostedes, sumando todas as peticións que fixeron neste Parlamento, non chegan á metade das que propón hoxe o señor conselleiro na súa comparecencia. Pero non lles gusta, señor conselleiro, non lles gusta, porque quizais o método, o sistema que queren eles aplicar, será o que aplican alí onde gobernan. Entón, Compromís, esa confluencia de Unidos Podemos, ou non podemos, tamén fai barracóns –en Valencia en vez de caracolas son barracas, é moito máis axeitada a lexicoloxía, moito máis– (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Igual que Morrut, Morrut... (Murmurios.) Si, si, si, aínda me acordo de qué ben perchaba Tonet con Morrut, o burro, tirando, pero a vareadas con el. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Diso ben me acordo. (Aplausos.)

Señorías... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Si, ou o plan de libros, váiallelo vostede explicar aos seus coleguillas, a ver por que a Generalitat saca un plan de grautidade de libros que teñen que pagar os concellos, que despois ten que adiantar os cartos a deputación porque os concellos pequenos non teñen cartos para pagar os libros de... (Murmurios.) Si, si, xa sei, señor... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Levou vostede unha tunda na anterior intervención que tivo, e agora quere resarcir comigo. (Aplausos.) (Murmurios.) Non, non lle vou entrar ao trapo. Cando queira ter algo que dicir, dígaos vostede no seu turno. E ademais, por se non o cren vostedes, miren, aulas en barracas y en dos pisos. Porque, claro, non hai terreo e entón levantamos para arriba. A ANPA protesta porque está sustentada non nunha fundición, non, en tacos de madeira. Pero aquí o señor conselleiro non veu falar nin de tacos de madeira nin de barracas nin veu falar de caracolas. Veu falar de inversión real, toda esa que levan pedindo vostedes.

E, señor Pombo, no mesmo ton musical e jocoso que, supoño, quixo vostede facer co do siniestro, voulle dicir: *Vamos a contar mentiras, trailará... Por el mar corren las liebres...* Xa o sabe vostede, ¿verdade? ¿Que quere que lle conte? (Pronúncianse palabras que non se perciben) ¿Quere que lle conte o que pasa en Cataluña? .)(Un señor deputado: ¡Bravo!) (Aplausos.) Grazas, señor Fajardo, sempre espléndido.

¿Quere que lle conte o que pasa en Cataluña –que non dan pagado as nóminas dos funcionarios, por exemplo– e que ese fondo de solidariedade español –non de responsabilidade, como o galego– lle está solventando un mes detrás doutro? ¿Ou quere vostede que lle fale dos recortes? ¿Onde non recortaron, señor Pombo? Dígame vostede. ¿En que comunidade autónoma non hai menos orzamento hoxe que en 2008, ou en 2007? Dígame cal, e así na miña seguinte intervención tamén poderei reparar en canto foi o que se baixou.

Señor Docasar, espero, como na canción de Macaco –acción, reacción, repercusión–, que a vostede non lle repercuta tanto, que actúe un pouco máis. Porque eu sigo confiando en vostede. E sigo confiando en que se aveña a razóns, porque esas razóns son as que nos poden levar a algún encontro. Desde logo, non mentindo nin contando historias –que non é o seu caso– nesta tribuna.

Señora Fernández, linguas estranxeiras. ¡Home!, tocou vostede a fibra sensible. É dicir, pode vostede acusar a este gober-

no do que lle pete, pero de fomentar o plurilingüismo... ¡Home!, ¿sabe cantos colexios plurilingües había cando chegamos nós ao Goberno? ¡Cero, cero! Hoxe hai case 300 colexios.

Unidades plurilingües. ¿Cantas unidades plurilingües atopamos nós cando chegamos ao Goberno? ¿700, 10, 12...? ¿Cantas hai hoxe? 3.700.

Señora Fernández, xa vexo que non me fai caso. Non lle interesa.

Auxiliares de conversa había 67; hoxe, 470.

Se quere, seguimos con datos que son irrefutables. Os discursos, discutibles; pero datos, se ten vostede outros, saia aquí e dígamo.

Necesidades educativas, apoio escolar... Señor Vázquez, eu dígoallo con todo o cariño e o respecto que sabe que lle teño; é dicir, o 10 %, o 11 % practicamente, da plantilla de mestres dos colexios públicos son mestres especialistas en atención á diversidade, en atención ás necesidades educativas especiais. Vostede sábeo. Se me encontra outra comunidade que teña uns parámetros similares a estes, eu aceptareino e recoñecereille a vostede que ten razón. Pero non me negue vostede unha evidencia.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Non a hai, non a vai encontrar. Seguro.

E despois, respecto da educación concertada, eu non entendo este maltrato que teñen vostedes con este colectivo, cando foron vostedes os que inventaron os concertos educativos, os que os implementaron, os que os mantiveron, e, sen embargo, veñen aquí cun discurso a tratar de vender unha burra que non existe. Porque esa é unha creación exclusiva súa. Se acaso vanos botar a nós en cara que os mantivemos. Bueno, pois acepto o envite. De todos os xeitos, poderemos seguir falando disto no segundo turno, que quedaron cuestións sen dicir.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FARIÑAS SOBRINO: En calquera caso, señor conselleiro, agradecemos moito esta postura conciliadora e tra-

tando de chegar a acordos, e de que se recoñeza que o sistema educativo galego é un sistema propio, de calidade, equitativo e que mellora día a día. E estou seguro de que, dende a Consellería, coa observancia deste grupo parlamentario, seguirán a mellorar ano tras ano cando se gañen as seguintes eleccións.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

Réplica do señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

O señor Vázquez, de AGE, dinos, dime, que non falei de educación, que non falei de metodoloxías, de didácticas. Non, eu non veño falar diso, señor Vázquez. Eu veño falar da aposta pola mellora do ensino non universitario de Galicia a través do fondo de superávit de responsabilidade. Agora, eu falei de educación, non falei de metodoloxías, falei de educación. Quen non falou aquí de educación –permítame que llo diga con todo o cariño– foi vostede. Vostede fixo aquí unha especie de debate da Autonomía bis, onde nos falou do prezo do leite, do naval, de sanidade. Pero de educación non nos falou case nada. Falounos, iso si, nesa neolinguaxe que utilizan habitualmente para clasificar as cousas, para intentar ver as cousas como vostedes pensan que son. Pero realmente non nos falou de educación e eu si falei, eu si falei do que viña falar, que era o título simplemente do que é a comparecencia, a solicitude de comparecencia.

Pero ao final, despois de escoitalos a vostedes, creo que o tempo é un xuíz fantástico. O tempo dá e quita razóns. E a verdade é que vostedes seguen instalados nesa estratexia habitual que coñecemos perfectamente de repetir unha e mil veces, ou as veces que faga falta, as mesmas mensaxes. A súa estratexia é: Imos dicir o que queiramos que algo quedará. E, ¡home!, algo si queda. E eu creo que o que queda é o dano e a confusión, a confusión que intentan trasladar á sociedade e o dano que se xera, e que se xera non a este partido nin a este goberno, que se xera fundamentalmente e des-

graciadamente ao alumnado e ás familias. Pero, bueno, ao final o tempo, como teño dito, dá e quita razóns.

O señor Pombo –ao cal lle agradezo que nos alegrara a mañá– sempre utiliza a súa letanía dos tres “r”, a de recortes, recortes, recortes. Vostede, señor Pombo, con todo o respecto, quedou encallado na calle melancolía –xa que estamos en plan musical–, vostede segue na calle melancolía, segue coa súa mensaxe repetitiva, constante. Pero é que xa non estamos nesa época, afortunadamente para Galicia e afortunadamente para os galegos e para o conxunto dos españois. *(Aplausos.)*

E creo que quedou palpable, na exposición que se fixo, a credibilidade que tivo esta consellería en moitos anos e que humildemente queremos que siga tendo. E utilizando, digamos, a súa retórica dos tres “r” tamén lle vou falar de tres “r”. Voulle falar de realismo. Esta consellería xestionou con absoluto realismo, non inventamos as contas la leiteira. Co que había, dixemos: ¿que podemos facer cambiando, mellorando e planificando? E fixémoslo. Xa sei que non lle gusta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nada, perfecto. Recomendolle que mire todos os índices educativos dende o ano 2009 ata hoxe. E, se segue dicindo que nada, seguramente lle medrará o nariz. *(Aplausos.)*

Outro “r” que lle vou dicir: responsabilidade. Non é unha cuestión menor a responsabilidade que ten unha administración pública, que ten un goberno, porque ten que executar, ten que planificar e ten que decidir sobre que medidas e que recursos usa. A non ser que vostede prefira, como fixo ou fixeron os gobernos nos que vostedes estiveron, deixar a deber 2.000 millóns para o seguinte ano orzamentario. Bueno, responsabilidade.

E voulle dicir o terceiro “r”, o que tanto lles gustan a vostedes: resultados. Vostede sempre fala de que o Bipartito tiña máis diñeiro. Si, témolo recoñecido mil veces, vostedes tiñan máis diñeiro. ¿Que fixeron con el? ¿Tiveron mellores resultados? Non, esa é a diferenza: vostedes, máis diñeiro e peor xestión; máis irresponsabilidade e peores resultados. E iso son evidencias, eses son datos, que se poden plantexar en moitísimas variables. Plantexounas o señor deputado en plurilingüismo, podíamolas plantexar en plurilingüismo ou en calquera outra. Pero eu voulle dicir só unha que eu creo que é moi importante: o fracaso escolar. Non hai nada máis

antiequitativo e antisocial que un sistema educativo enviase, como na súa época, un de cada catro nenos e nenas á rúa sen ningún tipo de titulación. A partir de aí, digan vostedes o que queiran, e a partir de aí presuman vostedes de orzamento pero non de resultados, porque non os tiñan.

E mire, vostede falou tamén de datos concretos. Eu poderíalle dicir moitísimos datos concretos. Falou vostede do Julio Gurriarán. Hai nese proxecto 150.000 euros para facer un convenio co concello, que xa está anunciado en prensa. Eu falei persoalmente co alcalde do Barco. Outro centro: Lamas de Abade, nesta cidade. Hai unha planificación organizada, pactada co concello, na cal intervén consellería e concello para dar saída a esa necesidade. E así poderíamos dicir unha e outra.

Algo que vostedes din en xeral, ou dixeron en xeral, ten que ver con que veño aquí a comparecer para facer electoralismo, para facer publicidade e propaganda; bueno, para intentar confundirnos nestes momentos confusos, intentar confundirnos. A verdade é que estamos nun mundo convulso e nun mundo confuso, e calquera di calquera cousa. Ata algúns din, fíxese vostede, que Marx e Engels eran socialdemócratas. *(Risos.) (Aplausos.)* Entón, certamente, estamos nun mundo absolutamente confundido. Cando chegamos a dicir que Marx e Engels son socialdemócratas, vale dicir calquera cousa.

Pero a vostedes dálles igual, a semana pasada, no anterior pleno, vostedes acusáronme a min persoalmente de que non comparecía para explicar as probas de avaliación. Hoxe comparezo e non lles gusta, din que veño facer publicidade e propaganda. Estou seguro de que, se comparecera no anterior pleno, vostedes dirían que viña comparecer para coaccionar as familias. Porque cando informamos as familias a través dunha carta vostedes din que as coaccionamos. E tamén dixeron que era publicidade, propaganda e electoralismo, hai aproximadamente un ano, cando tamén comparecemos nesta Cámara para presentar unha reprogramación de fondos Feder onde a Consellería de Educación tivo a posibilidade de dedicar a centros educativos, fundamentalmente a melloras e ampliacións de moitos centros educativos, practicamente –se non me falla a memoria– en torno a 8 millóns de euros, que se executaron todos. E vostedes tamén me acusaron naquel momento de electoralismo, de propaganda, de publicidade. Este ano, repítoo, este ano imos dispor de practicamente 40

millóns de euros para investir en centros educativos, aproximadamente a metade destes 40 millóns proveñen xa da planificación previa, do plan de dotacións e do RAM, e os outros 20 millóns proveñen exactamente do fondo de superávit, do fondo de responsabilidade. E iso é porque se fixo unha boa xestión. Eu entendo que vostedes intenten minimizalo e eu entendo que vostedes intenten dicir que non lles gusta que veñamos a esta Cámara a informar a sociedade galega duns importantes investimentos que se van realizar nun considerable, moi considerable, número de centros educativos para mellorar as condicións dos estudantes. Pero, realmente, de aí a dicir que isto é publicidade, propaganda e electoralismo, pois, verá vostede, ¿que quere que lle diga? Cando se demostrou xa o ano pasado que a reprogramación se investiu e que se posibilitaron moitas melloras en moitos centros: en Pontevedra cidade, en Vigo, en Vilagarcía, na Mariña, na propia cidade de Santiago, en moitos. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Silencio, por favor.

Señor Fajardo, silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Vostede non coñece o Cotarelo Valledor. Parece mentira que vostede sexa de Vilagarcía e non coñeza a ampliación que se fixo de medio millón de euros no Cotarelo Valledor para talleres de Formación Profesional. *(Aplausos.)* E vostede di que é concelleiro nesa localidade. Pois realmente mal estamos, mal están. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Fajardo, chámoo á orde.

(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Se segue, vén a segunda.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Non sei se lle molesta a vostede que pactemos co Concello de Vilagarcía para investir, non o sei... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Fajardo, chámoo á orde por segunda vez. E advírtoos de que unha terceira chamada á orde supón a súa expulsión. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): O segundo que utilizaban vostedes é o do reparto. Utilizábao o señor Docasar e dicía que era un reparto caciquil, sectarismo.

Señor Docasar, con todo o cariño e respecto que lle teño, non se deixe enganar polos cantos de serea ou incluso polos cantos das náíades da ría de Vigo, que ao final o van levar ao fondo do mar. Porque vostede vén aquí a plantexar unha pequena rabieta e cuestionar –rabieta polo da foto– que se fai un reparto caciquil, sectario ou político dos fondos, e voulle demostrar con catro datos, con datos, e dicir cales son os dez concellos que máis recursos públicos reciben na planificación de obras que acabo de presentar. Os dez primeiros: Lugo, Pontevedra, A Coruña, Ourense, Santiago, Vigo, Ames, Cangas, Culleredo e Vila de Cruces. Somos todos uns auténticos sectarios cando, nos dez concellos que máis reciben, oito non son gobernados polo Partido Popular. Ese argumento do sectarismo quedalle un pouco curto, *(Aplausos.)* porque estamos actuando no 50 % dos centros e no 80 % dos concellos. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ¡Home! non sei se lles parece mal. A min paréceme mal que o Concello de Vigo aínda non teña postos á disposición da Consellería os terreos para a ampliación de Navia, a min iso paréceme mal, proteste por iso. *(Aplausos.)* Proteste por iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Proteste vostede por iso e faga o favor de dicirlle ao Concello que nos ceda os terreos dunha vez, que nos fan falta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lomba, chámoo á orde. *(Murmurios.)*

Señor Gallego, ten unha chamada á orde.

Por favor, imos terminar esta comparecencia normalmente, sen interromper. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, o señor Gallego, non vostede.

Remate, señor conselleiro; ou prosiga, mellor dito.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Eu sei que o señor Gallego ten o seu carácter así e non pasa absolutamente nada.

O señor PRESIDENTE: Non ten tempo, señor conselleiro. Prosiga.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Tamén nos dicía o señor Docasar, coa súa perseveranza habitual e positiva para el —aínda que hoxe o vin un pouco máis agresivo que de costume, señor Docasar, un pouco máis agresivo—, que realmente isto o faciamos porque nolo pedía vostede.

E, mire, nós fixémoslo cando se puido facer. E ¿sabe por que? Porque houbo moitos anos unha situación orzamentaria desta comunidade autónoma, desta administración, como de moitísimas, que era moi, moi delicada. E había que priorizar os recursos públicos e ao mellor había que adiar no tempo un arranxo nunha obra, porque había que pagar ao mellor un PT, ou porque había que poñer máis prazos de comedores, ou porque había que poñer un profesor novo. E ao mellor había que adiar obras, si, téñoos dito moitas veces.

Agora, neste momento, no que afortunadamente, moi afortunadamente, a situación económica, pese a que vostedes non lles acaba de gustar, está mellorando, posibilita que haxa máis recursos públicos para, dalgún xeito, dar saída a estas situacións. E eu o que non podo entender é como vostede pode comparar a situación actual coa situación do Bipartito. Non sei como pode facer, realmente, porque lle vou dicir unha cousa: eu debatín con vostedes en moitas ocasións emendas nos debates dos orzamentos que plantexaban emendas de obras que nin lles soaban ás unidades técnicas,

simplemente porque un concelleiro ou un alcalde llelo dicía a vostedes. Non estaban detectadas nas unidades técnicas, ou, nalgúns casos, dicíannos obras que non eran demandadas polos centros ou dicíannos obras onde non se podían facer porque non había terreos. Eu creo que agora hai unha planificación, leva habendo nos últimos anos unha planificación. Lévese facendo, cos recursos que hai, un notable esforzo.

Mire, nos últimos anos, dende o 9 ata hoxe, se agregamos todos os datos, temos un montante de 143 millóns de euros, cunha media de 17,8. E nesta época as medias son máis altas. ¿Por que? Porque hai mellores recursos. Agora, a xestión previa era para sacar nota. Miren vostedes que a desviación en obras, na contratación das obras e no pagamento das obras, é dicir, no que ten que ver cos modificados e coas liquidacións, na súa época do Bipartito era do 30 %. Necesitabamos un proxecto e había que sumarlle o 30 % das desviacións de obras. Agora está nun 5 %. Daquela non había ningún tipo de norma para redactar proxectos, non existían. Non había ningún control das obras, non había ningún tipo de aplicación onde se puidese sintetizar ou se puidese controlar todo o que ten que ver coa execución das obras. Por iso me estraña que vostede o diga.

E mire, tamén se comentou aquí, tamén comentou vostede o da chequeira na man. Eu non teño ningunha chequeira. Bueno, teño a miña pero é moi pequeniña. Non teño ningunha chequeira. A chequeira non é miña nin do Goberno galego, é dos galegos. E ¿sabe por que a chequeira é dos galegos? Porque aforraron, e cando non había diñeiro non se gastou máis do debido, axustáronse os gastos. Iso facémolo moi ben os galegos, ser responsables e, cando non temos cartos, non gastalos. E agora, o resultado de ter sido responsables e realistas é que temos un fondo, un pequeno premio, un pequeno premio. *(Aplausos.)* Si, e ese pequeno premio materialízase e lévese aos centros educativos. Pero eu non lle ando con ningunha chequeira, estea absolutamente tranquilo que non lle ando con ningunha chequeira.

O que si me gustaría dicir tamén, cando vostede falaba de compararse cos mellores, é que eu creo que tamén me gusta compararme cos mellores sempre. Porque sempre intentas subir. Non intento compararme con Andalucía, que son os peores, non. Intento compararme co País Vasco. E comparémonos en todo. Compare algunhas das súas teimas e véxaas no País Vasco. Hai moitísimos datos que vostede

habitualmente cuestiona. Vaia ao País Vasco e pregunte pola rede de centros concertados, pregunte como está no País Vasco e pregunte como está en Galicia ou como está en Andalucía. E a ver con cal se compara vostede.

E tamén vostede se compara, curiosamente, con Francia e cos países nórdicos, con Suecia e con Finlandia. En Finlandia podemos ir aos centros e ver a autonomía dos centros, que vostede cuestiona. Ou vaíamos a Francia, ou vaíamos a Suecia, e imos ver aí como o que vostedes mal chaman reválidas se fan en primaria e en secundaria. Compárese, vaia a Francia e xa verá como hai avaliacións de diagnóstico, exactamente igual que nos países nórdicos. E vostede aquí cuestiónas. Se se compara para unhas cousas, compárese globalmente; porque, se non, o resultado da comparación é cativa.

E hai unha cuestión que eu non lle podo admitir, que non lle podo admitir en xeral nos debates que se plantexaron, que é que se cuestione a aposta que se fixo tanto pola calidade e pola excelencia educativa –que se viu nos resultados obtidos comparativamente con anos anteriores– como no que ten que ver coa equidade. Volvo ao exemplo do fracaso escolar: de máis dun 25 % a un pouco máis dun 16 %. Non hai nada máis antiequitativo que o fracaso escolar, non o hai. E non hai nada máis antiequitativo que non ter un ensino inclusivo. E esta administración fixo e está facendo un modelo educativo inclusivo. Aínda falta moito e aínda hai debilidades, pero hai un número de profesionais moi importante que velan pola inclusión daqueles alumnos con necesidades educativas especiais; en torno a 3.000, que non é un número menor, non é un número para non ter presente.

E claro que hai que actualizar e mellorar moitas cuestións, por suposto. Pero, mire, que vostedes plantexen e sigan dicindo constantemente que é máis xusto socialmente –e este debate témolo tido moitas veces– o sistema de préstamo de libros que tiñan vostedes que o sistema que temos nós, baseado na renda, é, xa digo, a socialdemocracia de Marx e Engels. Non ten explicación ningunha.

En todo caso, tamén lle digo que teñen que ir actualizándose, teñen que ir actualizándose. Porque falaba vostede da caída do emprego público. Temos 1.112 prazas nas oposicións para este curso, 1.112, que non é un número cativo; o 100 % da taxa de reposición. Que lle recordarei, señor Doca-

sar, que quen puxo a taxa de reposición no 10 % foi o Partido Socialista.

No gasto de funcionamento tamén están desactualizados. Estamos este ano incrementando o gasto de funcionamento en todos os centros. Vostede fala de equipamentos, e acábolle de dicir que imos dedicar unha parte importante deste fondo de superávit a materiais para robótica. O ano pasado dedicamos tamén máis de 2 millóns a materiais para Formación Profesional. Creo que son datos que falan por si sós, pero, bueno, sigamos negando as evidencias.

Remato xa, pero permítanme, con toda a modestia, defender o traballo que se fixo nos últimos anos dende a Consellería de Educación e dende a Xunta de Galicia. Cando defendo ese traballo, non defendo o traballo dos políticos, non, non defendo o meu traballo ou o do meu antecesor. Defendo o traballo do equipo directivo, defendo o traballo de todos e cada un dos funcionarios da Administración pública educativa, dende os subdirectores ou os inspectores xefes aos ordenanzas. Defendo o traballo dos máis de 30.000 profesores que ten o ensino público. Defendo tamén o traballo do ensino concertado, do esforzo que se fai no ensino concertado, dos profesores da concertada. Defendo as familias involucradas no propio ensino, non aquelas que dalgún xeito participan con outros intereses. Defendo os inspectores, os directores, os orientadores, os titores, e incluso defendo o traballo feito por algunhas organizacións sindicais cando plantexan obxectivos xustos, non obxectivos nin finalidades doutro tipo.

E creo que debemos todos –e esa é a clave– estar orgullosos do bo sistema educativo que temos, que é mellorable, por suposto, pero acadamos un bo sistema educativo. E se somos todos capaces de entender que se avanzou notablemente en equidade, en igualdade de oportunidades, en calidade e en excelencia nos últimos anos, creo que teremos moito andado. É certo que ten que haber discrepancias, e é positivo, pero ao final, como país e como sociedade, debemos estar orgullosos do traballo feito, non por min como conselleiro ou polo Goberno, senón por toda a enorme cantidade de persoas que están involucradas no proceso educativo e que nos teñen demostrado co seu traballo que, con rigor, con seriedade, con planificación, con método e con modelo, é posible mellorar a educación como se fixo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Eu preguntolle, xa que vostede fala continuamente de contas do realismo, qué realismo, ¿o realismo máxico da literatura? Evidentemente, o Goberno ten que ter unha preocupación pola mellora da calidade do ensino obrigatorio, pero é o seu deber, non é un mérito. Xa o dixeron tamén noutras comparecencias anteriores.

E vólvelle preguntar: ¿está blindado o ensino obrigatorio público? Considero que na maioría dos países desenvolvidos, os chamados países do primeiro mundo, hai unha preocupación polo ensino público obrigatorio, e practicamente todo o material –como dixeron na primeira intervención– é gratuíto. Eu creo que non estamos falando dun ensino de caridade ¿non?, porque é unha política que vostedes aplican a todos os campos.

Despois, volvendo co tema das reformas dos centros, das actualizacións e creación de novas escolas, o tempo que se tardou en facer esta posta a punto tamén fixo incrementar o gasto. Volvemos a que se debe facer dun xeito pouco a pouco. Parece que non lle parece demasiado ben que lle fagamos achegas, unha crítica construtiva. Vostedes o que queren é mirarse ao espello e dicir que todo funciona ben.

Con respecto ao fracaso escolar, volvo incidir en que, sobre todo, vén derivado da grande crise económica, porque todas as familias non están á par. De feito, fixéronse outras serie de medidas que ían en contra diso. Vostedes aplican medidas incoherentes. Agora parece que empezan un pouco a bulir, a medida que nos imos aproximando ás eleccións. Non sei se vostede fixo unha análise DAFO da súa consellería sobre as medidas que van aplicar, ou as que lle faltan por aplicar, que son bastantes.

E volvo repetir que co tema das linguas e das dotacións económicas parece que seguimos tendo un complexo as galegas e os galegos ¿non? Vostedes queren transmitir iso.

Porque non se van a outras comunidades que non hai ese tipo de problemas. É máis, son inclusivos, incluso para os estranxeiros que van a esas terras.

Hai que comentar que vostede fala da gran calidade, pero vostede tamén esquece que hai unha gran reclamación dos equipos de orientación específicos, que non mencionei na primeira intervención, porque se entende que a actual distribución destes equipos por cada provincia está obsoleta, pois non se ten en conta a realidade poboacional actual. Exixíase unha revisión da estrutura dos equipos de orientación específicos mediante a súa comarcalización, procurando que existiran por cada 20.000 alumnas e alumnos; ou polo menos, como medida de urxencia, que houbera un equipo nas sete cidades galegas.

Outro tema tamén é o comedor escolar, que avogan polos cartos, non avogan pola calidade. E temos un gran problema con iso, coa equiparación das medidas de igualdade do alumnado e, sobre todo, polo tema da nutrición, que sería outro tema pero tamén vai englobado dentro da educación, da consellería que vostede preside.

Tamén falamos de que seguimos coa mercantilización, co clasismo, coa privatización, coa política neoliberal. Menos mal que temos bos profesionais, sobre os que recae a maioría das faltas que ten a propia educación, a pesar de que teñen recortados os seus salarios e outros dereitos. Tamén sabemos que falta moito persoal administrativo, incluso xente que ten que facer un traballo que non é o seu.

E despois tamén me chama moitísimo a atención –e xa se mencionou– o feito das dotacións, que practicamente son invisíbeis, no material didáctico; pero non só do material didáctico directamente do estudo senón do que é a inversión que se fai nas bibliotecas, que practicamente viven da caridade, están obsoletas.

E tamén lle apunto a mellora das plataformas *on line*. Hoxe estamos nun mundo interactivo, e tamén unha maneira de apoio ao que é a asistencia física a clase son os portais educativos, porque tamén nos achegan e tamén se rachan os muros da diversidade xeográfica que padece Galiza, que moitas veces iso non se ten en conta, incluso nin á hora de proxectar ciclos formativos, que parece que volvemos á anti-

güidade, a outra época, outra vez volver ter que ir a estudar á capital.

Tamén outra cousa que faltaría, e non sei se o teñen en conta, vólvo repetir, é que moitos dos centros non están actualizados no que é a accesibilidade á xente que ten discapacidade. Póño aí porque eu non sei se isto está contemplado. Aínda queda moito por cambiar.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Rodríguez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: O señor Fariñas hoxe ilustrounos de xeito especial citando os estudos da psicóloga norteamericana Elisabeth Loftus sobre as ilusións da memoria. Paréceme especialmente pertinente esta referencia, porque estes estudos baseábanse en analizar dous mecanismos que actúan e se activan fundamentalmente na memoria humana. O primeiro deles é a desinformación, que se basea na introdución de información errónea postevento; é dicir, hai un suceso e constrúese un relato que distorsiona o que realmente sucedeu. E un segundo mecanismo, que son os falsos recordos enriquecidos, que non é outra cousa que alterar o pasado dos acontecementos.

E é que isto forma parte dos dous piares esenciais do Goberno galego, é moi curioso; forma parte do manual de cabeceira do Goberno galego. Comprendo, polo tanto, que se faga mención a este estudo. É, dende logo, clarificador. Pero a realidade é que a xente, a pesar de todo, a pesar dos mecanismos que funcionan na memoria humana, ten memoria e recorda. Recorda que recortaron vostedes 400 millóns de euros no ensino, recorda que suprimiron 1.250 profesores e profesoras, recorda que no momento en que máis dificultades estaban a pasar, no momento en que moitas familias tiñan dificultades para encher de alimentos as súas neveiras, vostedes estableceron un repago nos comedores escolares. E recordan tamén que nese preciso momento en que as economías familiares estaban a pasar polos seus peores momentos vostedes fixeron desaparecer un sistema de préstamo que permitía aforrar diñeiro á Xunta de Galicia e achegar materiais a todos os nenos e a todas as nenas.

Esa é a realidade, como a realidade é que as familias dos alumnos do CEIP de Vite –un centro de aquí, cerquiña deste Parlamento– non poden levar a moitos dos seus fillos a saídas extraescolares ou excursións porque non teñen profesorado de apoio que os poidan acompañar. E iso que este centro é un centro de referencia, un centro de escolarización preferente, para alumnado con necesidades educativas especiais. Esa é a realidade educativa, señor conselleiro, da que vostede sempre esquece falar.

Ilustrounos tamén o señor Fariñas –aquí si que se superou, recoñézollo– sobre a filosofía dos precartesianos. Fixo vostede referencia a unha nova escola filosófica. Esqueceu falar dos presocráticos, dos presocráticos, señor Fariñas. Pero, iso si, respondeunos a unha pregunta filosófica esencial, e é qué son as caracolas. Foi a súa grande aportación ao debate de hoxe.

E non me estraña, non me estraña que vostede cite os precartesianos, porque temos que ter en conta que o seu goberno, o Goberno galego, o Goberno do Partido Popular, está a erradicar a filosofía na escola –e así nos loce o pelo– e a está a substituír por materias como esa do emprendemento, xa dende educación primaria. Pero, bueno, así nos loce o pelo a todos.

Fixo vostede, dende logo, unha intervención que dende o meu punto de vista é difícil de clarificar. O señor Pombo si fixo un relatorio –eu creo que bastante exhaustivo– sobre os titulares que acompañaron a este fondo de superávit que, como digo, supera mesmo as teorías da psicóloga Elisabeth Loftus. Pero esqueceu un titular –para min, bueno, un dos máis ilustrativos–, o de *O Correo Galego*, que dicía: “lluvia de millones para fines sociales en Galicia”. Dende logo, todo un exercicio de exactitude periodística, unha chuvia de millóns que inclúe, por suposto, un cheque bebé de 1.200 euros para cada neno que naza. Iso si, despois facemos rememoración do Goberno Zapatero, pero en época electoral, xa sabemos que todo vale, señor Fariñas.

E dixo que se podíamos cuestionar algúns dos datos que dixerá ou que puxo enriba da mesa, encima desta tribuna –unha tribuna que, permítame, señor Fariñas, quedou un pouco resbaladiza despois da súa intervención–; fixo referencia a se podíamos poñer en cuestión algún dos datos do señor conselleiro. Bueno, eu vou poñer dous en

cuestión, dous dos máis importantes: primeiro, gastos de RAM, gastos de reparación, ampliación e mellora de educación infantil consignados nos orzamentos de Galicia. Exercicio 2010, gastos de reparación, ampliación e mellora en centros de educación infantil en primaria, 13 millóns de euros; 2016, 2,5 millóns de euros, é dicir, unha redución de máis de 10 millóns de euros. Gastos de reparación, ampliación e mellora en educación secundaria e formación profesional, 10 millóns de euros no 2010, 1,1 millóns de euros no 2016; falamos dunha redución de 20 millóns de euros, señor Fariñas.

E para rematar cunha cuestión á que vostedes aluden sempre e que eu xa lles clarifiquei en Comisión: o abandono escolar. As maiores taxas de abandono escolar na época precrise estaban nas comunidades como Valencia, Baleares e Canarias. ¿Por que? Había un boom inmobiliario, un boom urbanístico moi importante que atraía o alumnado que acumulaba un expediente de fracaso escolar, é dicir, que tiña 16, 17, 18 ou máis anos, que tiña repetido cursos e que, nun mercado onde era moi fácil acceder a un posto de traballo —en moitos casos con bo salario—, abandonaba o sistema educativo. Polo tanto, ¿que ten cambiado en tan poucos anos para que melloraran as cifras de abandono escolar dende a súa perspectiva? Pois ten mellorado a capacidade do sistema para reter o alumnado nun horizonte laboral absolutamente imposible, con dous mecanismos que acompañan a esta circunstancia: a FP dual e a FP básica, que lles permiten a vostedes adecentar esta imaxe.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Porque todos sabemos que o fracaso escolar, o abandono escolar, non se combate en tan pouco tempo. Temos un marco normativo que é o mesmo para Andalucía que para o País Vasco e as cifras de fracaso escolar ou de abandono escolar son radicalmente opostas: mesma lei, diferentes resultados. ¿Cal é a realidade? Esta si, que diminúen os titulados superiores; isto si, porque as familias non poden pagar a matrícula e porque están precarizando o sistema educativo. Iso si, Europa non demanda de Galicia titulados universitarios porque o que precisa son traballadores con pouca cualificación. E vostedes están sendo servos destas demandas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...e iso é traizoar a Galicia e traizoar o pobo galego.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, hoxe que falei eu dos dous pes fáleme vostede dos tres erres; e eu falaba de propaganda e publicidade porque chove sobre mollado, poñen moitas veces no papel moitas cousas que logo non se cumpren. E se quere falar de erres falamos de erres: erre de raterío nos orzamentos nos servizos públicos; erre de roubo ás maiorías para refinar a banca —que si, para iso hai cartos—, e erre —de propina— de retraso para as demandas que fan as comunidades educativas. Entón, eu voume deixar de retóricas e agradecería —non por nada— que non me fale do fondo de superávit porque, despois de falar de recortes medibles que se contan en miles de millóns de euros... Xa sei que todo o mundo recortou, pero que, para colmo, veña vostede aquí falar de superávit de vinte é que é un insulto, penso eu, á intelixencia. Entón, agradezo que non me volva repetir o tema do superávit e eu non vou falar doutros temas.

Pero vou ir ao realismo, e agradezo que faga vostede unha intervención no tema do pavillón do Barco —por certo, acaba de anunciálo aquí en sede parlamentaria, gustárame que se cumprira despois das demandas da comunidade educativa—. Pero imos ir ao realismo: CEIP de Culleredo, 30.000 habitantes, xa hai un orzamento até o ano 2018; os pais, a comunidade educativa e o Pleno do Concello por unanimidade —incluído o Partido Popular— reclaman da Consellería que o proxecto fora declarado de urxencia para que —ao práctico— entrara en funcionamento no curso 2017-2018. Entón, díganos aquí se este CEIP tan importante, con 450 alumnos, que daría solución, señor Fariña, a varios barracons e daría solucións a aulas que están na vivenda do conserxe, que sería positivo, que o reclama toda a comunidade educativa, dígalles desde aquí —que están preocupados e escoitando, os pais— que a Consellería vai facer posible que se comece no curso 2017-2018 neste CEIP de Culleredo.

Tamén me gustaría, e vou ao práctico, con cousas prácticas...: CEIP Anexa de Lugo, 450 alumnos, promesa, tanto da Universidade de Compostela como da propia Xunta, de que seica no 2013 ía funcionar un novo edificio para albergar, cando menos, todo o ensino infantil, que sería de interese no centro da cidade de Lugo. Estamos no 2016, señor conselleiro. Entón, é unha promesa sobre a que supoño que lle poderá dicir vostede aquí algo tamén á comunidade educativa do CEIP da Anexa de Lugo, que falaban –xa digo– naquel momento de facer un novo edificio para 2013, garantir a continuidade deste centro, non recortar en calidade e non reducir espazos nin matrículas neste centro.

O CEIP Lamas de Abade: xa sabemos que están vostedes en contacto co Concello, mais a comunidade educativa sabemos que, de cara ao curso que vén, se habilitou unha medida –digamos– de urxencia para desdobrar, pero ese centro está chamado a ter unha liña máis. Entón, este ano é o primeiro pero é que para o ano que vén ten que haber outra en segundo, en terceiro... Entón, claro, polo que están preocupados é que de cara ao curso 2017 tamén... ¡oia!, o concello..., non sei que pasa coa vivenda, non sei que pasa ... que quede todo en nada. Entón, a min gustárame que aquí, neste momento en que vostede está falando destas novas inversións, que se aclare un tema tan interesante.

Falou vostede na súa intervención da inclusión, tan importante que, desde logo, o BNG está por defendela. Mais tamén aquí houbo unha iniciativa sobre o CEIP San Pedro de Visma, un CEIP da Coruña, un centro referencial para alumnado con problemas de mobilidade –moitos pequenos andan en cadeira de rodas– e aí precisan unha mellora no acceso, precisan un novo ximnasio e precisan melloras no comedor que nunca son atendidas a pesar de que moitas veces se di nos papeis: non, xa estamos, en canto haxa unha partida nova isto resólvese.

E o pavillón polideportivo do Julio Gurriarán xa me di vostede que... non dixo cando, pero que están no tema.

E a min, xa para ir rematando –que vexo que remata o tempo–, chámame moito a atención que cando aquí se fan referencias musicais todo o mundo ri como minusvalorando o tema da música. E a min, desde logo, non me fai moita graza o tema.

Tamén me gustaría, ao fío do debate, por certo, que nos ilustre o señor conselleiro se está prevista a ampliación do Conservatorio de Compostela, que é unha longa demanda da comunidade educativa –a do Conservatorio–, e tamén hoxe era o momento oportuno para que, na práctica e con realismo, se comprometa o conselleiro nunha cousa tan importante, nunha cousa como a música, que é un idioma universal, que nos podemos entender todos en todo o mundo grazas á música. E, por certo, que a algúns lles fai tanta graza. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Hai moito murmurio na sala. Silencio.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Non lles debe interesar moito o tema...

O señor PRESIDENTE: Si, é que se nota moitísimo. Por favor, se poden gardar silencio porque molesta moito.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: E xa remato, señor conselleiro. Paréceme moi ben esa inversión millonaria para a robótica, paréceme moi ben. Pero eu tamén lle digo que a robótica máis importante para o ensino –sábeo vostede– é o profesorado. E tamén sabe vostede, mellor ca min, señor conselleiro, que hai moito profesorado..., eses miles que marcharon xubilados, aburridos, por falta de consideración, por falta de apoio e por falta de respecto –atrévome a dicirmesmo da propia consellería.

Eu, desde logo, xa remato dicindo...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...que eu viña aquí falando dos dous pes, de propaganda e publicidade, porque xa estamos un pouco fartos das cifras multimillonarias, e logo veñen os erros de retrasos, de obras, que nunca chegan para as comunidades educativas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Agradezo, desde logo, que eses apuntamentos que lle fixen sobre Culleredo, a Anexa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...e San Pedro de Visma, cando menos faga unha referencia, e ao Conservatorio de Música de Santiago.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben, grazas, presidente.

Señor conselleiro, intentarei ser menos agresivo, logo, que na primeira parte da miña intervención; parece que lle molestou a vostede a miña agresividade no día de hoxe.

Bueno, quero aproveitar este segundo turno para facerlle algunhas aportacións –como fago sempre– concretas e que xa fixemos, por certo, no seu momento, cando vostedes presentaron o denominado Plan estratéxico 2015-2020. Entendiamos daquela, señor conselleiro, que estabamos diante dun documento elaborado con detalle e, dende a miña responsabilidade, como portavoz de Educación do Grupo Socialista, aportamos unha serie de ideas que, coma sempre, foron rexeitadas e ninguneadas; e como son moi previsible, hoxe aproveitarei a oportunidade para facelas de novo en sede parlamentaria e diante de vostede. Eran daquela e son hoxe ideas moi concretas para mellorar aquel documento estratéxico 2015-2020. ¿Que propoñiamos en concreto, señor conselleiro? Pois propoñiamos, en primeiro lugar, incrementar o orzamento educativo nos próximos cinco anos en 600 millóns de euros para recuperar con feitos –e non tan só coa chequera na man que hoxe nos presenta– un nivel de investimento educativo que nos equipare cos países máis exitosos do noso entorno económico-cultural e de irnos achegando, progresivamente, a un investimento do 5 % do PIB nos próximos cinco anos, e coa idea última de chegar a un investimento educativo do 7 % do PIB en 2025, cousa totalmente distinta do que vostedes teñen asinado e comprometido coa Comisión Europea, que é elevar en 2019 –que estamos aí á volta da esquina– ese investimento educativo ao 3,7 % do PIB.

¿E para facer que, en concreto, señor conselleiro? Diciamos nós que eses 120 millóns de euros a maiores por ano deberían servir: para o arranxo, efectivamente, de numerosos edificios educativos que foron quedando obsoletos pola falta dun axeitado mantemento durante a etapa austericida; para facer unha política de bolsas suficiente, e que ningún rapaz ou rapaza que teña capacidade, non cartos, poida acceder a estudos superiores; para recuperar paulatinamente as plantillas docentes –paulatinamente, iso é o que nós tamén pedimos– e as condicións laborais e profesionais arrebatadas ao profesorado nos últimos anos; para eliminar a fenda dixital entre centros educativos das cidades e centros do rural, asegurando tamén a drástica redución do abandono escolar –por certo, gustárame tamén que dese en sede parlamentaria o dato de que porcentaxe de éxito temos na FP básica, agora vai rematar a primeira promoción. Dígame que porcentaxe empezou no primeiro curso e cal é a porcentaxe de éxito agora que os temos aí e que van rematar na primeira promoción. Digo eu que para ese tipo de estudos, finalmente, que non se converta, xustamente, nun aparcadoiro, que mellore cifras de fracaso escolar e que despois sexan tramposas–. Decía tamén, un quinto punto, para ter uns servizos complementarios de calidade, comedor e transporte escolar, que faciliten realmente a conciliación laboral e familiar da poboación; un sexto punto, para acadar un nivel de coñecemento de linguas estranxeiras homologable ao resto de países da Unión Europea, facilitando as estadias de inmersión lingüística no estranxeiro para profesorado e alumnado; un sétimo punto, para que todos os nenos que cursan o ensino obrigatorio contén con libros de texto e material escolar –e aquí un inciso, o proxecto de libros de texto, de préstamo universal, chegaba ao 100 % da poboación, señor conselleiro, e era máis barato que o que teñen agora, que chaman gratuidade solidaria, é un sistema tramposo incluso na propia designación da palabra–. Un oitavo punto, para recuperar o consenso lingüístico e o investimento na lingua galega; un noveno punto, para recuperar o talento emigrado por falta de expectativas e un décimo punto, finalmente, para acadar un pacto estable pola educación e con capacidade real de durar no tempo, que evite o desastre permanente de mudar de lei cada vez que cambia un goberno.

Señor conselleiro, para facer cousas coma estas podería contar vostede co Grupo Parlamentario Socialista, para facer propaganda utilizando como extras os deputados e deputadas desta Cámara, para iso, evidentemente non.

Señor conselleiro, un dato que antes me daba, tamén, o meu compañeiro Manel. Zona de Vigo, Nigrán, Baiona, Mos e Gondomar: non pode ser que nun concello vostedes invistan 2.000 euros ou 9.000 euros, e nos concellos limítrofes, que son gobernados polo Partido Popular, teñamos inversións de 100.000 ou 200.000 euros. Iso é unha discriminación.

E remato xa, tamén, dicíndolle: vostede é profesor de Xeografía Humana e vostede coñece o concepto de ‘per cápita’. Claro, evidentemente, a cidade de Vigo, a cidade de Ourense, a cidade de Lugo, van ter máis investimento que Negueira de Muñiz, é obvio, pero, ¡claro!, é unha obviedade que tamén convén reseñar.

Por certo –e xa remato con isto, sería un último dato–, agora mesmo, antes de vir para aquí para falar con vostede e para ter este debate, un director dun instituto da provincia de Lugo remíteme un whatsapp e dime, textualmente, que a día de hoxe, 7 de xuño, os centros educativos, da provincia de Lugo polo menos, non recibiron un só euro dos seus gastos de funcionamento, o segundo envío que deben recibir os centros, que vai un mes de retraso, e pídlle hoxe aquí, en sede parlamentaria, que a partir de mañá dea vostede orde de pagarlles aos centros –quero pensar que non soamente é Lugo, será toda Galicia, porque se fora soamente Lugo, estaría dobremente cabreado–.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Docasar, vostede recibiu un whatsapp, eu unha mensaxe. Aluma de colexio público, Paloma Eiroa, que, se me está escoitando, saúdoa: “Dilles alí aos teus compañeiros a ver se sodes quen de convencer os meus profes para que me leven de excursión”. Arreglado o asunto, ¿verdade, señor Vázquez? Non imos profundar no tema, porque sei que vostede non quixo dicir o que insinuou nesta tribuna. Pero imos entrar en materia, que é o que temos que facer.

Se ten vostede algo que dicir dos precartesianos, por favor, dígallo ao seu veciño de escano, que foi o que citou os precartesianos na outra comisión o outro día. E se ten algo que lle dicir da escolástica, dígallo a el tamén porque non é o caso. Eu simplemente aludín a el para facer despois a referencia que fixen, que se non lle gustou ou non estivo á altura intelectual do que vostede acostuma, pois, busco outra ou retíroa, a min tanto me ten. De todos os xeitos, volveu fallar vostede.

Díxennlle, como xa lle dixen noutra ocasión, que veña vostede á tribuna e diga un só dos indicadores que miden a calidade educativa, un, que non mellorara no tempo de goberno do Partido Popular. A outra vez saíu vostede por peteneras e veu aquí e falou das escolas infantís, que non pertencen á educación –como xa lle dixen daquela–, que pertencen á política social. E hoxe vén falar aquí de euros. ¿En que índices de medición encontra vostede o principio economicista? Absolutamente en ningún; en ningún. E se quere cítolle a Hanushek –que supoño que tamén lle gustará–. Di que as escolas non se rexen polo principio de inversión senón polo de calidade de ensino, e iso non se consegue sen ter uns profesores de calidade. E o único que di nese sentido Hanushek, falando de cartos, é que as escolas con menos alumnos, o único que son é máis caras, pero non teñen mellores resultados. Se vostede contradí a Hanushek, eu estou encantado, pero traslado o que el pode dicir, aquí.

E, ao fin e ao cabo, se falamos de euros, o señor conselleiro puxo hoxe encima da mesa na súa comparecencia algo que está meridianamente claro. Claro que unha frase que acuñou el de facer máis con menos é certa, pero é que agora, señor conselleiro, se me permite esa frase que vostede empregou cando era portavoz deste grupo parlamentario, agora que o son eu, vou dicir, e agora espero que a frase seguinte que acostuman a trompetear dende as bancadas da oposición para atacalo a vostede sexa: facer moito máis cun pouquiño máis. Xa que faciamos moito máis con menos, agora cun pouquiño máis faremos bastante máis, que é o que se espera dunha administración responsable, que o único que fixo durante estes anos foi mellorar o sistema educativo de Galicia, tanto na súa calidade como na equidade –están os datos aí, non o digo eu, dino a OCDE, dino o informe IVIE baseado, por certo, no seu informe PISA–. En equidade, o segundo sistema educativo do mundo, o segundo, medido pola OCDE. En equidade real, recorra vostede ao... A única Comunidade Autónoma española, xunto co País Vasco,

que acada uns parámetros homologables co lider mundial, que é Finlandia, que está en 107 puntos; nós en 106,9. É dicir, equidade real, isto non o digo eu. Polo tanto, se a vostedes non lles gusta a equidade, señor Docasar, evidentemente, nós acabamos co “café para todos” que tiña por norma Galicia na época do Goberno anterior, “café para todos” e café aínda encima de mala calidade. Agora hai café para todos de boa calidade, para os que non o poden pagar, e os que o poden pagar, pois, efectivamente, o pagan. E iso é equidade, o outro é inxustiza. O outro é inxustiza, isto si que é equidade.

Becas: equidade, señor Docasar. Claro que poden estudar os fillos das familias menos desfavorecidas; co mellor plan de becas de toda a historia deste país, con 1.470 millóns de euros, 260 millóns de euros máis que no último exercicio económico do señor ex-presidente do Goberno socialista, que non lles gusta o nome. ¿De acordo? E aínda encima, Galicia complementa, tamén, de solidariedade –porque dispón dos fondos suficientes–, unha beca específica para aqueles alumnos non acadan os criterios do territorio MEC, como se acostuma a chamar, ¿verdade? en Galicia. Todos están incluídos aí dentro. Polo tanto, equidade, toda; e posibilidades, todas; e solidariedade, toda. A que é posible, porque aquí parece que moitos voceiros soben aquí arriba e non se dan conta de que, efectivamente, pasamos unha época na que non había abundancia, había máis ben escaseza. Claro, xa llo dixo o señor conselleiro, taxa de reposición, o 10 %; pero, ¿quen a puxo? O Goberno socialista. ¿Quen a sufriu? Todas as comunidades autónomas, que non nos permitían. E agora di, aquí un di 4.000, o señor Pombo, 4.000; o señor Vázquez –máis obxectivo– utiliza a cifra, 1.260...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...efectivamente, señor Vázquez. ¿Cal é a oferta pública de emprego deste ano? ¿Cal foi a oferta pública de emprego do ano pasado? Xa supera con creces os 1.200, porque imos a 1.600. En canto nos deixaron, en canto na conferencia sectorial o señor conselleiro solicitou repetidamente, co PSOE e co PP, conseguíuno co PP, lamentablemente para vostedes,...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...pasar do 10 ao 50, e este ano por primeira vez ao 100 %, e se executa ao 100 %, e

haberá a reposición, que esa é a figura da oferta pública de emprego.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Polo tanto, señor conselleiro, moitísimas grazas polas súas explicacións, pola súa dedicación e polo seu acerto de tomar as medidas que hoxe nos presentou aquí.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

Pecha esta comparecencia o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bueno, moitas grazas, señor presidente.

Ben, estamos en Galicia, non estamos en Macondo, e non serei eu quen diga que todo funciona á perfección, nunca o dixen nesta tribuna e non o vou dicir. Agora, tam pouco vostedes neguen que nos últimos anos se ten avanzado dun xeito notable no sistema educativo. ¿Que queda moito por facer? Si, seguro, e hai que facelo, seguro. Agora, o que non se pode negar –porque non é crible, ninguén o cre– é que nos últimos anos, en xeral, moitos servizos públicos, pero en particular, o servizo educativo, ten avanzado notablemente, e notablemente en moitísimas variables.

E, claro, falábase de por que se recordarán estes anos. Pois seguramente, moitos nenos, moitas nenas, cando non sexan tan nenos, sexan homes e mulleres, recordarán que foi un momento onde ás súas aulas chegaron equipos informáticos, pantallas dixitais; foi o momento cando chegaron algúns xóvenes, algúns mozos e mozas falando inglés a moitísimos centros públicos, a catrocentos e pico. Ao mellor é o momento que recordan tamén que chegan materiais para estudar robótica, ou outros tipos de equipamentos absolutamente modernos. Ao mellor tamén recordan que foi o momento cando a súa familia deixou de pagar comedores, porque se ampliou a rede pública captando moitísimos comedores que eran de ANPA, onde pagaban todos con independencia da renda, e agora as familias con menos recursos deixaron de pagar, seguramente o recordarán. Recordarán ao mellor,

tamén, como se puxeron en marcha asignaturas creo que moi interesantes para o actual contexto: programación, robótica, paisaxe, patrimonio, asignaturas de libre configuración, ao mellor o recordan. E tamén recordarán, ao mellor, os alumnos con necesidades educativas especiais, que tiveron programas de reforzo, que houbo protocolos que encauzaron a educación nese tipo de modelos, en autismo, en TDH, seguramente recordarán iso. E ao mellor non recordan que haxa máis ou menos presuposto en comparación co ano 2009, porque iso, ao final, queda aquí, pero o que si van recordar, seguramente, son estas cousas. E iso é un balance positivo, do cal penso que debemos presumir, porque non o negamos nunca, hai menos RAM que antes, por suposto que hai menos RAM que antes, pero isto témolo dito centos de veces, moitas veces. Agora o que non podemos é intentar minusvalorar un dato tan importante como é a redución do abandono escolar. É un dato fundamental, é intentar dicir ¡bah!, non foi cousa do sistema educativo. ¡Home! Eu creo que deberían coñecer vostedes os contratos programa, por exemplo, ou as melloras que houbo en formación profesional. E, sobre todo –que tanto lles gusta comparar con outros territorios–, pois miren como están noutras comunidades autónomas, e, sobre todo –xa que para vostedes é todo igual e non foi mérito deste Goberno–, pois miren vostedes como baixou dende o ano 2009 ata hoxe en Galicia en comparación con outros territorios. A partir de aí, invéntese un relato, que realmente é un pouco superfluo todo o que se poida dicir.

E, claro, o señor Pombo tamén nos di que non falemos do superávit, que non falemos dos investimentos e que falemos doutras cousas. E vostede citou a Cherres e eu volvo citar a Cherres. Creo que, tamén, é máis sintético. Hai unha renovación do modelo, o erre da renovación do modelo. Dende o ano 2009 houbo unha renovación do modelo, dixémolo: máis idiomas, máis TIC, máis FP; pero quizais o máis importante, ademais disto, sexa quizais a adopción de medidas transversais no sistema educativo, medidas que foron orientadas á innovación educativa, que foron orientadas á autonomía dos centros, que foron orientadas a ter unha maior cultura do esforzo, que foron orientadas a unha maior atención á diversidade, a maior convivencia, a maior equidade, eses contidos transversais, que se ven en todas as variables, creo que son un exemplo de renovación.

O erre, o erre, tamén, de relanzar a educación, que se relanzou mellorando todos e cada un dos índices básicos que

poden definir un bo modelo educativo. Agora, ¿conformámonos? Non; hai que seguir mellorando, pero houbo un relanzamento notable nas variables educativas.

Erre de reasignación eficiente e recursos públicos. Creo que niso si se pode presumir, humildemente, pódese presumir de como unha xestión moi eficaz e moi eficiente dos recursos públicos, e como se materializou en efectos múltiples. Por exemplo, que o transporte escolar non sexa o condicionante para que un neno teña acceso gratuito a un servizo, que sexa a renda, ¿por que? Porque é moito máis equitativo socialmente, sen dúbida. Que vaia en autobús ou á distancia onde reside un neno respecto ao seu centro educativo, non é unha variable xusta. É moito máis xusta a renda, sen dúbida.

Outro erre, o erre de respecto absoluto ao profesorado, a un colectivo amplísimo, máis de 30.000 profesionais no sistema público. E tamén dixen antes, respecto ao profesorado do ensino concertado, preto de 5.000, entre 4.000 e 5.000, e tamén do profesorado universitario, absoluto respecto a todo este colectivo, que é a base fundamental do sistema.

Bueno, ao final, vostede tamén nos falou de moitos centros, centros concretos. Entenderá que non lle podo responder a todos, estamos falando de 219 concellos, 683 actuacións, 527 centros educativos; pero voulle responder a algúns –porque fixo fíncapé–, a dous ou a tres nada máis: o CEIP de Culleredo ten unha partida de 800.000 euros para obra nova; estanse redactando o proxecto, está a piques de presentarse, non hai fallo, iso está no plan, no Plan de infraestrutura. E vostede fala de Lugo e di como se en Lugo non se investira, ¿se Lugo é o concello que máis investimento recibe no ano 2016 e que ten recibido moitísimo nos últimos anos!, moitísimo, ¿por que? porque fai falta, simple e llanamente, porque hai necesidades educativas e se cobren. ¿Quen goberna en Lugo? ¿O Partido Popular? Non, co cal todo o que falan vostedes de sectarismo, partidismo, etc., pois, realmente, ao poñer os datos encima da mesa, cae. Cae tamén algún dato que se citou aquí da ría de Vigo.

Nigrán. Señor Docasar, non se deixe meter goles (*Risos.*), non se deixe meter goles. É dicir, os cantos das sereas ou das malas sereas, das náíades, non levan a bo sitio. En Nigrán vanse investir 230.000 euros; e fixemos un acordo co Concello de Nigrán no cal estaba perfectamente infor-

mado de que se ían investir no centro de secundaria máis de 100.000 euros e no centro de primaria, pactadamente entre o xefe territorial e o alcalde, falaban dun investimento moi cativo –en primaria–, pero que estaba compensado co de secundaria, porque era realmente onde había necesidade de facelo. A partir de aí, iso utilizouse como escusa para o que vostede e máis eu sabemos e que, como xa lle dixeran, non pasa dunha rabieta. Por iso lle digo que –con todo cariño– non se deixe meter goles.

Pero, en todo caso –e xa remato–, creo que o que acabamos de presentar é un fondo importante para a educación galega. Estamos a falar, entre o fondo de superávit e o que xa estaba planificado –porque se puido facer agora e non antes–, de 39,7 millóns de euros; practicamente 40 millóns de euros. O fondo de superávit, estamos a falar da metade, do 50 % aproximadamente, de 20,8. E repítolle os datos: 683 actuacións, 527 centros educativos, 219 concellos. É dicir, que hai un tratamento que agora se pode facer e que antes non se puido, moi positivo para os centros educativos e, fundamentalmente, para os alumnos e para os profesores que van a eses centros educativos.

E eu creo que sería bo que, dunha vez por todas, fósomos capaces de recoñecer que o ensino galego ten mellorado notablemente. ¿Que quedan cousas que mellorar? Si, pero que ten mellorado notablemente nos últimos anos. E no tocante ao fondo de responsabilidade, que case dá a sensación, despois de escoitalos a vostedes, que case é unha aberración.

Eu creo que, se estamos falando de educación, ben podíamos facer un símil, ¿non? Cando un estudante é responsable, atende en clase, estuda, se esforza, suele sacar boa nota, ¿verdade? Pois, o Goberno galego, igual que a inmensa maioría dos galegos, tamén é fiable, tamén é responsable, tamén se esforza e cumpre, cumpre con seriedade, e ao final tamén ten unha boa nota. E esta boa nota en educación chámase 20,8 millóns de euros, que pensamos que é unha nota, non digamos que é matrícula de honor pero é unha nota moi, moi alta; e esa nota moi, moi alta é consecuencia da responsabilidade e do traballo feito. Porque, ao final, se a eses 20 lle sumamos o que xa tiñamos, estamos falando de 40. E, insisto, matrícula de honor non serei eu quen o diga, pero que é unha nota moi alta, por moito que vostedes se esforcen en negalo, creo que o expediente así o vai reflectir.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Comezamos a sesión co punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentóuselle unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 50943).

Emenda de adición.

Engadir o seguinte punto:

“4- Instar ao Goberno do Estado á paralización e posterior derogación da LOMCE e das reválidas contempladas na mesma.”)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Hipólito Fariñas Sobrino, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que, a partir da Lei Orgánica en vigor, se explore a posibilidade de acadar un pacto de Estado pola Educación que trate de consolidar a senda de mellora dos indicadores de resultados consecuencia das innovacións pedagóxicas e metodolóxicas postas en marcha nos últimos anos.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

O certo é que o debate da interpelación, coa que se substitúa a presente moción, celebrado no pasado pleno, deixou un pouso, un halo, certamente preocupante nesta Cámara, polo menos para o Grupo de Alternativa Galega de Esquerda. O Goberno galego, en voz do conselleiro de Educación, acusounos directamente, sinalounos como os culpables do importante, elevadísimo e recoñecido nivel de absentismo e de rexeitamento contra as reválidas, fíxonos máximos responsables dese movemento de desobediencia civil, e nós dixémoslle claramente que a cidadanía tiña criterio propio e, polo tanto, actuaba con base nas súas propias análises da realidade.

Preocúpanos que o Goberno recoñeza a Alternativa Galega de Esquerda máis incidencia social que ao propio Goberno, cando dispón de todos os mecanismos institucionais e tamén —¿por que non dicilo?— de todos os mecanismos mediáticos para estender e facer saber a súa liña de acción, en moitos casos, dende logo, inxusta, como no caso que nos ocupa.

O certo é que esas acusacións foron vertidas polo Goberno galego cando a realidade é que o máximo responsable do nivel de absentismo, do nivel de rexeitamento contra as reválidas, foi o elevado grao de irresponsabilidade do propio Goberno. Impuxo unhas reválidas absolutamente chapuceiras que implicaban, por unha banda, o incumprimento da propia LOMCE, que establecía claramente que as reválidas eran unhas probas de carácter externo e que terían que ser aplicadas, en consecuencia, por persoal externo aos propios centros, cousa que en Galicia, evidentemente, non se fixo,

foron os propios mestres de cada centro educativo os responsables de aplicalas. En segundo lugar, chapuceiras porque desprezaban de xeito absolutamente claro e aberto o traballo de avaliación continuo, sistemático e formativo que se está a realizar nos centros, dando a entender, deixando entrever, que a avaliación que se fai nos centros non é suficiente para detectar as dificultades de aprendizaxe dos propios alumnos e, en consecuencia, as necesidades do propio centro. Desprezaban tamén o traballo dos profesores e das profesoras, que demandaban determinadas intervencións por parte da Administración educativa e que sempre foron ignoradas, e máis agora —dise—, que son as reválidas o mecanismo para saber cales son esas necesidades. E, finalmente, foron chapuceiras porque trataron de coaccionar as familias dun xeito absolutamente inverosímil, porque os nenos que non realizaron as reválidas de terceiro xa sabían que non tiñan ningún tipo de repercusión para eles e para elas e, polo tanto, para os seus fillos.

O resultado foi un sonoro fracaso, un fracaso que o Goberno recoñeceu nun 40 % de absentismo, pero que as confederacións e asociacións de nais e pais de alumnos establecen por riba do 60 % eses días, os días de realización das reválidas.

Polo tanto, estamos diante dunha situación grave que ten que facer reflexionar o Goberno galego, nós entendemos que nun exercicio de responsabilidade obrigada para un goberno que se dá en chamar democrático.

Alternativa Galega de Esquerda advertiu destes feitos, e advertiuno ademais xa no curso pasado. Neste nivel, neste momento, nesta fase de todo este proceso absolutamente absurdo, nós cremos que é evidente que as reválidas aplicadas carecen de validez, carecen de fiabilidade e carecen de rigor científico. A mostra empregada para a aplicación desas probas estandarizadas non é válida posto que hai un nivel de seguimento das reválidas absolutamente variable e diferente en cada un dos centros educativos. Polo tanto, resulta imposible comparar magnitudes, comparar centros ou extraer conclusións dunhas probas aplicadas de xeito tan desigual.

Carecen, polo tanto, de fiabilidade, posto que mesmo hai centros que directamente non realizaron estas probas; polo tanto, non se poden extraer unhas conclusións aplicadas ao conxunto da comunidade educativa galega. E carecen de

rigor científico, e non é soamente que o diga Alternativa Galega de Esquerda, hoxe mesmo, estes días, pero hoxe nos medios de comunicación, e con anterioridade a través do seu propio comunicado, a Asociación Galega do Profesorado de Educación Matemática facía unha análise absolutamente rigorosa das reválidas de sexto no referido á materia, á competencia, matemática. Nesa análise absolutamente, como digo, rigorosa, manifestaban claramente que as reválidas de sexto no campo, na área matemática, eran totalmente inaxeitadas, demasiado longas, que establecían tempos de resposta dun minuto corenta segundos para cada un dos ítems, de xeito que era absolutamente imposible para un neno dese nivel, para unha nena dese curso, realizar operacións complexas, consultar gráficas, aplicar fórmulas, realizar mesmo cambios de unidades nese tempo que se lles deixaba.

O profesorado de Matemáticas, a Asociación do Profesorado de Matemáticas, atopou absolutos fallos na redacción dos enunciados; enunciados mal redactados, que contiñan erros –erros de contido, pero tamén erros de plantexamento–. Atoparon erros como que mesmo se mesturaban unidades de volume con unidades de peso, confundindo, polo tanto, o alumnado; ou como que se inducía á confusión ao alumnado ao longo dunha serie de preguntas nas que sistematicamente se lles pedía que escolleran a opción correcta e, de repente, polo medio, un pouco a medio de gazapo, cambiábaselles para atopar a opción falsa. Tamén se lles pedía a realización de operacións con decimais –insisto, sexto de primaria– sen poder usar unha calculadora; polo tanto, existindo algo que escapa ao seu nivel académico e educativo.

O relatorio e o estudo que fai das reválidas a Asociación de Profesores de Matemáticas é directamente para botarse a chorar. É indigno que nun sistema educativo, no que tan faltos estamos de recursos, onde tan necesitados estamos, ademais, de tempos para desenvolver novas metodoloxías, novos modos de aprendizaxe e para ter tempo material para dar unha aprendizaxe significativa, individualizada e que nos permita atopar, deseñar e establecer mecanismos de intervención para aqueles nenos que teñan dificultades de aprendizaxe, se lles obrigue aos nenos a pasar unhas probas que están mal deseñadas e que conteñen erros deste calibre.

Nós dixemos no seu momento que as reválidas eran antipedagóxicas, pero xamais imaxinariamos que, ademais de

ser antipedagóxicas, eran unha aberración dende o punto de vista científico e de deseño conceptual.

Pero hai un elemento que hoxe quero deixar aquí moi claro e que me gustaría que fose sometido á valoración por parte de todos os deputados e de todas as deputadas. Temos constancia, temos coñecemento, dun feito moi grave, como é que había familias que coñecían xa as preguntas das reválidas con anterioridade á súa realización. Houbo filtración das propias preguntas antes de ser realizadas. E hai casos aínda máis graves de centros que non realizaron as reválidas nos días sinalados para tal fin e que, sendo estas probas feitas ou aplicadas tres, catro ou cinco días despois, xa tiñan, por suposto, as familias e os nenos coñecemento de cales eran as preguntas porque xa foran publicadas nos medios de comunicación.

¿Como se poden extraer conclusións diante deste desaguisado, diante deste exercicio chapuceiro de avaliación en teoría externo? É evidente que as conclusións, os resultados destas reválidas, non poden ser tidos en consideración polo Goberno galego polos motivos que dixen.

Polo tanto, nós entendemos que, nun exercicio de responsabilidade, o mínimo que se debería facer por parte do Goberno é asumir esta falla de validez, esta falla de oportunidade, pero tamén da capacidade que pode ter o Goberno de sacar conclusións, e dar, evidentemente, por non aplicadas as reválidas deste exercicio.

Cremos que iso tranquilizaría, cando menos, as familias que, exercendo ese dereito tamén a que os seus fillos recibisen a aplicación desas probas, polo menos non se sintan agraviadas, porque, ademais das familias que exerceron ese dereito á insubmisión, tamén temos que as familias que levaron os seus fillos ese día se senten profundamente enganadas, e teñen dereito a que se rectifique.

Ese é o motivo, polo tanto, polo que pretendemos substanciar a moción con eses tres puntos: por un lado, asumir a falla de validez das reválidas da LOMCE, non ter en conta os seus resultados, neste ano; en segundo lugar, solicitar a convocatoria da Mesa Sectorial de Educación para que, dende logo, se paralice, se suspenda, o calendario de implantación da LOMCE, porque estes erros chapuceiros se van seguir producindo de persistir o Goberno no desenvolve-

mento normativo desta lei, e, en terceiro lugar, paralizar o desenvolvemento normativo da LOMCE en Galicia para o vindeiro curso 2016-2017 na forma dos decretos ou normas, ordes subsidiarias...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...que o Goberno galego ten aplicado ou teña previsto aplicar.

Cremos que isto é un exercicio de responsabilidade para o Goberno porque non se pode seguir a xogar cos nenos e coas nenas e tampouco enganando as familias. Esperamos que sexa asumida esta iniciativa sobre todo polo grupo que sostén o Goberno.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego máis unha vez manifesta neste Parlamento a súa posición sobre as probas de avaliación da LOMCE, as reválidas, polo alumnado de terceiro e mais de sexto de primaria; e, en segundo lugar, sobre a LOMCE, a lei máis corrosiva para o ensino público galego, o auténtico cancro para o noso sistema educativo galego, segundo manifestei nesta mesma tribuna o pasado 11 de maio, o día que comezaron as probas de avaliación final de primaria.

Naquel momento reclamei desde esta Cámara parlamentaria, en primeiro lugar, escoitar a comunidade educativa galega, que reclamaba máis unha vez paralizar urxentemente a aplicación da LOMCE na Galiza, e tamén as reválidas, por suposto. E, en segundo lugar, instar o Goberno do Estado á derogación desa LOMCE, porque nós entendiamos que a reválida de final de primaria e mais a de terceiro do

pasado mes de maio foron rexeitadas con rotundidade pola comunidade educativa galega, que consideraba –esta comunidade– que o lóxico, o normal e o responsábel debiera ser que a Consellería paralizase a realización destas probas, en primeiro lugar porque a comunidade educativa galega non as quería e, en segundo lugar, porque hai unha maioría do profesorado que considera unha aberración, desde o punto de vista pedagóxico, someter o alumnado a unha presión innecesaria mediante probas que non consideran a educación como un proceso global no que hai que considerar as circunstancias persoais, socioeconómicas e as capacidades e as actitudes do alumnado. Tamén porque se despreza a avaliación continua e a opinión do titor ou titora e do equipo docente, que son quen mellor coñecen as carencias, potencialidades, habilidades e capacidades do alumnado, así como os medios, recursos e apoios necesarios para mellorar a aprendizaxe e o rendemento escolar, por moito que nos digan que esta proba é para detectar problemas –en terceiro, non se detectan antes–.

En terceiro lugar, as ANPA galegas tamén rexeitan con rotundidade as probas porque provocan un estado de tensión innecesario, porque discriminan o alumnado con necesidades educativas especiais, porque non se ten en conta as familias na participación da educación dos seus fillos e das súas fillas e porque a maiores vai provocar un gasto inútil –por certo– despois de máis de sete anos de recortes continuados no ensino público galego.

Se o 11 de maio manifestaba isto, hoxe manifesto o mesmo, reitérome, ademais, despois de comprobar como a inmensa maioría da comunidade educativa galega rexeitou –xa digo– con rotundidade a LOMCE e as reválidas, despois de comprobar como a maioría do alumnado dos centros públicos, a inmensa maioría, estivo ausente dunhas reválidas prexudiciais para o ensino público galego, despois de comprobar que mesmo houbo filtracións de parte das probas na prensa escrita –motivo máis que suficiente para declaralas nulas–, hoxe mesmo vén a Asociación Galega de Profesorado da Área Matemática un pouco desvirtuando estas probas que aquí nos vendían como a panacea universal e despois de comprobar, por suposto, que a aplicación da LOMCE na Galiza está a ser un auténtico desatino, absoluto. Xa digo que hoxe volvo apoiar a retirada da LOMCE por resultar negativa para a calidade do sistema educativo e porque pretende a selección e o etiquetamento do alumnado, cunhas

probos que lembran as reválidas de épocas pasadas e que resultan moi pouco respectuosas cos factores diferenciais das persoas e das comunidades dun estado plurinacional.

O BNG apoia, dende logo, que a Xunta asuma a falla de validez destas reválidas, o BNG apoia tamén que a Xunta paralice o desenvolvemento normativo da LOMCE na Galiza, mais o BNG entende que a Xunta debe tamén instar o Goberno do Estado á paralización e posterior derogación da LOMCE e das reválidas.

Por iso presentamos unha emenda á moción de Alternativa Galega de Esquerda que agardo que sexa aceptada, porque a LOMCE debe ser paralizada, mais tamén debe ser derogada.

Máis nada. Agardo que acepten a emenda que acabo de relatar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Fariñas Sobrino.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, é un feito que a sociedade galega, a sociedade española, leva anos reclamando un consenso, chámenlle vostedes acordo, chámenlle pacto, chámenlle como queiran. E é verdade que politicamente pouco se avanzou neste sentido. Os distintos gobernos non tiveron a sorte de contar con apoio cada vez que houbo unha lei. Todas as que se aplicaron, socialistas, ata o curso pasado, que empezou a primeira lei de educación forxada por un goberno do Partido Popular, pero o que si é verdade é que non tivo apoio de ningún outro grupo político, non así doutros estamentos pertencentes á comunidade educativa, que participaron na elaboración da lei e que ao mesmo tempo lle deron o seu aval. Pero vostedes non consideran que isto sexa suficiente.

No pasado pleno intentamos tamén, con outra unha iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, que este Parla-

mento fora o primeiro parlamento de España que acadara un consenso unánime arredor dunha necesidade do sistema educativo español, que necesita unha mellora continua na súa calidade, na súa equidade e no seu compromiso por reafirmar un dos valores fundamentais reflexados no noso principio constitucional da igualdade de oportunidades.

Parece ser que, un pouco alonxados, a uns 600 quilómetros de aquí, alguén tivo algo máis de sentido común, porque na Universidade de Nebrija catro representantes dos catro principais partidos de España, de Ciudadanos, de Podemos, do Partido Socialista e do Partido Popular, si acadaron un principio de acordo e asinaron un principio de acordo para un pacto de Estado pola educación. A ver se nós hoxe somos quen de chegar a un pacto tamén da Comunidade Autónoma pola educación galega, que xa sei que está sometida aos designios e preceptos dunha lei nacional, pero que sexa ese o primeiro paso para poder empezar a seguir cunha lei.

¿E por que digo a seguir cunha lei? Porque para chegar a ese pacto, haberá que partir de algo, e ese algo terá que ser o que está en vigor. O que está en vigor é a LOMCE, xa non estamos no debate LOMCE si, LOMCE non. Ese debate esta superado, e hoxe estamos no debate de: pacto ou acordo si, pacto ou acordo non. E teremos que ser os voceiros representantes dos partidos políticos, e nos gobernos, os que digan se ese pacto é posible ou non é posible. Pero, bueno, ao mellor temos que olvidarnos de: “*no es no*”, “*a ver que parte del no no entiende*” e cousas polo estilo. Estamos para tratar de olvidar o que nos separa, que é bastante menos do que nos une.

Polo tanto, se somos responsables e somos quen de poñernos de acordo ao redor do que nos une —que xa insisto en que é máis do que nos separa—, pois faremos algo polo sistema educativo e polas xeracións que veñen detrás de nós e que necesitan confirmación desa igualdade de oportunidades da que antes falaba.

Pero nós, xa que pola mañá empezamos con precartesianos, cartesianos, sofistas e demais, seguimos esa máxima cartesiana que di que cando un está perdido nun bosque, pode quedar quieto, pode arrancar para un lado e cambiar de dirección en cada esquina que atopa ou en cada árbore que se lle pon diante, ou simplemente pode coller recto e chegar a un sitio. Non será o sitio ao que quería chegar, pero chegou a

algún sitio, e de aí xa pode partir cara outro. Desde logo, quedando quieto e dando voltas, non se chega a ningún lado, e as leis socialistas aquí o único que fixeron foi traer malos resultados, cambiar de dirección continuamente e non consolidar absolutamente nada. Por aí chegamos aos peores resultados.

Señor Vázquez, que falabamos pola mañá, neses elementos de valoración da calidade do sistema educativo chegamos aos peores da nosa historia, e non o di o Partido Popular, dino todos os informes internacionais, aos que tamén fai referencia na súa iniciativa.

Pero estamos hoxe aquí con outra mensaxe: insistimos por parte de todos os grupos da oposición en incumplir as leis. Estamos nunha cámara lexislativa, señorías, hai que cumprir as leis, obrigatoriamente, e independentemente de que nós teñamos obrigación de cumprila, a mensaxe pedagóxica que se lles está ofrecendo aos educandos deste país é: se tes un exame, non vaías á escola, ou se hai unha lei, podes non cumprila. Esa non é ningunha mensaxe pedagóxica, dende logo non neste Parlamento, por moito que o señor Sánchez lle dea á cabeza.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Remato, señorías, insistindo en que falan dunhas probas de avaliación que xa recoñecen que non son reválidas, aínda que teimudamente repitan con espírito non sei se goebbeliano ou que a ver se conseguen convencer a alguén.

De todos xeitos, señor Vázquez, Alternativa Galega de Esquerda é responsable por acción de convencer, a través dunha mentira, os pais e nais de alumnos deste país para que non foran a unha proba que ía aportar máis información, dentro da avaliación continua, para a súa corrección, para a súa aplicación de contratos programa ou das medidas de apoio necesarias que, desta volta –e remato, señora presidenta–, non van poder ser.

E non escondan a man, porque agora traten de culpabilizar as familias. Os responsables son os que presionaron ilegalmente esas familias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fariñas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde, señorías.

Moitas grazas, presidenta, e boa tarde.

As familias galegas non son tan manipulables como pensan os deputados do Partido Popular. ¿En que concepto teñen vostedes a cidadanía galega para que sexa tan manipulable? De verdade que é ofensivo o que di o señor deputado do Partido Popular.

Estamos hoxe a debater a conveniencia –en serio– de manter unha lei educativa rexeitada por un elevadísimo número de familias galegas, non manipuladas, que, tal e como se comprobou coa realización das probas –ou das reválidas como queiran chamalas– de 3º e 6º de primaria, non mandaron os seus fillos ao colexio, manifestando a súa protesta e o seu rexeitamento.

No ensino público un 70 % do alumnado non acudiu a facer as probas. Estas familias tomaron esta decisión informadas de xeito libre e independente, non como noutras historias da política actual. ¿E por que fixeron isto? Fixeron isto porque os responsables educativos deron nula resposta ás mobilizacións e demandas das ANPA do ensino público, tamén dos sindicatos e da maior parte da cidadanía, que se levaron a cabo dende o momento en que se aprobou coa maioría absoluta do Partido Popular, e agora veñen pedindo consenso porque lle ven as orellas ao lobo.

É unha lei que non conta co respaldo de ninguén, nin tampouco co respaldo parlamentario. No Parlamento do Estado español, con maioría parlamentaria, acábase de aprobar a derogación desta lei, da LOMCE. Non sei que repercusións prácticas na vida cotiá terá esta decisión política dun parlamento, que, por moito goberno que teña en funcións, para unhas cousas exerce e está en funcións e para outras non.

Dicía no anterior pleno, señor conselleiro, na réplica á interpelación dun deputado da AGE, que o que trae este

deputado é un puro debate ideolóxico. Eu doulle a razón, señor conselleiro, pero engadiríalle unha palabra: un debate ideolóxico e educativo. ¿E por que é un debate ideolóxico, no que vostede ten razón? Porque o fin desta lei é o de ir configurando un sistema educativo competitivo, clasista e segregador, tal como promove o neoliberalismo actual, un sistema que excluíra os sectores máis desfavorecidos da educación e sentará unha estrutura curricular ao servizo do neoliberalismo.

Ademais, é un debate ideolóxico porque é unha norma que pretende a clasificación dos centros co fin de ir configurando unha rede elitista de excelencia, dotada con máis medios e recursos. ¿E por que é un debate ideolóxico? Porque recentraliza o sistema educativo e rexeita o estudo e coñecemento de todo o que nos conforma como pobo galego. Ademais, falando xa do aspecto educativo, realiza unhas probas e criterios de avaliación fixados polo Ministerio de Educación do Goberno de España. Centralista, inxusta, competitiva, antisocial: debate ideolóxico, señor conselleiro. Así que lle teño que dar a razón. Mais moitas persoas, moitas galegas, con moita ideoloxía —espero que vostedes teñan ideoloxía tamén—, defendemos un sistema educativo público, un sistema educativo que garanta a igualdade de oportunidades e que contemple, desde ese principio, as diferenzas e particularidades de cada centro, de cada alumna e de cada autonomía.

É tamén un debate educativo pola aberración que supón someter o alumnado á presión innecesaria dunhas probas estandarizadas, desprezando a avaliación continua e a opinión do equipo docente. É que, ademais, se limita só a avaliar o ámbito lingüístico, matemático e científico-técnico, menosprezando o campo artístico e musical.

Unha lei e unhas reválidas que poden impedir que o alumno titule e progrese —tal e como se contempla na lei—, que non diagnostica, como as anteriores probas de avaliación diagnóstica, non, senón que a súa finalidade é a de clasificar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...—remato, presidenta— os alumnos e alumnas, e tamén os centros.

Esta moción vai contar, por suposto, co apoio do Grupo Mixto.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidenta.

Señorías, boa tarde.

Levamos xa tres plenos consecutivos falando deste importante e controvertido asunto, tres plenos consecutivos; a primeira vez a proposta do Grupo Socialista, a segunda a proposta do BNG e no día de hoxe a proposta de AGE. E por iso, señor Vázquez, xa lle anuncio de entrada que vai contar vostede, obviamente, co apoio do Grupo Parlamentario Socialista; por convicción, si, pero tamén por pura coherencia política.

Señorías, todos e todas vostedes saben que o Grupo Socialista segue rexeitando a LOMCE, e facémolo porque pensamos que recollemos un amplo sentir da comunidade educativa deste país, aínda que tamén sabemos que ata o de agora estivemos diante dunha auténtica rocha que era o Partido Popular. Escoitando hoxe o señor Fariñas dá a sensación de que algún pequeno rincón por aí se albisca dalgún pequeno cambio, probablemente ante a perda da maioría absoluta que sucedeu nos últimos tempos e que vai ser difícil de conseguir.

Hai poucas semanas este deputado que lles fala comparecera publicamente nunha rolda de prensa específica para pedirlle por enésima vez a Núñez Feijóo e a Román Rodríguez que paralizaran o calendario de implantación da LOMCE, o que aínda quedaba pendente de implantar, e hoxe pídoos de novo, aproveitando este debate parlamentario. Comparecera semanas atrás para pedirlle a Núñez Feijóo e a Román Rodríguez que paralizaran as reválidas de terceiro e sexto de primaria, tal e como estaba demandando masivamente o conxunto da comunidade educativa deste país, pero non nos fixeron caso e as consecuencias están á vista da

sociedade galega. E pedíamos iso porque considerabamos que esas reválidas non servían absolutamente para nada, xa que mentres fan iso están vostedes ao mesmo tempo baixando o investimento educativo a niveis nunca vistos. Colleron vostedes o investimento educativo no 5 % do PIB e teñen comprometido por escrito coa Comisión Europea levalo ao 3,7 % en 2019.

Señorías, o Grupo Socialista e o deputado que lles fala son responsables e previsibles e por iso cómpre de novo aclararlle á sociedade galega o que nós queremos facer e na orde que queremos facelo. E vouno facer moi despaciño, señor Fariñas, porque dá a sensación de que cada vez que o explicamos ou non nos entenden ou non nos queren entender; polo tanto, vou ir moi despaciño. ¿Que queremos os socialistas? Un, paralizar a LOMCE; dous, elaborar unha nova lei de educación consensuada co conxunto da comunidade educativa e con capacidade real de durar no tempo; e, tres, feito o anterior, nese momento, si, derrogar a LOMCE.

Creo que queda clariño, espero que quede clariño, e agardo que quede claro especialmente ás señorías do Grupo Popular para que deixen de enredar e manipular a opinión pública poñendo na nosa boca cousas que nós nin dixemos nin queremos facer. Nós somos respectuosos coa lei, señor Fariñas, non nos gusta a LOMCE —é evidente— e queremos cambiala, pero queremos facelo seguindo os pasos regulamentarios que a propia lei prevé.

É certo que o Partido Socialista foi moi crítico durante o proceso de elaboración e posta en marcha da lei, tanto aquí en Galicia como no conxunto de España. Entendiamos no seu momento —e seguímolo entendendo a día de hoxe— que este país perdera por motivos sectarios e claramente partidarios unha nova oportunidade de dotar de estabilidade o sistema educativo do país; unha estabilidade que leva demandando con grande insistencia o conxunto da comunidade educativa pero, lamentablemente, sen éxito. O Grupo Socialista dixo sempre que tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado tiveran présa por implantar a LOMCE porque sabían que era unha lei que duraría o que durara o Goberno do señor Rajoy na Moncloa. E dixemos tamén que, chegado ese momento, os socialistas abordaríamos a elaboración dunha lei educativa con amplo consenso —social e político— e con capacidade real de durar no tempo. Dixemos que chegado ese momento iniciariamos paulatinamente o

camiño para alcanzar en oito anos un investimento educativo do 7 % do PIB —si, ese investimento que vostedes queren levar ao 3,7 % en 2019—, que empezariamos a recuperar paulatinamente as cantidades de diñeiro perdidas nos últimos anos, que son 400 millóns de euros, e que empezariamos tamén a repórter progresivamente as condicións laborais e profesionais do profesorado e as cantidades que se dedicaban ás becas. Eu sempre sostiven e tamén sosteño no día de hoxe que en educación non hai maxia, que en educación fai falta estabilidade, fan falta máis recursos, pero por enriba de todo necesítase coidar e respectar o profesorado. E esta mañá, evidentemente, o señor conselleiro fixo tamén aí un bo exercicio de respecto ao profesorado e ao conxunto da comunidade educativa; creo que ese é bo camiño, que ese camiño é bo.

A LOMCE supuxo, sen dúbida, un ataque directo; nós así o vemos, vímolos así, como un ataque directo ao ensino público deste país. Canto antes cambiemos este tipo de situacións, mellor. Se se chega a ese pacto de educación, que creo que é necesario —oxalá iso sexa así—, nós estaríamos encantados. Agora vai haber unhas eleccións xerais. Se en Madrid hai vontade e hai capacidade de acordo —iso implicará que todos temos que ceder en cousas, que todos temos que deixar algo no camiño—, se iso é posible e non o que fixeron ata o de agora, unha lei que fixeron en solitario sen contar con ninguén... Iso é un erro; foi claramente un erro, señor conselleiro, así hai que velo.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: Polo tanto, señor Vázquez, vai contar vostede unha vez máis co noso apoio, como nós contamos tamén co seu apoio para esta iniciativa. E oxalá o novo Goberno que saia das eleccións do próximo 26 de xuño sexa capaz de darlle por fin un sistema educativo estable a este país; é o que demanda o conxunto da comunidade educativa. E sería xustamente o máis importante ou o que poderíamos facer nós como políticos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...darlle esa oportunidade ao propio sistema. Espero que así sexa e oxalá se cumpran eses desexos.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Docasar.

Grupo Parlamentario autor da moción, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, antes de nada, quero agradecer o apoio implícito e explícito de todos os grupos e anticipar que vou aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego porque me parece que completa, no ámbito competencial que se refire ao Estado, esta iniciativa.

E con respecto ao Partido Popular, quero recordarlle unha cuestión que eu creo que é importante, fundamental, esencial, a ter en conta, cando un quere falar de consenso. Quero recordarlle ao Partido Popular que aprobou unha lei na máis absoluta soidade que pode haber nun estado democrático. A lei non foi apoiada, nin tan sequera asumida, pola Patronal de Centros Privados, tampouco polos centros concertados, non só no ámbito do ensino público. Foi rexeitada por todos os sindicatos do profesorado. E recórdolle ao voceiro do Grupo Popular que hai sindicatos vermellos, amarelos e tamén azuis; tamén eles rexeitaron esta lei. Tampouco a asumiron os sindicatos de estudantes e ningún grupo político con representación no Congreso a apoiou. O día da votación votaron en contra a Esquerda Plural, o PSOE, CIU, UPyD, PNV, Amaiur, Esquerda Republicana, o BNG, Coalición Canaria, Compromís, Geroa Bai; e abstivéronse –téñao vostede en conta– Foro Asturias e UPN. Ou sexa que deáse conta do volume, do que significa que vostede pida consenso a este país en materia educativa, cando foron contra todo o mundo e contra todos para impoñer unha lei –esta si– de carácter fundamentalmente ideolóxico, non como di vostede ao resto dos grupos, porque contravén os principios pedagóxicos máis elementais ou, dende logo, pasa por riba deles. Polo tanto, é moi difícil que, partindo da LOMCE, señores do Partido Popular, se poida atopar, se poida acadar, consenso algún; sempre será superando esta norma.

Pero, dígolles máis, partir da imposición dunha norma para atopar un acordo é algo absolutamente contradictorio e imposible de soste. Vostedes están en soidade, pero a sociedade, de feito, xa está traballando nunha alternativa á LOMCE. Lea vostede os documentos de Sevilla, os documentos que está a elaborar a xente da Marea Verde, en con-

tacto con todos os colectivos. Xa hai un futuro, xa hai unha alternativa á LOMCE que será o futuro educativo do noso país. Teñen que decidir vostedes se están coa maioría da sociedade ou se van seguir sos, parapetados detrás dunha lei.

Ata tal punto están en soidade que no debate parlamentario da LOMCE o señor ministro Wert estivo só sen ter a compañía de ningún dos ministros, para logo ser absolutamente desterrado do noso país á OCDE, polo menos dende o punto de vista educativo. Polo tanto, asuman esa responsabilidade de país, esa responsabilidade democrática de aportar algo para o cambio e para o futuro educativo que, dende logo, está a chegar.

Non asumimos a súa emenda; si, por suposto –como dicía–, a do BNG.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Vázquez.

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta moción non se presentaron emendas.

Para a súa defensa ten a palabra o señor García García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Substanciamos no día de hoxe, entón, a moción a raíz da interpelación que o outro día lle faciamos á conselleira. Digo o da raíz no sentido figurado non porque a conselleira nos dixese nada que merecese substanciar unha moción nin plantexar ningún tipo de iniciativa, pero, en definitiva, trátase unha vez máis –e vímolos facendo durante todos estes anos– de fixar a posición do Partido Socialista con respecto a un problema dos estruturais deste país, como son os incendios forestais. E diciámolo o outro día, que era un problema estrutural, baixo o noso punto de vista, por dúas razóns fun-

damentais: tanto pola incidencia que ten, que transcende os anos e transcende os períodos —é dicir, Galicia ten un problema de incendios forestais miremos como miremos, analicemos as cifras como as analicemos e comparemos como comparemos— e tamén, e sobre todo —que era o que o outro día a conselleira non entendeu—, polo que lle dedicamos, pola cantidade de recursos públicos que vimos dedicando durante todo este tempo a este problema.

E dicíamos tamén que considerabamos que era estrutural polas razóns ou polas causas que, baixo o noso punto de vista, eran estruturais, que eran: o abandono da actividade, a ausencia dunha política de xestión dese territorio, unha errática política forestal, unha ausencia total de política de prevención e un dispositivo de extinción cada vez menos operativo, menos eficaz; iso si, moitísimo máis caro ano tras ano. E que, polo tanto, diante destas causas estruturais, baixo o noso punto de vista, tamén a forma de actuar era con medidas estruturais. Se o problema é estrutural, non podemos abordalo desde un punto de vista de conxunturas de anos senón dunha forma estrutural.

Nese sentido, nós plantexamos unha moción cunha serie de medidas que van ao fondo do problema, baixo o noso punto de vista, que van xa á raíz dese problema, e que están plantexadas —repito— nesa iniciativa. ¿Cales son as principais? Bueno, pois nese cambio progresivo nas políticas —e así o plantexamos ano tras ano nos propios orzamentos, cando se aproban os orzamentos a través de emendas—, de ir progresivamente —e de xeito non traumático, pero si paulatinamente— investindo máis en prevención aínda que sexa en detrimento de quitarlle á extinción. Chegariamos a un equilibrio onde dalgún xeito eses cartos que estamos agora investindo en prevención nos estarían aforrando ao cabo dos anos o poder baixar a partida global, que é do que se trata e que é o que nos consome os grandes recursos, como é a extinción. Polo tanto, primar a prevención fronte á extinción, e un plan plurianual, calendarizado, orzado, pactado con todos os axentes dalgún xeito para que o problema dos incendios forestais saíse da discusión política e fora un pacto deste Parlamento e un pacto de toda a sociedade para abordalo desa forma estrutural.

Baixo o noso punto de vista —sen menosprezo doutras—, é difícil recoller nunha soa iniciativa todas as cousas que temos dito tanto o Grupo Socialista como outros grupos da oposi-

ción con respecto a este tema, contando con tres ou catro premisas: primeiro, ese cambio —como xa dixen antes— ten que ser paulatino e de forma progresiva, non traumática —é dicir, non se trata de reverter o problema nin imos ser capaces nun só ano, pero é verdade que levamos trinta perdidos e, polo tanto, dunha vez por todas debería ser hora de empezar—, no que tiveran un papel fundamental os agricultores, os gandeiros, as comunidades de montes, os propietarios forestais; en definitiva, a xente que vive no territorio. É dicir, creo que os últimos datos falan xa dun 15 % da poboación deste país que xestiona o case 85 % do territorio deste país. ¡Home!, é obvio que con quen primeiro temos que contar —porque se non o que fariamos sería incrementar aínda moito máis eses recursos que temos que destinar— é coa xente que está alí. E, polo tanto, xerando actividade e pondo en valor a súa actividade estaríamos tamén contribuíndo a previr os incendios.

Falamos tamén claramente —que tamén era unha cousa que a conselleira non ten clara— de que, por suposto, a política de prevención dista moito dunha política de desbroces anuais. É dicir, sen discutir se temos que desbrozar as nosas pistas ou as nosas carreteras, dicir que iso é a política de prevención de incendios deste país... Bueno, pois isto que nós plantexamos para efectos de clarificación dista bastante dos desbroces que se veñen facendo.

E tamén falamos e recolleemos na propia iniciativa un plan de prevención específico para as zonas con especial protección ou que teñen algún tipo de protección. Ano tras ano, por desgraza, asistimos a que se queiman e a que hai incendios forestais en zonas que están en teoría gozando dunha protección que despois vemos que na realidade non é tal. Máis alá doutra serie de requisitos que si que teñen que cumprir os que viven nunha zona protexida, os habitantes que viven nunha zona que ten un tipo de protección, bueno, pois en moitas outras cousas vemos que teñen poucos beneficios e que, por exemplo, neste caso non existe ningún plan de prevención nin un plan de extinción específico distinto. Porque tendo que protexer todas as zonas creo que calquera debería entender que unha zona que teña un especial valor ecolóxico —unha zona que ten, polo tanto, unha especial protección— tamén debería ter unha especial protección no que se refire aos incendios forestais. Creo que é bastante de caixón que se temos que perder ou se ten que arder algunha zona esas deberían ser as zonas que máis temos que preservar.

Fala tamén, en canto ao que se refire ao servizo de extinción, dun servizo de extinción no que se recollan os seus dereitos, no que se recolla a súa categoría profesional, e que, dalgún xeito, sexa un servizo máis profesional e máis eficiente.

O último punto fala das comunidades de montes veciñais. Se o gran problema deste país é a dispersión, a fragmentación do territorio, alí onde temos un volume de terreo agrupado deberíamos empezar a traballar, onde non temos tanto problema da fragmentación do territorio. Por aí é por onde deberíamos empezar a pólo en valor. E tamén fala das medidas, como é o fracaso das sofor, que durante estes sete anos creo que tan só hai recoñecidas 7 ou 8 en toda Galicia.

En definitiva, trátase de mudar as políticas de forma estrutural, como dixen antes, de forma progresiva, e xa o dicía o outro día, non porque o diga o Partido Socialista, non porque o digan os grupos da oposición, deberíamolo analizar. O Grupo Popular deberíase plantexar isto simplemente cos resultados obtidos. É dicir, non se trata de que o digamos a oposición nin de que o digamos nós. Se o Partido Popular está contento cos resultados obtidos, se a conselleira e o Grupo Popular están encantados con estes resultados, a verdade é que de pouco vale plantexar este tipo de debate.

E cando falo de resultados obtidos, incido no cómputo global. Non se trata tanto —ou si que se trata, pero non son para min o definitivo— dos datos dos incendios que teñamos un ano determinado ou outro determinado ou das superficies queimadas ou das superficies arboradas queimadas ou das zonas de incendios ou das aldeas de especial incidencia...; non se trata diso, trátase, como tamén xa temos manifestado aquí moitas veces, de se podemos seguir gastando esa cantidade inxente de recursos públicos para non ter ningún tipo de xestión, e que, en definitiva, eses datos vaian depender en gran parte da climatoloxía que teñamos no verán e non tanto polo que fixeramos, previramos ou traballamos durante o inverno.

Polo tanto, cando falo de se o Partido Popular se plantea algún tipo de modificación, refírome ao conxunto; é dicir, ¿para o Partido Popular está ben a cousa como está e, polo tanto, dependendo do ano, teremos máis ou menos incidencia e, dependendo do ano, teremos máis ou menos incendios, a superficie será maior ou menor, pero seguiremos gastando

eses 100 millóns —ou en torno a 100 millóns de euros— anuais en incendios, que, baixo o noso punto de vista, é algo insostible?

E quero rematar, por último, co que creo que foi unha mesquindade política por parte da conselleira o outro día, interpretando, malinterpretando, retorcendo as miñas palabras, dicindo que, algún xeito, nós criticabamos que non houbera prevención, culpabilizando o persoal, tanto do servizo de protección como aos traballadores do Seaga e como a todos os axentes. Bueno, isto é algo habitual no Partido Popular. Cando criticamos o modelo de xestión da sanidade, din que non respectamos os médicos, cando criticamos a política de educación, dinnos que non respectamos os profesores. Pero neste caso concreto resulta, ademais de mesquino, paradoxal, e roza o absurdo; é dicir, o Goberno que reduciu ao límite as contratacións da Xunta de Galicia, do seu servizo público, que non cobre as vacantes que existen, que se nega a cumprir o propio convenio colectivo —señor Fariña, o de cumprir as leis, que dixo aquí varias veces...; o Partido Popular incumpre a lei neste caso reiteradamente, e, ademais, na Comisión, dise que iso de cumprir a lei tampouco é tan importante—, que se nega a cumprir ese convenio no que deberían estar amparados os traballadores de Seaga, que se nega —como tamén xa temos discutido aquí— a recoñecer algo tan básico como é a categoría profesional, é dicir, que aos bombeiros forestais deste país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...lles poidamos chamar bombeiros forestais... É dicir, que a conselleira di ou na súa réplica intenta culpabilizar este grupo de trasladar esa culpa, de non facer prevención aos traballadores, e iso é, como din no meu pobo, que os paxaros se tiran ás escopetas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Non é a primeira vez nin a segunda que tratamos nesta Cámara a errada política que se está a aplicar en relación tanto á prevención e loita contra incendios forestais como á propia política de explotación do monte galego.

Os incendios –ténoo dito máis dunha vez– non son unha praga divina, os incendios son consecuencia das decisións políticas que se toman en relación con este tema; decisións que levaron a que se denunciara reiteradamente nesta Cámara a situación das condicións laborais do persoal do Servizo de Prevención e Loita contra os Incendios Forestais; servizo que a día de hoxe segue a contar con dispositivos totalmente fragmentados e cada vez máis privatizados e menos profesionalizados, coa ausencia dun mando único, que vai en detrimento da súa eficacia.

As denuncias sobre a falta de medios materiais e humanos na loita contra incendios foi a tónica nos múltiples incendios forestais que arrasaron Galiza durante o ano 2015.

No mes de agosto a CIG denunciaba a falta das EPI necesarias para actuar fronte a incendios que se poidan producir nas bases aéreas de avións de carga en terra que participan en labores de extinción en Beariz (Ourense), Doade (Sober) e Reboiras (Lugo) e cualificaban como especialmente grave o deficiente estado das motobombas, que nalgúns casos superan os vinte anos de uso, ademais de non contar con mecanismos de alta presión. As precarias condicións dos brigadistas forestais poñen en perigo as súas vidas, con xornadas excesivas, maquinaria obsoleta, golpes de calor, falta das EPI..., e poderíamos seguir.

Galiza debe recoñecer a categoría de bombeiro forestal profesionalizando o servizo de extinción e basear a súa política na prevención dos incendios forestais. Non se entende a negativa do Partido Popular a recoñecer esta categoría, que xa está recoñecida por outros gobernos do Partido Popular nas súas comunidades autónomas. Pero Galiza quere seguir empobrecendo e precarizando eses traballadores e traballadoras que apagan os lumes dos nosos montes, eses traballadores e traballadoras que xogan a vida para salvar a vida doutras persoas, para salvar o medio natural, para salvar o noso monte.

Para iso foi creada Seaga, para a prevención; unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006

para a realización, con medios propios da Administración galega e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materiais forestais especialmente relacionadas coa prevención e loita contra incendios forestais en particular e, en xeral, para intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais. A pesar de ser Seaga unha empresa pública e de non existir diferenzas funcionais entre as brigadas contratadas directamente pola Consellería e as dependentes de Seaga, mantéñense as diferenzas en dereitos laborais, que condenan o persoal de Seaga a unha precariedade laboral impropia dunha administración pública do século XXI.

É unha indecencia política manter traballadores e traballadoras que traballan para unha empresa pública sen aplicarlles o convenio colectivo e aplicándolles os dereitos mínimos establecidos no Estatuto dos traballadores. Deberían vostedes de sentir vergoña por votar unha e outra vez nesta Cámara que non se lles aplique o convenio colectivo aos traballadores de Seaga, cando é un compromiso que se ten cos propios traballadores de Seaga. Polo tanto, débese convocar con carácter de urxencia as organizacións sindicais presentes na Mesa de Empregados Públicos para a aplicación do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galiza aos traballadores de Seaga, como así está establecido, e ampliar a duración dos seus contratos ata os nove meses para realizar as tarefas de extinción durante o período de alto risco de incendios forestais e labores de prevención durante o resto do tempo do contrato. Así, tamén deberían vostedes sentir vergoña de enviar as brigadas ao monte, a todas as brigadas, sen as EPI necesarias, sen os medios materiais e técnicos precisos para, por un lado, rematar antes co lume, e, por outro lado, protexer a vida de quen loita contra el e tamén a vida das persoas que viven preto de onde se produce o lume.

Non se pode loitar contra o lume se non hai prevención traballando no monte nos meses de baixo risco, se non hai dispositivos suficientes, se non hai un mando único nin coordinación, se o material está obsoleto, se o persoal soporta xornadas extenuantes, se non se mantén un persoal estable que garanta a profesionalidade das brigadas, o correcto uso das EPI, o coñecemento do lume, do seu comportamento, de como protexer a vida allea durante a actuación e a extinción, e se non se pon en valor o patrimonio forestal e a biodiversidade.

Imos dar o apoio a esta iniciativa, aínda que moito tememos que o monte galego non é unha aposta do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Para nós os lumes non son a causa dos problemas, senón que son os síntomas de graves problemas de fondo. Cando alguén ten febre, toma antitérmicos para baixala, pero tamén ten que coñecer cales son as causas que provocan esa subida da temperatura. Non ten sentido ano tras ano seguir gastando cada vez máis millóns dos orzamentos públicos en non curar a doenza de raíz. E os lumes non son o principal problema do rural, senón que son un problema derivado do modelo implantado no rural.

Temos o mesmo Pladiga dende hai vinte e seis anos, e cada vez gastamos máis cartos. Teño aquí os datos: no ano 2013, o orzamento para lumes era de 85 millóns de euros; no ano 2015, 108; e este ano, subindo. Un de cada tres euros da Consellería do Medio Rural gástanse en loitar contra os lumes, cando hai uns orzamentos que están moi necesitados de inversións produtivas. A propia ex conselleira antes de ser relevada no seu posto dixo que un dos obxectivos era reducir o gasto en extinción e aumentar o de prevención. Aínda non o vemos. O que pasa é que non hai un modelo forestal produtivo e xerador de riqueza para este país, porque atacar os problemas estruturais que causan os lumes non só é bo para loitar contra os lumes, senón que é bo para o país. Ter un modelo forestal que cree emprego e riqueza non só é bo para loitar contra os lumes, senón que tamén é bo para o país. Ter un modelo ordenado e territorial é bo para o país, é bo para os lumes, e ter superficie agraria útil e, polo tanto, seguir con esa paisaxe de mosaico que tan útil é para a loita contra os lumes tamén é bo para o país.

Hai que actuar sobre o despoboamento, sobre a superficie agraria útil, sobre a actividade agraria, sobre a sostibilidade da actividade agraria e, por último, na loita contra a extin-

ción, cumprindo cos principios do Plan forestal de Galicia de 1992, reducir progresivamente o gasto en extinción e dedicar máis esforzo ao gasto en prevención; por unha vez, cumprir algún plan, algún ditame, e o mellor para iso é ter un dispositivo público e profesional. Nunca se xustificou, nin hoxe se vai xustificar, por que a privatización da loita contra o lume é máis eficaz que un dispositivo público e profesional. E non hai esa explicación porque en realidade o que hai detrás disto é o negocio privado de empresas amigas do Partido Popular.

O Xulgado de Instrución nº 3 de Santiago xa está investigando as contratacións de helicópteros por moitos millóns de euros nos anos 2012, 2013 e 2014; contratos adxudicados a dedo a empresas relacionadas co Partido Popular. En Natutecnia, por exemplo —e non é causalidade—, estaba de directivo o señor Carlos del Álamo, ¿verdade?, que tamén está no Consello de Administración de Ence. Ese señor móvese moi ben, e non é causalidade. O Consello de Contas denunciou irregularidades por valor de 62 millóns de euros en contratos adxudicados a dedo ou adxudicados irregularmente. Esa é unha das claves pola que se están desmantelando e reducindo os fondos aos servizos públicos antiincendios, e todo ese diñeiro estáselles dando a empresas privadas. É a única razón, non hai outra explicación. É ir cara a un complexo dispositivo que non ten ningunha explicación racional. E, evidentemente, a actuación que debера de facer este goberno a partir deste momento, que chegamos á cifra escandalosa de que o 34 % do orzamento desta consellería se adique a extinción de incendios, é dunha vez por todas ter un modelo a medio e longo prazo para o rural en primeiro lugar e para o forestal en segundo lugar. Non se trata só dos lumes, trátase de que, ademais, sería obter un modelo moito máis produtivo para este país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Boas tardes.

Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Quero anunciar que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vai votar favorablemente esta iniciativa do Grupo Socialista.

Temos que lamentar que estamos a piques de finalizar a segunda lexislatura de goberno do Partido Popular e non conseguimos aínda que nesta Cámara se dese un debate en profundidade, un debate serio e cun mínimo de rigor en relación coa problemática dos incendios forestais no noso país. Eu non quero emendar nada das intervencións previas que houbo desde esta tribuna. Estou profundamente de acordo coa intervención tamén do señor Sánchez, no sentido de que os incendios forestais non son máis que un síntoma, entre outras moitas cousas, do abandono progresivo do noso medio rural e da ausencia ou da carencia dun modelo produtivo que substitúa un modelo produtivo que foi desaparecendo e que ao único que deu paso foi, efectivamente, ao abandono.

Por iso nós lamentamos que por parte do Goberno da Xunta e do Partido Popular nunca non só non se promove, senón que nunca se quixera dar un debate en profundidade, porque os incendios, ademais das causas estruturais no noso país, teñen múltiples causas inmediatas; hai múltiples circunstancias e diversas nas distintas partes do noso territorio que están detrás dos incendios forestais. Por iso resulta incomprensible que o Partido Popular nunca quixera falar de prevención en serio, máis alá de manter as infraestruturas preventivas, máis alá de manter devasas, de manter pistas, de manter camiños, de facer algún que outro desbroce preventivo nos entornos dos núcleos rurais e das pistas, etc., senón de prevención no sentido profundo da palabra, que nunca quixeran falar da modificación dun modelo forestal que xa sabemos o que dá de si, despois de máis de cincuenta anos neste país de implantación dun determinado modelo forestal altamente produtivista pero cunha única orientación, que é a produción de madeira de baixa calidade, e, insisto, non estamos falando de especies, senón de modelo forestal. Por iso entendemos o desmantelamento da empresa pública Seaga porque, efectivamente, perseguía poñer en marcha un modelo forestal diferente e por iso entendemos que a prevención e os recursos que, por exemplo, con cargo aos Feader ten asignada a comunidade do noso país para realizar políticas de prevención se utilicen en todo menos en prevención. Por exemplo, vemos como se deixaron de investir 22 millóns de euros de fondos Feader en prevención, vemos

como se privatizan todos os traballos forestais –nesta última tandada o 70 %– para a xa coñecida pola Consellería Medio Rural empresa Naturgalia, ou como mesmo no caso da empresa pública Seaga teñen aos traballadores na casa ao mesmo tempo que externalizan as encomendas que se lles fan por parte da Xunta de Galiza teoricamente para labores de prevención.

Por iso tamén entendemos que vostedes se desfizeran das Unidades de Xestión Forestal, que eran un instrumento que en só seis meses conseguiu bastantes máis resultados que as súas famosas sofor en practicamente seis anos –que aínda seguen sendo un misterio moi parecido aos da Santísima Trindade para min–; por iso tamén entendemos que vostedes desmantelasen as brigadas de investigación de incendios forestais, que tamén eran un instrumento para determinar en cada caso cales eran as causas dos incendios forestais e para abordalas; ou como, por exemplo, agora mesmo non hai funcionarios adscritos en exclusiva a ningunha brigada de información forestal e, nalgúns casos como en Ourense, hai un funcionario que está rebaixado de servizo. Esa é toda a brigada de investigación forestal que existe nesa comarca.

Por iso entendemos por que vostedes persisten todos os anos en facer un corta e pega, un copia e pega no Plan de defensa contra incendios forestais, que ademais está manipulado. Está manipulado porque os datos de efectivos que figuran no Plan de defensa contra incendios forestais non se corresponden en absoluto coa realidade.

Polo tanto, señoras e señores do Partido Popular, se vostedes algún día queren en serio falar de incendios forestais desde dúas perspectivas, desde a perspectiva do modelo forestal que está detrás e que provoca, ou que polo menos facilita, a situación que temos no noso país en canto a incendios forestais, un modelo produtivo cunha orientación determinada, e tamén se algún día queren falar de dispositivo para que en lugar de que cada ano aumentemos os recursos que destinamos a apagar o lume sen que iso xere ningún tipo de riqueza nin para o medio rural nin para as persoas que viven no medio rural, se algún día –insisto– queren falar en serio dese asunto, terán ao Bloque Nacionalista Galego como interlocutor; mentres, sigan vostedes co seu plan, sigan vostedes cusbindo para arriba, pero teñan en conta que ás veces o vento vén revirado e pasa o que pasa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

No Partido Popular e no grupo maioritario desta Cámara, o Grupo Popular, estamos convencidos de que non existe un interese real dos grupos da oposición por manter un debate serio e rigoroso sobre o operativo de incendios, porque, de existir ese verdadeiro interese, terían vostedes aproveitado –non sei se se dan conta, supoño que si, porque non hai tanto tempo– a proposta impulsada por este grupo, polo Grupo Popular, concretamente o 20/10/2015, para elaborar entre todos –e digo todos, os dunha parte e os da outra parte– un ditame con novas medidas para mellorar a loita contra os lumes. E vostedes o que fixeron, tanto uns como outros, foi votar en contra na Comisión 7ª. De ter interese real, hoxe estarían vostedes empregando argumentos convincentes, non os que empregan todos os días cando soben á tribuna do Parlamento, e non tirando de argumentario –que é sempre o mesmo– partidista, con acusacións que non se sustentan nin na realidade dos feitos nin facendo unha mínima análise obxectiva.

Porque, señorías, non é necesario aquí acudir ao ano 2006, aínda que, por suposto, aquela data serve, cando menos, para poñer un exemplo –a data do ano 2006–, un gran exemplo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –¿Vostede tamén controla de incendios, señor...?– (*Murmurios.*) e para concluír que, se existe un modelo fracasado na loita contra os lumes forestais, este é o modelo do Bipartito. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non o di o Partido Popular. Pola contra, os resultados dos últimos anos supoñen un cambio de tendencia real e permitíronnos ter datos esperanzadores de cara ao futuro no combate desta lacra. Nos últimos anos o número de incendios está claramente en descenso. E, polo tanto, se o número de lumes forestais está a diminuír, é como resultado da eficacia das políticas aplicadas polo Goberno de Galicia, polo actual Goberno, non polo outro. As do 2006 xa as coñecemos. E non teñen dereito vostedes a pedirnos que volvamos ao pasa-

do; non queremos volver ao pasado, ¿saben por que? Porque sería navegar a contra corrente; de proa, como se chama en termos mariñeiros; sería navegar de proa, e nós queremos navegar, como moito, en popa ou de amura, pero non de proa, porque a proa os puxo a vostedes nas bancadas da oposición. Vostedes quixeron navegar de proa, polo cal os resultados do ano 2006 xa os coñecemos. Como moito, queremos navegar de amura e, se é posible, que é moito máis cómodo, navegar en popa. Iso é o que queremos facer.

Por iso este grupo parlamentario seguirá defendendo e apostando por manter un dispositivo con persoal propio e externo, con unidade de mando e obxectivos comúns, por manter un dispositivo que nos permita librar a loita contra o lume dun xeito eficaz. Señorías, os datos non os inventa o Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Máis do 60 % dos lumes son reducidos a conatos, 6 de cada 10 lumes son historia antes de que superen unha hectárea, (*Murmurios.*) e Galicia conta co dispositivo de prevención e loita contra incendios forestais máis potente de toda España. Todos están coordinados baixo un mando único da Xunta de Galicia. E é totalmente público, non privatizado, como falan vostedes, integrado por persoal da Comunidade Autónoma, integrado por persoal do Estado, integrado por persoal, por suposto, dos concellos e por persoal contratado das empresas públicas de Seaga ou de Tragsa.

Señorías, que os prexuízos partidistas non os ceguen a vostedes, e non nos pidan vostedes renunciar a un modelo que funciona para volver ao modelo, neste caso, do Bipartito, que amosou ser un fracaso.

Pídlles tamén a vostedes que sexan rigorosos, neste caso ao portavoz do Partido Socialista, porque vostede asegura que en Galicia non se fai prevención en incendios. ¡Home!, cando menos, eu creo que vostede está un pouco confuso. Se non existise esa prevención, sería imposible conseguir os actuais resultados.

Mire, hai dez anos...

O señor PRESIDENTE: Remate, vaia rematando.

O señor BALSEIRO OROL: ...–terminamos, señor presidente– estabamos entre 10.000 e 12.000 incendios ao ano.

¿Saben en canto estamos agora? En 4.000. Hai dez anos estábamos entre 10.000 e 12.000, agora estamos en 4.000.

Eses son os datos, que non os inventa o Partido Popular, nin os inventa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...quen lles está falando, son datos que están aí e que vostedes poden consultar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo autor da moción, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Eu remítome á intervención para evidenciar que, efectivamente, non son os grupos da oposición os que non teñen interese en ter un debate serio e rigoroso sobre este tema.

Señor Balseiro, eu reitero: neste país non se fai prevención de incendios. Non o digo eu, dino todos os colectivos, dino os propios profesionais, dío o Servizo de Protección e Defensa contra Incendios da Xunta de Galicia, dino todos os sindicatos e dío absolutamente todo o mundo; só vostedes din que se fai, e chámalle prevención ao desbroce de cunetas e de espazos públicos, piscinas, campos das festas e demais. Eu falo doutro tipo de prevención. Polo tanto, o único que pretendíamos introducir —e perdón por volvelo intentar, aínda que sexa no último ano— é se realmente imos ao debate da cuestión; é dicir, se podemos seguir gastando eses 100 millóns de euros todos os anos e de forma sucesiva chova, non chova, veña un inverno bo, veña un inverno malo, veña un verán caloroso, non veña caloroso ou chova como o ano pasado todo o verán... Dá igual, temos que gastar eses 100 millóns de euros para ter o país como o temos. E eu creo que o país, calquera que saia por aí —non fai falta recorrer a moitas estatísticas—, vemos a ordenación que hai; vemos a prevención que había o ano pasado en Cualedro, onde arderon tres mil e pico hectáreas de forma continuada, onde había vinte anos que non se facía absolutamente nada naquel monte. Vemos exemplos todos os anos de zonas protexidas que arden; vemos o que pasou nas fragas do Eume;

vemos o que pasou no monte Pindo; vemos o que pasa de forma reiterada cada ciclos de catro ou cinco anos e, polo tanto, non hai nada que discutir.

Se vostedes non comparten a análise de que algo temos que mudar para cambiar e reverter esa situación, é que hai pouco do que falar, efectivamente. Non se pode ter un debate porque vostedes din que isto que se está facendo é o que hai que facer e que, polo tanto, temos que seguir pagando 100 millóns de euros ao ano e depender de se chove ou non chove.

Mire, señor Balseiro, oxalá que non, oxalá que non. A min nunca me vai ver facendo fotos nun incendio, nin coa manguera nin cos náuticos, como fixo o señor Feijóo. Non o vou facer. Non o fixen nunca; non, nos incendios non o fixen nunca. (*Interrupcións.*)

Pero, en todo caso, como lle dixen antes, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non chuspamos para arriba porque os ciclos nos lumes son normalmente de cinco anos, vains facer e oxalá chova moito; porque tivemos un inverno como o que temos que ter, ou como tivemos, e pode que teñamos un verán seco e, polo tanto, non escupamos para arriba. E, despois, o que non vale é repartir responsabilidades. Vostedes son os únicos responsables de que a situación do monte estea como estea. Vostedes, ademais, reafirmanse en que isto é o que hai que facer; e vostedes están encantados de ter feito isto durante todos estes anos.

Polo tanto, o que non nos pidan despois é responsabilidade; non nos pidan que nos corresponsabilicemos dun problema. Eu creo que durante estes catro anos, polo menos, se puxeron enriba da mesa de forma reiterada —e en algo seguro que tiñamos razón— medidas que irían noutro sentido. Creo que houbo aportacións de todos os grupos. Creo que vostedes poderían ter aproveitado, incluso egoistamente, para meternos a nós tamén en problemas. Non o fixeron; é máis, néganse e non deixan ningún tipo de resquicio de poder chegar a ningún acordo en absolutamente nada no tema dos incendios...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Polo tanto, e oxalá eu me equivoque —e aínda que sexa así non irei facer a foto coa man-

gueira–, pero oxalá que eu me equivoque. Se non, os únicos responsables serán vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva da moción polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1. Solicitar un informe pormenorizado ao Consorcio de Bombeiros de Pontevedra, a remitir no prazo de 15 días, no que se analice o operativo e mobilizacións dos seus medios no incidente que afectou a Fandicosta, en especial sobre a intervención e a dirección do dispositivo de extinción in situ, detectando as posibles eivas e formulando as correccións que se consideren.

2. Remitir nos vindeiros 15 días a este Parlamento a transcripción íntegra das chamadas rexistradas no CAE 112 cos bombeiros de Vigo na tarde do suceso, co obxecto de clarexar os aspectos relativos á súa mobilización.

3. Atender ás críticas e suxestións manifestadas dende diversos ámbitos profesionais, no sentido de que se estude a necesidade de axustar os protocolos de actuación empregados polo CAE 112 á nova situación actual do mapa dos servizos de atención ás emerxencias e ao catálogo de medios e

recursos, favorecendo os criterios de proximidade, dispoñibilidade de efectivos e idoneidade de medios.

4. Instar ás deputacións provinciais a que presenten canto antes os seus informes arredor do modelo de xestión do servizo prestado polos parques dos consorcios provinciais, co gallo de chegar a un acordo respecto da adopción dun ou doutro modelo.

5. Acometer, unha vez definido o modelo de xestión dos Consorcios Provinciais, a elaboración dunha proposta de Regulamento do bombeiro profesional e do voluntariado, dando cumprimento ao establecido na Disposición Adicional Terceira, punto 3, da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia. A proposta de Regulamento deberá consensuarse previamente a través dunha mesa de negociación na que estean os representantes dos consorcios, xunto cos representantes dos concellos con parques de bombeiros propios, e tamén a representación sindical dos bombeiros, en consonancia co acordo parlamentario acadado o pasado 11 de setembro de 2015”.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Imos seguir falando de emerxencias; imos seguir falando de incendios, aínda que desta vez de incendios nos medios urbanos, non de incendios forestais.

Ao igual que pasa co dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais, tamén o dispositivo de emerxencias de Galiza adoece de males similares: fraccionamento, privatización, carencia de coordinación, carencia de mando único... Polo tanto, flagrante incumprimento da Lei de emerxencias de Galiza, que claramente indicaba que había que ir cara a un modelo homoxeneizado no conxunto do territorio, no que, con independencia de onde vivisen hoxe as cidadás, tivesen similares servizos e similares prestacións.

Estas deficiencias téñense posto de manifesto en numerosas ocasións, en incidentes ás veces de gran envergadura, con moita transcendencia mediática, mais tamén, en moitos casos, noutros incidentes con moita menos repercusión mediática, pola súa afectación. Así, poderíamos poñer do

primeiro lado Angrois, Brenntag ou o último de Fandicosta e podíamos poñer, naqueles que acaban tendo menor relevancia social –pero que en moitas casos tamén a gravidade das súas consecuencias é moi elevada–, os incendios en casas particulares ou mesmo accidentes de tráfico nos que hai que proceder á excarceración dos e das feridas.

A moción que hoxe presenta o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ten dúas partes ben diferenciadas. Unha podería ser á que se refiren o punto 1 ou 2 da moción, a través dos cales se pretende conseguir algo que deberíamos ter conseguido na interpelación de boca do vicepresidente da Xunta de Galiza, mais que, por máis que o intentamos, foi absolutamente imposible, que é saber que pasou no incendio de Fandicosta; porque chove sobre mollado, porque as cuestións que se denuncian en relación co funcionamento do CAE 112 e coa mobilización de medios para facer fronte a emerxencias en relación co incendio de Fandicosta xa nos soan en relación con situacións anteriores.

E, nese aspecto, nós consideramos que é imprescindible facer unha investigación acerca de como foron ocorrendo secuencialmente os feitos e como se foron mobilizando os medios dos que dispoñía naquel momento o conxunto de emerxencias do noso país. Por iso, pedimos, a través do punto 1, que no prazo de quince días se faga chegar a este Parlamento, por parte do CAE 112, a versión completa, e non restrinxida, de todas as transcricións rexistradas nese día en relación con ese incendio.

Voulle anunciar xa ao Grupo Popular que non temos ningún problema en intentar chegar a un acordo coa súa emenda e que, por exemplo, aceptamos engadir que tamén se fagan explícitas as transcricións en relación coas chamadas dos bombeiros de Vigo. Pero nós queremos saber as transcrición de todas as chamadas que aconteceron.

Igual que tamén lle anuncio que aceptamos como engádegas que tamén se solicite ao Consorcio de Bombeiros de Pontevedra todas as mobilizacións que fixo, todos os medios que dispuxo etc., en relación con este incendio. Pero, tendo en conta, señoras e señores do Partido Popular, que quen coordinada o dispositivo e quen di quen vai, quen se mobiliza e quen non para un incendio e para unha emerxencia, é o 112, supoño que, si queremos saber de verdade o que pasou, non nos conformaremos con que nos fagan chegar o

informe do Consorcio de Pontevedra –por moito que vostedes estean moi fastidiados por non gobernar na Deputación de Pontevedra– e que teremos que pedir o do CAE 112.

E, tamén, no segundo punto, pedimos que, en función dese estudo, e tamén en función das consideracións feitas polos traballadores –que din que se cumpriron rigorosamente os protocolos establecidos–, pois algo teremos que facer en relación con eses protocolos e que, polo tanto, haberá que constituír algún tipo de comisión ou grupo de traballo na que estean tamén os traballadores –que son os que teñen que ir despois alí a apagar os incendios–, para ver que cambios hai e que remodelacións hai que introducir.

Miren, señoras e señores deputados, se me permiten, voules ler un par de datos en relación coa cronoloxía do que aconteceu en Fandicosta, para que, de verdade, se fagan a idea de si é necesario ou non que se acometa esta investigación e a revisión dos protocolos.

Temos un sinistro en Moaña. Temos un parque, que é o Parque Comarcal do Morrazo, que está a dezaseis minutos de onde ocorreu o sinistro. Temos un parque municipal, que é o de Vigo, que está a oito ou nove minutos de onde ocorreu o incendio. Temos o Parque Municipal de Pontevedra a dezaseis minutos; e, despois, temos o Parque do Consorcio do Porriño a vinte e un minutos e o de Ribadumia a trinta e sete minutos.

Ás 17.47 horas chaman do 112 ao Morrazo para que se mobilicen. Ás 17.50, tres minutos despois, ante a desesperación, un particular chama aos bombeiros de Vigo para que, por favor, se mobilicen. Estes chaman ao 112, que lles di que non vaian. Ás 18.05, chaman outra vez desde Fandicosta a Vigo que, por favor, que veñan; volven chamar ao 112, que non é necesario, que xa avisaron. Ao Morrazo –insisto– dezaseis minutos, O Porriño vinte e un minutos e Ribadumia trinta e sete minutos.

Ás seis e cuarto, volven chamar, pero o 112 segue dicindo que segue sen facer falta. Ás seis e vinte chegan, trinta e dous minutos despois, tres bombeiros con tres camións do Parque do Morrazo. Resulta que, como os hidrantes da fábrica eran eléctricos e non funcionaban, eses camións non poden coller auga do mar, polo tanto, nada podían facer os bombeiros.

Ás seis e vinte, o suboficial de Vigo chama ao oficial que, previa autorización do concelleiro, deciden saír pola súa conta. Ás seis e media sae un camión de bombeiros de Vigo e, de camiño, chámalo do 112 para dicirlle que dea volta porque non se lle necesita. A pesar de todo, van e actúan no incendio.

Paralelamente, de Pontevedra, cando se enteran da situación, da gravidade da situación, e da falta de medios para abordala, tamén ás 19.15, os bombeiros de Pontevedra chaman ao 112 para ofrecer persoal e medios e o 112 rexíttalos.

Bueno, a todo isto, os de Ribadumia chegaron unha hora e pico despois porque, encima, tiveron un percance na autopista e, mentres, seguíase sen mobilizar nin a Vigo nin a Pontevedra.

Finalmente, ás nove da noite piden desde o 112 a Vigo e Pontevedra que mobilicen efectivos e que mobilicen medios.

Desde logo, para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, aquí hai unha clara responsabilidade por parte do CAE 112. Non digo dos traballadores –porque aquí, enseguida, o Partido Popular se escuda detrás dos traballadores–, senón do funcionamento do CAE 112, dos protocolos do CAE 112, de como están ordenados no territorio os distintos medios; por exemplo, ¿a vostedes parécelles de recibo que, en Verín, os bombeiros teñan unha lancha neumática que non teñen onde metela, porque no río Támega non lles cabe, ou que, en Verín, os bombeiros teñan un camión para actuación en edificios de máis de doce alturas cando creo que o edificio máis alto de Verín debe ter seis ou sete alturas, e que, por exemplo, noutros lugares, nos que se poderían necesitar ese tipo de medios, non existan?

Polo tanto, é imprescindible proceder a unha revisión en profundidade do sistema de emerxencias.

Finalmente, os puntos 3, 4 e 5 teñen como finalidade que se cumpra a Lei de emerxencias, por un lado, en varios aspectos. Un, na homoxeneización do servizo, que é imprescindible que en todos os lugares do territorio haxa un servizo adecuada para os casos de emerxencias; a reordenación da estrutura territorial. Aquí díxosenos en moitas ocasións que as isócronas de todo o territorio galego eran de menos de vinte minutos; ou sexa, que en calquera lugar do noso país que aconte-

cese un incidente, en menos de vinte minutos estarían alí os medios adecuados para facerlle fronte, o cal, na realidade, se ten constatado –insisto, en grandes, pero tamén en sinistros cotiás como os accidentes de tráfico– que non se cumpre, e iso pon en grave risco a vida e a integridade das persoas.

Finalmente, para evitar esas descoordinacións, como as que denuncian os bombeiros de Vigo, que chegaron ao incendio e, como ninguén os esperaba, estiveron corenta minutos sen poder facer nada, porque alí non había ninguén ao mando; non había ninguén que coordinase o incendio. E iso resólvese, señoras e señores deputados, coa elaboración do regulamento do bombeiro e do voluntariado, que ademais está prevista na Lei de emerxencias de Galicia, para que cada un, cando chegue a un sinistro, saiba que lugar ocupa, quen está o mando, a quen ten que obedecer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...e cales son as directrices que hai que cumprir.

E, finalmente, tamén pedimos –porque esta é unha vella demanda dos traballadores– que exista un estatuto do bombeiro que ampare e regule tamén as condicións laborais, as condicións de formación, as condicións de cumprimento de prevención de riscos laborais, que hai que cumprir en relación cos traballadores dos servizos de salvamento e emerxencias do noso país, con independencia de quen sexa a súa patronal...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ... sexa pública ou privada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos.

Eu teño que comezar a miña intervención destacando a profesionalidade dos traballadores do 112 Galicia, e dos tra-

balladores que prestan o seu servizo no Consorcio Provincial de Bombeiros da Deputación de Pontevedra, porque aquí tense posto en dúbida a súa profesionalidade na intervención anterior. Era todo un desastre, ninguén facía nada, todo estaba descoordinado, segundo o Bloque Nacionalista Galego. E eu teño que dicirlle que é manifestamente falso, iso non foi así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, renovados xa están vostedes nese xogo de tronos. Polo tanto, entenda que eu non acepte leccións nese sentido do seu grupo, en ningún caso. Xa vemos que están moi renovados, renovados a peor.

En calquera caso, o que si foi rápida foi a actuación da Xunta de Galicia, e proba diso é que a empresa Fandicosta tivo 3 millóns de euros á súa disposición a través dun préstamo participativo para facer fronte a esa situación. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Esa é a realidade. E axudas ademais para complementar os salarios dos traballadores afectados polo ERTE. Polo tanto, a Xunta estivo rápida.

Vostedes falan dun sinistro que sucedeu hai un mes, un importante incendio na factoría Fandicosta, en Moaña. Nel non interveu a Xunta de Galicia e o 112, interveu o 112, a Axencia Galega de Emerxencias a través do 112. Tamén interveu a Deputación de Pontevedra a través do Consorcio Provincial de Bombeiros, do que vostede non falou absolutamente nada, e o Concello de Vigo a través dos seus bombeiros municipais. Polo tanto, estamos ante unha intervención complexa, na que teñen participado tres administracións. Eu vexo que vostede só dirixe a súa mirada á Xunta de Galicia, das outras esquécese por completo, das outras non quere falar. Por iso nós presentamos esta emenda, dirixindo as súas peticións ás tres administracións, ¿por que non? E por iso eu estou seguro de que o seu grupo vai aceptar a nosa emenda.

Polo tanto, estamos ante unha emerxencia complexa, cunha intervención na que dicimos que participaron distintas administracións e na que a resolución foi relativamente satisfactoria, por moito que vostede teña dito. Non houbo que lamentar ningunha vítima no incendio, nin sequera vítimas intoxicadas pola nube tóxica que se produciu.

A xestión da emerxencia foi boa, non perfecta, non satisfactoria, pero foi boa, guste ou non guste. Esa é a realidade. E derivada desa actuación houbo un estudo que desenvolveu

a Dirección Xeral de Emerxencias coa Axencia Galega de Emerxencias, para tratar de mellorar as actuacións en casos similares. Polo tanto, eu teño a sensación de que aquí o que se pretende dende o Bloque Nacionalista Galego é converter unha emerxencia resolta con éxito nunha catástrofe, que vostedes levan buscando durante sete anos para botarlle enriba á Xunta de Galicia. Actuouse ben. ¿Pódese mellorar? Si, pero actuouse ben, por moito que vostede diga todo o que ten dito na súa intervención.

E a nós o que non nos parece de recibo é que para solucionar as eivas detectadas, que houbo eivas, que se pode mellorar a actuación, o que se pretenda aquí é dirixirse unicamente á Xunta de Galicia, obviando que aquí participaron outras administracións. Vostede non falou en absoluto dos consorcios provinciais, en absoluto, en ningún caso, nin falou vostede da intervención dos bombeiros de Vigo.

Polo tanto, eu o que lle teño que dicir é que este modelo é tamén o seu modelo, porque o modelo dos consorcios provinciais —como vostedes saben— está pactado coas deputacións gobernadas agora polo Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, e que ese mapa de emerxencias tamén está pactado pola Fegamp, onde tamén está —polo menos ata o momento— o Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, ¿cumpríronse os protocolos? Si, totalmente, cumpríronse os protocolos de mobilización en caso de incendios industriais, os protocolos do 112 Galicia. Procedemento que obrigou á participación dos bombeiros do Morrazo, por ser aos que lles correspondía polo ámbito territorial; activouse tamén aos bombeiros do Porriño, e púxose en prealerta aos bombeiros do Salnés, por parte destes tres parques. Polo tanto, neses momentos estaban participando todos eles.

Sobre os bombeiros de Vigo, dos que vostede falaba. Mire, os bombeiros de Vigo manifestaron a súa vontade de intervir, acreditaron ter a orde que os habilitaba para intervir e inmediatamente saíron cara a alí. En ningún caso, como vostede afirmou aquí, se lles ordenou dende o 112 non intervir, nin por suposto dar a volta, en ningún caso. Iso que vostede dixo é falso. Iso non sucedeu en ningún caso, entre outras cousas, porque non se pode, porque o 112 non ten ningunha ascendencia orgánica nin funcional sobre os mesmos, así como ningún mando, xa que o servizo pertence ao Con-

cello de Vigo. Os bombeiros do Concello de Vigo teñen unha cobertura oficial, que é estritamente a municipal, sen prexuízo de que ante unha emerxencia con vidas en perigo se lle poida solicitar dende o CAE 112 a súa participación, que non era o caso. Polo tanto, se a partir de agora o Concello de Vigo ten pensado empezar a cubrir os servizos noutros concellos que o diga, porque, dende logo, dende a Xunta de Galicia modificaranse os protocolos e os procedementos para poder contar co Concello de Vigo e cos bombeiros de Vigo.

Pero en calquera caso está enriba da mesa a nosa proposta, a nosa emenda de substitución, coa que pretendemos exactamente o que vostede propón, que é instar todas as partes implicadas a participar e a revisar os procedementos. Sabe vostede que estamos agardando a que as deputacións se posicionen sobre esa oferta de cambio de modelo, que era o que vostedes defendían cando estaban na oposición. Agora que son goberno nas deputacións provinciais e teñen a posibilidade de cambiar o modelo a un modelo de xestión directa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...xa pasou o tempo, levan vostedes un ano e aínda non houbo resposta dende esas deputacións provinciais nas que goberna ou cogoberna o Bloque Nacionalista Galego, e poden modificar o modelo. Non vale xa vir aquí criticar o modelo actual tendo as posibilidades de cambialo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Agora que gobernan vostedes nas deputacións teñen a opción de dar resposta a esa iniciativa que vostedes defendían cando eran oposición.

A nosa emenda di exactamente o mesmo que o texto que vostede presenta, simplemente dirixido a todos os afectados, tamén ás deputacións provinciais afectadas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo tanto, se vostedes queren un acordo, a man tendida do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Eu para empezar xa vou poñer a cura antes do mal. Entón, solidarízome xa cos traballadores e traballadoras dos servizos de extinción de incendios, que están padecendo unha precariedade tremenda debido á incompetencia do Goberno do Partido Popular. Son vostedes autenticamente incompetentes para poder organizar un servizo de extinción de incendios, un servizo de emerxencias que realmente dea resposta ás necesidades da sociedade.

É certo, tres administracións, porque vostedes teñen tres administracións e empresas privadas. O seu é dividir, é desfacerse dos servizos públicos e de toda responsabilidade, porque o último que vostedes desexan é gobernar, vostedes só queren xestionar o que se goberna en Madrid. Entón, néganse a gobernar este país, unha e outra vez, sistematicamente, e ademais utilizan e insultan os traballadores e traballadoras públicos para xustificar a súa incompetencia e a súa inoperancia.

Di vostede que a Xunta actuou, que lle deu 3 millóns de euros a Fandicosta. Pero actuar quería dicir que Fandicosta non necesitara os 3 millóns de euros, que o incendio estivera extinguido en tempo, e non deixar queimar a nave e despois imos de propaganda electoral contar que aportamos 3 millóns.

Pero á marxe do incendio en concreto, a Plataforma de Bombeiros Públicos de Galiza considera que hai que propiciar un debate sobre o sistema dual de extinción de incendios que existe en Galiza: parques públicos nas cidades e de xestión privada nas comarcas.

O incendio –como dicía a voceira do BNG– iniciouse ás 17.53, e o nivel 1 do plan de emerxencias para que actuaran os parques municipais non se activou ata as 20.45. A pesar da virulencia do lume, que obrigou a pechar o tráfico na ponte de Rande, e do aviso de risco de explosión de dous depósitos de 10.000 litros de amoníaco, foi rexeitada a colaboración, tanto do Parque de Vigo como do de Pontevedra, que ofreceron os seus servizos ao 112. Foron rexeitados, a non ser que o señor Tellado chame mentireiros aos traballa-

dores e traballadoras de extinción de incendios. E que a nave se queimara, non por falta de bombeiros, senón por algo divino. Eu creo que o PP sobre todo é divino. O dos incendios vén da man de Deus e non teñen nada que facer, entón xa dá igual.

Os bombeiros de Vigo estaban alí ás seis e media da tarde, e é certo que non puideron actuar porque non había un mando que coordinara, ¿vale? Polo tanto, servizos públicos que non se utilizan.

Ás 22 horas o incendio seguía. E entón ás 22 horas, desde as 17.53, estaban, ademais dos bombeiros de cinco parques, tres remolcadores –dous do Parque de Vigo e un de Salvamento Marítimo– e un buque da Xunta.

A Plataforma de Bombeiros de Galicia cualificou de desastrosa a xestión da Axencia Galega de Emerxencias e cre que propiciou danos maiores dos que tiñan que ser ocasionados. “Falta de coordinación” e “graves deficiencias protocolarias” din que houbo. Están denunciando as mesmas carencias que xa se puxeron de manifesto no accidente de Angrois, no incendio na nave de xeados de Brión, no incendio da praza da Ferrería en Pontevedra e agora Fandicosta. Levan vostedes catro incendios importantes nesta lexislatura, e en ningún dos catro vostedes fixeron nada, non modificaron nada, seguimos exactamente igual.

Os bombeiros denuncian que a mobilización de medios foi inapropiada, dilatándose os tempos de resposta ao pretender prescindir dos servizos de extinción de Vigo e Pontevedra. E non existiu un mando definido, cada servizo foi organizando as súas tarefas segundo podía, ao seu libre albedrío.

A extinción de incendios debería de ser un servizo de xestión directa, que antepoña a seguridade das persoas e dos bens ao interese económico empresarial. Non só os parques comarcais de bombeiros están privatizados, senón que o propio 112 foi subcontratado a unha empresa de publicidade de Telefónica, Telemac.

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, dixo na prensa que o 112 actúa adecuadamente e que a coordinación foi perfecta. Polo tanto, espero que se me aclare por que se os servizos de emerxencia actuaron adecuadamente e funcio-

nou a coordinación do 112 se rexeitou a axuda dos bombeiros de Vigo e de Pontevedra. ¿Por que non se tivo en conta que cantos máis bombeiros houbera, máis rápido se extinguiría o incendio? É que xa dá igual, se estaban alí, se podo ter bombeiros para que o incendio se extinga antes, ¿por que os rexeito, cando evidentemente tiñan disposición de facelo? E tamén quixera que se me dixera se se tivo en consideración o risco de explosión dos depósitos de amoníaco.

Espero que esta moción sexa aprobada por unanimidade e que, de verdade, o Partido Popular se poña a reconsiderar cal é a súa política no caso de incendios. Pois a punto de cumprirse os tres anos de Angrois e catorce do accidente do *Prestige*, Galiza segue igual de desprotexida fronte a estes accidentes que o estaba no ano 2001.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, boa tarde a todos e a todas.

A verdade é que non ten perda escoitar o señor Tellado, porque vostede practica moi ben a linguaxe incendiaria, vén aquí facelo. Mais a verdade que nos achegan os profesionais, os bombeiros públicos de Galicia, cos seus relatos, que temos que crer que son verdade, rematará por apagar todas as mentiras que esa lingua incendiaria vén de verter desde aquí.

O certo é que todo acontece porque temos unha xestión e unha titularidade dos parques privatizada. E nós o que queremos, e todo o sector, é reverter esa privatización, porque trouxo as consecuencias negativas e desastrosas para a calidade do servizo e para a cidadanía galega que estamos padecendo. É máis caro, precariza o traballo do persoal e existe unha opacidade absoluta nesas plataformas que hai por detrás.

A Plataforma de Bombeiros Públicos de Galicia emitiu un informe ao CAE 112 Galicia que é moi elocuente, e non só co que aconteceu en Fandicosta, senón que analizan ata

quince situacións en que se produciron graves eivas de coordinación, e polo tanto con consecuencias negativas, porque aí si que a xente perdeu a súa casa, e iso xa é grave, por culpa da inoperancia e ineficacia e da estratexia privatizadora da Xunta de Galicia.

Nós preguntámonos como é posible, lendo todos os relatos e escoitando os profesionais do sector, como non se mobilizaron os bombeiros de Vigo, que eran os máis próximos e mellor preparados en recursos humanos e materiais para afrontar o que é un incendio industrial.

Tamén –e eu voume centrar nisto– chegou a nós o relato do Parque de Bombeiros de Pontevedra. Lendo iso é desolador e mesmo un esperpento en que converteron vostedes todo o sistema de emerxencia en Galicia. Afirmar eles que nunca recibiron unha chamada por parte do 112, estando a catorce minutos do sinistro, nin unha chamada do 112, nin para informar, nin para requirir. E só unha hora e dez minutos despois a concelleira de Seguridade e a oficial xefa amosan a súa sorpresa de por que non recibiran a chamada. E entón chaman elas ás sete e cuarto, ás 19.15, e reciben como resposta que non vaian que non son necesarios, resposta que lles dan.

Ben, ás 19.40 si reciben unha primeira chamada para que lles manden auga, e mandan 10.000 litros de auga nunha nodriza. Ás 21.35 –imaxínense o tempo que pasou– reciben a primeira chamada pedindo todos os medios posibles. Pero curiosamente dez minutos despois o propio 112 chámaos para que vaian á N-550 apagar o lume dun camión; van á N-550, percórrenna toda ata chegar a Arcade, pero non atopan ningún camión, falsa alarma, ¿que aconteceu aí? Pois perdéronse minutos imprescindibles. E, claro, chegan a Fandicosta ás 22.34, e cando chegan alí a imaxe á que asisten é dantesca e de devastación das naves, queimadas. Permaneceron alí ata a unha da madrugada, e volveron o 10 de maio á unha da madrugada. E alí non había coordinación ningunha, era un caos absoluto, ninguén sabía por onde había que operar, cal era e quen era e quen tiña o mando.

Polo tanto, señor Tellado, non se ría porque esta situación é bastante grave, e vostede veu aquí dicir –recóollo directamente–: “xestión moi boa”, “un éxito” e “actuouse ben”. Se na súa conciencia actuar ben é simplemente deixar que esmoreza todo un edificio, todas as perspectivas laborais

e pagar 3 millóns; pois, ben, para vostede sexa. Pero para nós iso non é actuar ben, todo o contrario, é actuar desastrosamente mal, porque pon en perigo, porque non pasou nada pero puido suceder. E previr é fundamental, e para previr hai que ter un sistema de emerxencia público, totalmente público e ben coordinado.

E de aí, loxicamente, que non entendemos como se na Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, figuraba no primeiro punto homoxeneizar en tres anos –é dicir, no 2010 debería estar homoxeneizado– as prestacións, condicións dos servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia; pois non entendemos como non se fixo. Ou tam pouco como non se fixo o que figura aí de reordenación territorial e da estrutura operativa que figuraba que se tiña que facer en seis meses, mais entendemos perfectamente cal é a forma de gobernar do Partido Popular.

E, desde logo, nas restantes, no Regulamento do bombeiro profesional e voluntariado e no Estatuto do bombeiro, apoiámos a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Señor presidente, señoras deputadas e señores deputados.

A verdade é que eu tiña unha intervención preparada pero estou fondamente preocupada. Eu pediríalles ás súas señorías, a todas, que se abstraeran por un momento da condición de deputados que temos e pensemos como cidadáns. Cidadáns que agora mesmo estamos facendo a declaración da renda e estamos entregándolles ás administracións, ao Estado, recursos para que nos protexan. É o noso modelo, o Estado de benestar consiste niso, aportamos todos –cada un dentro das súas posibilidades– para crear instrumentos de protección. E é normal que un grupo da oposición lle demande información ao Goberno, é normal porque non dispoñemos dela. A min o que me parece sorprendente –que ademais dixo o portavoz do Partido Popular– é que eles, igual que un grupo da oposición, pedían información a todas as administracións.

E a cuestión é grave por unha cuestión, porque o principal responsable das emerxencias de Galicia, que ten obrigación legal, política, ética e que cobra por iso, chámase Alfonso Rueda –que non está, por certo–. E resulta que estamos falando neste accidente que se produciu entre o 9 e a madrugada do 10 do mes pasado –ou sexa, que vai un mes fóra–, ¿e que nos di o portavoz do Grupo Popular? Dinos: solicitaron un informe pormenorizado ao Consorcio de Bombeiros de Pontevedra. Iso é no primeiro punto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ¿quéreme dicir vostede que o señor Rueda diante dunha situación de emerxencia como esta...? Oia, ¿cre vostede realmente que é asumible que o responsable das emerxencias no día de hoxe aínda non teña pedido un informe para tratar de corrixir aquilo que funcionou mal porque niso nos xogamos a vida e a estabilidade? Neste caso dunha empresa, pero pode ser a vida de persoas, porque se estoupan os tanques de amoníaco que creo que había nesa empresa pois sabe Deus o que pasaría. Sabe Deus para os que cren, para os que non cremos nin sequera podemos recorrer a iso, ¿a que recorremos?

Pero piden despois vostedes no punto dous –non me vou posicionar, señora Paz, porque xa sei que isto é cousa súa, pero é que me chamou moito a atención– a transcripción do cruzamento de chamadas que houbo entre o 112 e os bombeiros de Vigo. Por certo, iso teno pedido o meu compañeiro Abel Losada, artigo 9, despois do debate co señor Rueda, que dixo: aí están... Aí están, pero aquí aínda non están; pedíronse pero aquí non se enterou ninguén. E vostede tamén a estas alturas, o Grupo Popular, ¿é consciente do que pide? Que o noso Goberno aínda non ten esa información. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E se a ten, ¿para que a pide, home?

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora SONEIRA TAJES: ¿Que pasa? Non, non, pero quen o pide é un grupo da oposición. ¿Como alguén que defende e sostén a acción do Goberno vén aquí facer unha especie de teatrillo en algo tan serio como son as emerxencias? *(Murmurios.)* ¡Home!, señor Tellado, non xogue coas palabras.

Mire, a súa emenda é o recoñecemento –e ademais póño así literalmente, e é totalmente contraditorio co que dixo o señor Rueda aquí na interpelación– de que –e ade-

mais dio literalmente– “se axusten os protocolos, o catálogo de medios e recursos, favorecendo os criterios de proximidade, dispoñibilidade de efectivos e idoneidade dos medios”. É dicir, todo o que se ten denunciado aquí, o que teñen denunciado os profesionais, a proximidade dos distintos parques de bombeiros en isócronas moito máis próximas ao incidente que o que dispuxo o 112, e vostedes veñen aquí pedilo.

Señora Paz, se neste Parlamento funcionáramos con lóxica, isto non é máis que a certificación de que o debate que tivo vostede ou que tivo o meu compañeiro Abel Losada co señor vicepresidente da Xunta, responsable das emerxencias de Galicia, a razón estaba deste lado. Pero a razón e a lóxica política, sobre todo cun grupo que pensa que ten a razón porque ten a maioría de deputados, pois teñen pouco que ver.

Nós imos aprobala tanto se vostede lle acepta a emenda onde se recoñecen todos os fallos e todas as eivas que aconteceron nese feito como se non lla acepta.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Benvido, señor Rueda, a este debate, que creo que é da súa incumbencia.

E ten razón a señora Soneira en que a emenda do Partido Popular é o recoñecemento explícito de que algo non funciona na Axencia Galega de Emerxencias por moito que o señor Tellado se empeñou na súa intervención en intentar derivar cara a todo o mundo as responsabilidades do que pasou en Fandicosta, cara a todo o mundo. Parece que aquí os únicos que non teñen nada que ver co funcionamento da Axega é a Xunta de Galiza; é máis, díxoo vostede explicitamente na súa intervención. Pero o importante son os feitos e o importante é o que está escrito: polo tanto, imos intentar avanzar un pouco.

En todo caso, a respecto da emenda eu xa dixen con anterioridade que a nosa vontade era intentar chegar a unha

transacción coa emenda do Grupo Popular. Pero permítanme antes de facer a proposta concreta que diga dúas cousas. É curioso, o Partido Popular é moi pintoresco en canto aos principios. Non vou citar iso de Marx –non o socialdemócrata, o outro– porque está moi manido, pero desde logo a súa doutrina é bastante cambiante.

A respecto dos consorcios, eu lembro unha vez que trouxen a este Parlamento unha iniciativa para pedirlle explicacións ao Consorcio de Lugo por unhas oposicións anuladas por un tribunal en Monforte, e o Goberno díxome: ¡ah!, non, aos consorcios este Parlamento non pode dicirlles nada porque son unha cousa diferente ao Goberno. E agora sorpréndennos vostedes cun cambio coperniquiano de doutrina e xa veñen aquí directamente solicitar un informe pormenorizado ao Consorcio de Pontevedra, e poñémolles prazo. Nós aceptámoslle isto como engádegas, non hai problema; porque nós, efectivamente, non somos coma vostedes, que só lles queren meter o dedo no ollo a aquelas institucións ou entidades nas que vostedes non gobernan. A nós dános igual quen goberne, aquí todo o mundo a dar explicacións e a render conta da súa actuación.

Pero outro cambio de doutrina do Partido Popular. Aquí a autonomía local é sacrosanta, tanto como a Constitución; aos concellos podémolles pedir por favor que se queren que nos escoiten, pero non lles podemos impoñer nada. E vostedes chegan aquí co punto catro, que di instar as deputacións provinciais a que nos digan xa cal é o seu modelo. Carai, ¿a todas?, ¿ou á de Ourense non lle preguntamos cal é o seu modelo? Se vai seguir co modelo de privatizar e a poder ser utilizalo como oficina de colocación do señor Baltar.

Ben, miren, en conclusión, señor Tellado, atenda, voulle facer a proposta de transacción:

Aceptámoslle o punto un e dous como de engádegas ao noso punto primeiro, porque nós lle pedimos información de todo o CAE 112; tamén aceptamos pedirlla ao Consorcio de Bombeiros de Pontevedra, e, por suposto, xa que vostede ten tanto empeño con Vigo, tamén aceptamos poñer explicitamente que, ademais de todas as transcricións, tamén quereamos as transcricións de Vigo.

O seu punto tres acéptoo incluso como de substitución do noso punto dous, porque, efectivamente, o importante é

que se teñan en conta o que din os traballadores a respecto do funcionamento e que se revisen os protocolos.

O de instar as deputacións. Mire, sabe vostede –e o señor Rueda moito mellor– que as deputacións están traballando niso. E tampouco non temos ningún problema en instar as deputacións a que definan, e tamén á de Ourense, e que diga tamén os motivos polos que o señor Baltar prefire seguir mantendo o tema privatizado e poñendo dous xerentes cando en todas partes hai un.

E a respecto do punto quinto tampouco temos ningún problema en que substitúa incluso os nosos puntos catro e cinco. Aínda que, por certo, o punto catro é independente do modelo de xestión, porque o punto catro xa vén previsto na Lei de emerxencias.

E, señor Rueda, vostede que o outro día dixo aquí que o BNG non trouxera desde o mes de maio pasado ningunha iniciativa verá que na emenda pon que se aprobou por iniciativa do BNG unha proposición non de lei en setembro de 2015.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Transaccionen sobre o falado. Un minuto ou dous.

(Pausa por uns minutos para transaccionar.)

O señor PRESIDENTE: Si, parece que chegaron a un acordo. Se nos explican o acordo, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PAZ FRANCO: Despois pasarémolles por escrito aos servizos, porque é un pouco engorroso. Acéptanse como de engádegas despois do punto 1 da moción o punto 1 e 2 da emenda do Grupo Popular; substitúese o punto 2 da moción polo punto 3 do Grupo Popular; acéptanse como engádegas os puntos 4 e 5 do Grupo Popular, e o resto da moción queda igual. Pasaréillelo por escrito. E o

señor Tellado pide a votación por puntos: por un lado, o punto 1 e 2 coas incorporacións e, por outro lado, o resto da moción.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

¿Está claro isto? Pasamos polo tanto á votación das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Na primeira, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, xa manifestou o ponente que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non aceptaba a do Grupo Parlamentario Popular.

Votación do texto transaccionado da Moción do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia das reválidas de educación primaria previstas na LOMCE, o seu desenvolvemento normativo e o seu calendario de implantación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Moción do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención dos incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Na seguinte votación da moción do Bloque Nacionalista Galego o que eu entendín é que votamos agora por separado os puntos –conxuntamente, pero por separado– 1 e 2, e o resto dos puntos vótanse despois. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, xa o explicou ela, pero en principio son os puntos... Ela faranos chegar o acordo, a transacción, e o punto 1 coas transaccións que lle incorporaron, coas engádegas, e o punto 2 coas que tamén transaccionaron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O 2 é substitución polo 3 noso, polo 3 do Grupo Parlamentario Popular. (*Risos.*) É que é un pouco galimatías isto.

Imos ver, votamos o punto 1, no que houbo unha transacción co Grupo Parlamentario Popular. Votamos o punto 1.

Votación do texto transaccionado do punto 1 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto 2, no que hai unha substitución polo punto 3. Votamos iso.

Votación do texto transaccionado do punto 2 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, pois entón votamos os puntos 4 e 5 do Grupo Parlamentario Popular transaccionado, que vai como engádegas á moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación dos textos transaccionados dos puntos 4 e 5 da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72; votos en contra, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da moción.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o resto dos puntos da moción.

Votación do resto dos puntos da Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Tereixa Paz Franco, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas no actual modelo de emerxencias, prevención, extinción de incendios e salvamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Hannos facer chegar ese acordo, que é un acordo de certa complexidade.

Modificación e alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Tal e como se anunciou aos portavoces, hai unha alteración na orde do día, e substanciamos agora dúas preguntas ao Goberno.

Comezamos coa pregunta de dona Montserrat Prado Cores.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación en que quedan os doentes que estando en lista de espera para intervención cirúrxica ou probas diagnósticas non aceptan ser derivados a centros privados para a súa realización

O señor PRESIDENTE: Dona Montserrat Prado Cores, cando queira.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde. Boa tarde, conselleiro.

O Partido Popular está a practicar unha política de recorte e demolición da sanidade pública de dimensións bíblicas. E estao facendo por múltiples recursos: a través da deterioración, a base de ter abandonadas as infraestruturas, a través da falta de recursos humanos e materiais, e así ter a desculpa de privatizar os servizos, e a través de constantes mecanismos de disuasión do uso da sanidade pública:

O primeiro son as infames listas de espera. As demoras que fan que aquelas persoas que teñan recursos pois poidan acudir á sanidade privada, e os que non pois que agarden meses e anos a ser atendidas.

O segundo dos mecanismos son as derivacións á sanidade privada. Na vez de optimizar os recursos dos centros públicos, estes permanecen en moitos casos baixo mínimos ou directamente pechados. O Partido Popular no Goberno da Xunta, no seu departamento, ano tras ano, verán tras verán, pecha un número indecente de camas nos centros hospitalarios galegos. No ano 2010 foron 588; no 2011, 670; no 2012 pasouse a 787; no 2013, 1.105; no 2014, 1.200; no 2015 máis de mil, e este ano 2016 vai volver proceder a un peche indecente de camas nos centros hospitalarios, calcúlase que pode ser arredor de 1.200. Digo calcúlase porque lonxe dese discurso pola transparencia, ese discurso de que o Partido Popular non ten nada que agochar, e todo o fai con luz e taquígrafos, resulta que non hai comunicacións, non hai nada por escrito, hai comunicacións verbais exclusivamente; co cal, da suma do que vostedes lles van dicindo ás diferen-

tes xerencias, podemos chegar á conclusión de que son 1.100, 1.200, bueno, máis ou menos.

O peche de camas ten moi graves consecuencias no eido asistencial. Esta decisión significa maior dificultade para o acceso a esas prestacións sanitarias por parte da poboación, paralización da actividade cirúrxica ou aumento das listas de espera –no último trimestre do 2015 aumentaran o 25 %, datos recoñecidos por vostedes mesmos–, saturación dos servizos de Urgencias, unha moi importante repercusión na presión sobre os profesionais, unha consecuencia no emprego tremenda, aumento do desemprego.

E enterámonos a través dos medios de comunicación de que a Consellería neste contexto vai poñer en marcha un plan de redución das listas de espera con 5 millóns de euros para reducir en 34.000 doentes as listas de espera. A pregunta é: ¿como?, ¿cun masivo peche de camas?, ¿peche de servizos?, ¿peche de quirófanos?, ¿non contratación de persoal? Preguntámonos como vai conxugar esta redución de listas de espera neste contexto.

O que nos tememos é que o que vai significar é afondar na privatización da sanidade pública e vai significar moita máis derivación de doentes á sanidade privada, e que unha parte importantísima deses 5 millóns de euros vaian directamente ás arcas da sanidade privada, señor conselleiro.

Por iso preguntámoslle se considera que o Goberno galego defende a sanidade pública con estas medidas, pechando mil camas, privatizando servizos e derivando masivamente doentes á sanidade privada en vez de atendelos na sanidade pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señora deputada, señores deputados, moitísimas grazas.

A verdade é que empezamos sempre, señora Prado, un pouco as intervencións... parece que son copiadas dunha

tarde a outra. E dicir neste momento, xusto cando o Goberno da Xunta de Galicia foi dos poucos que cumpriu o déficit e que precisamente o presidente anunciou un paquete de medidas que imos utilizar para mellorar os servizos en xeral, pero especialmente os sanitarios –o que me incumbe a min–, pois creo que non é o momento oportuno. Dicir que a privatización, a perda en infraestruturas, etc., é xusto o período no que menos debe utilizar este tipo de argumentos. Estamos rematando centros de saúde, estamos ampliando hospitais, e imos dedicar –como digo– do diñeiro que o déficit permite esa folgura á Xunta de Galicia pois 24 millóns de euros para mellorar a calidade dos servizos sanitarios. Por iso creo que é algo que ten aí mesmo dentro dese discurso e que non conduce a nada.

Diciános no pasado mes de marzo, na interpelación falaba precisamente da derivación a centros privados para que lles realicen probas diagnósticas ou intervencións cirúrxicas. Sabe que non é un feito novo. Isto, durante o Goberno do que vostede participou, o Goberno bipartito, era moito maior a derivación, ademais ensineille a gráfica que tiña naquel momento e o incremento grande é precisamente nese período do Bipartito. Nós diminuímos de forma importante esas derivacións.

A Lei 14/1986, xeral de sanidade, no artigo 90.1, establece que “As administracións públicas sanitarias, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer concertos para prestación de servizos sanitarios con medios alleos a elas. Para tales efectos, as distintas administracións públicas terán en conta, con carácter previo, a utilización óptima dos seus recursos sanitarios propios”, e a propia Lei de saúde de Galicia, aprobada neste Parlamento en tempos –como dicía antes tamén– do Bipartito, recoñece a importancia do sector privado e da atención sanitaria como “complementario e subsidiario do Sistema público de saúde da Comunidade Autónoma”. Desde logo, menos importante neste momento que no período que gobernaban vostedes. E, por suposto, contamos cun modelo de planificación asistencial da actividade a desenvolver en centros concertados que se orixina dentro das estruturas de xestión integrada, establecendo unha coordinación asistencial desde o sistema público que garanta os resultados en saúde.

Señoría, na xestión da nosa lista de espera de probas diagnósticas ou cirúrxicas, ademais de atender os nosos

pacientes con calidade e seguridade, tamén temos un obxectivo, que é cumprir a Lei de garantías e prestacións sanitarias. E, como sabe, no seu artigo 5 establece uns tempos de espera en torno a 60 días para operacións cirúrxicas e 45 para consultas e probas diagnósticas.

Ante a imposibilidade de intervir no prazo máximo de resposta no hospital de referencia, ofértaselle ao paciente acudir a outro centro, e que teña loxicamente a absoluta certeza de que nese centro a asistencia está acreditada pola Consellería de Sanidade e aplicando os mesmos criterios exixibles a un centro público. Pero dicirlle que os dereitos de antigüidade en caso de rechazar ser intervido nun centro concertado se manteñen exactamente igual que se non o tivera rechazado. Non se elimina como vostede di na interpelación.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Non explicou vostede como vai facer a multiplicación do pan e dos peixes, señor conselleiro. Resulta que en sete anos de xestión do Partido Popular desde que volveu ao Goberno da Xunta temos o 12 % menos de orzamento, eliminación de máis de dous mil postos de traballo, peche de arredor de oitocentas camas que desapareceron da sanidade pública, mentres a sanidade privada ten o 25 % xa das camas. Neste contexto volven pechar mil camas, non me dixo cantas. É dicir, sería bo que deixara de xogar a ocultar os datos e publicara cantas camas, onde, en que servizos, a quen vai afectar e cando se van abrir despois, se se van abrir... Pero non, vostede non contesta a nada diso e pretende convencernos de que con menos recursos, con menos camas, con menos persoal van baixar en 34.000 persoas as listas de espera.

Eu preguntolle como vai facelo. ¿Vai facelo na sanidade pública sen eses recursos ou vai facelo na sanidade privada? ¿Vai derivar pacientes a mansalva para a sanidade privada?, ¿como o vai facer?, ¿en que horario? ¿Vai recorrer ás peonadas? Explique e, en vez de estar agochando datos e dicir que o recurso cama e o debate sobre o peche de camas non ten ningún sentido, teña a valentía de explicar como, onde,

cantas pecha, canto persoal, a quen vai afectar, en que hospitais, cantas plantas se pechan, cantos quirófanos, cantos servizos.

E, con todo iso, vostedes saen na súa política de publicidade e propaganda a dicir que nese contexto van reducir en 34.000 persoas a lista de espera con 5 millóns de euros. E agora resulta que o que non fixeron en sete anos o van conseguir antes das eleccións. Suponse como publicidade que van facer todos os centros de saúde e todas as infraestruturas que non fixeron.

Eu agradeceríalle que por unha vez –insisto– tivera a valentía de contestar en sede parlamentaria como van facer iso que anuncian na prensa, nun contexto de eliminación continua de recursos. Esa é a pregunta: ¿van derivar pacientes a mansalva para xustificar esa promesa que están dicindo de eliminar 34.000 persoas das listas de espera?, ¿como o van facer? É unha pregunta sinxela: ¿como o van facer? Así de sinxelo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Rolda de réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A pregunta non era así, pero se vostede quere cambiala e facela así, non hai problema, eu vou contestar igual.

Mire, eu creo que vostede sabe que a sanidade evolucionei moitísimo. Hai uns anos operar unha cadeira podía levar pois catorce días de ingresos: tres días antes da intervención, a intervención, a recuperación e facíase practicamente case a rehabilitación dentro do hospital. Hoxe iso mesmo son cinco días. Se se realiza este tipo de técnicas, abrimos hospitais de día, facemos cirurxía maior ambulatoria, resulta que o que vostede fala do tema de camas é moi importante nos hoteis, pero nos hospitais xa non é tan importante. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Entón, ¿como facemos? O plan está moi clariño. Imos derivar unha parte a centros concertados... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* De todas formas, moito menos –como digo– que nos gobernos do Bipartito, moito menos. E outra parte vai ser feito tanto nos hospitais en horario diúrno, digamos de mañá, e outro en horario de tarde,

autoconcertación, chámamlle “peonadas” (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), autoconcertación.

Como digo, a práctica sanitaria evolucionou moito, grazas a Deus. E nós creo que estamos precisamente tratando de axustarnos ao que piden os pacientes non só os profesionais. Os pacientes prefiren actividade ambulatoria, prefiren estar menos días no hospital e, desde logo, isto estase facendo desde hai anos non só aquí, non só en Galicia, en toda España.

Polo tanto, creo que falamos de algo que xa é algo como os recortes, a privatización e o peche de camas. As camas están presentes nos hospitais e o que queremos é planificar a actividade de verán, que evidentemente sabemos, planificamos con datos de anos anteriores, onde a incidencia de enfermidades infecciosas, que é o que leva á ocupación alta nos meses de inverno, no verán non se dá. E tamén hai loxicamente as vacacións do persoal, que teñen dereito con toda lóxica a vacacións, e, polo tanto, a actividade en todos os veráns sempre vai diminuír.

¿As camas? As camas están presentes. Ningún paciente de Galicia ten ningún problema, non vai ter ningún problema nin en verán nin en inverno, precisamente, para poder estar ingresado se así o necesita. Pero se desde logo podemos facer tratamento ambulatorio, imos elixir sempre o tratamento ambulatorio. ¿Por que? Porque o paciente o pide, o paciente dinos que prefire ser tratado con técnicas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que non necesita estar fóra da súa casa. E creo que é unha necesidade, é unha petición con bo sentido.

E loxicamente falaba tamén daqueles pacientes que non estean de acordo a ser derivados a centros concertados. Non hai ningún problema, a antigüidade vaise manter en todo momento e vanse operando nos centros propios do Sergas, que temos capacidade para facelo.

E —como digo— o que queda ao final é que o déficit foi cumprido por Galicia, con Canarias a única Autonomía que o cumpriu, e utiliza unha parte moi importante precisamente para mellorar...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):
...para facer máis centros de saúde, para ampliar os hospitais

da rede e tamén, loxicamente, para diminuír as listas de espera.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Mónica Fernández Rodríguez, do G.P. Mixto, sobre as medidas de prevención e control que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación co exceso de peso das persoas

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Mónica Fernández Rodríguez, cando queira.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Boa tarde a todas e a todos. Boa tarde, señor conselleiro.

A obesidade e o sobrepeso son dúas doenzas en continuo crecemento, catro de cada dez persoas teñen sobrepeso e dúas son obesas na nosa terra. Galiza está á cabeza do Estado español en taxa de persoas con sobrepeso, que representan un 43,5 % da poboación entre 25 e 64 anos, e ocupa o segundo posto no ránking de persoas con máis obesidade, cunha taxa do 24,9.

O exceso de peso hoxe é o terceiro factor de risco de todas as causas de morte e discapacidade, despois do tabaco e a hipertensión arterial, para o desenvolvemento doutras enfermidades crónicas. A obesidade e o sobrepeso supoñen un empeoramento da calidade de vida da persoa doente e, por outro, un aumento da carga asistencial e un gasto para o Sistema sanitario de saúde. Están directamente relacionados co aumento da diabeite tipo 2, incremento do colesterol e triglicéridos no sangue e a hipertensión arterial, que á súa vez son factores principais de risco para as enfermidades cardiovasculares, a maior de causa de morte no conxunto do Estado. De aí que a Sociedade Española de Cardiología dera a voz de alarma.

Non é só un problema exclusivo de Galiza, alcanzou proporcións epidémicas a nivel mundial, e cada ano morren como mínimo 2,8 millóns de persoas a causa da obesidade ou do sobrepeso.

Pero á parte de todo isto, a obesidade é unha enfermidade socioeconómica, cada vez máis ligada ao nivel cultural e eco-

nómico da poboación. Aínda que antes se consideraba un problema confinado aos países de altos ingresos, na actualidade a obesidade tamén está presente nos países de ingresos baixos e medianos. Pensábase que coa crise as familias volverían ás comidas tradicionais, pero vemos que van ás calorías máis baratas, mentres que os alimentos que máis aumentaron o seu prezo son os máis saudables. O aumento do consumo de alimentos moi ricos en calorías sen un aumento proporcional da actividade física produce un aumento de peso. A diminución da actividade física produce igualmente un desequilibrio enerxético que desemboca no aumento de peso.

En canto ás causas, debemos falar, en primeiro lugar, de factores ambientais; os principais son o sedentarismo e os cambios dietéticos. En Galiza estímase que entre o 14 % e o 15 % das nenas e dos nenos menores de 15 anos teñen obesidade e que o 26 % teñen sobrepeso. É dicir, máis do 35 % das nenas e dos nenos galegos teñen exceso de peso, coa maior prevalencia de obesidade infantil en toda Europa, cun crecemento moito máis rápido que o de Estados Unidos nos últimos vinte anos.

E esta é a orixe da alta taxa de obesidade nas persoas adultas. Na nosa terra máis do 50 % das persoas de máis de 18 anos teñen sobrepeso ou obesidade. Mais, pola contra, os habitantes –para comparar– de Baleares, xunto con Cataluña e País Vasco, son os que están máis en forma.

Para explicar esta situación deberíamos ter en conta, e está demostrado, que existe un abandono das dietas tradicionais, a atlántica e a mediterránea, que vai parella a un cambio nos estilos de vida, con menos desprazamentos a pé e menos traballo físico.

Por todo isto, esta deputada pregunta sobre que medidas de control e prevención está adoptando a Xunta de Galiza na actualidade para unha maior vixilancia nos grupos de risco e aplicación de estratexias para toda a poboación.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Fernández.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):
Señor presidente, señorías.

Señora Fernández, compartimos a súa preocupación. Tanto a prevención da obesidade infantil, a través do plan Xérmola, como a abordaxe da obesidade no adulto constitúen prioridades desde o punto de vista de saúde pública. A obesidade constitúe ao mesmo tempo unha patoloxía e un factor de risco fronte a outras enfermidades crónicas, compartindo con elas algunhas causas comúns e modificables.

O principal factor de risco da obesidade no adulto é a obesidade na infancia e adolescencia, co abano de comorbilidades e co gasto sanitario que supón: diabeto tipo 2, enfermidades cardiovasculares, algún tipo de cancro. Aínda que non son frecuentes, algunhas destas patoloxías comezan a manifestarse xa na infancia.

A principal iniciativa que temos en marcha é o referido ao plan Xérmola para a prevención da obesidade infantil, pois entendemos que é precisamente na infancia cando resulta máis importante intervir. O plan inclúe trinta e dúas intervencións distintas, canalizadas a través de trece liñas de acción que se marcan como estratéxicas e necesarias para alcanzar os dez obxectivos específicos. Entre outros, percíbese como necesario o desenvolvemento de tres protocolos de actuación, un para cada un dos tres ámbitos prioritarios da intervención: a contorna escolar, a contorna sanitaria e a contorna familiar e comunitaria.

Tamén é importante destacar a iniciativa “Xente con vida”, o sitio temático oficial da Consellería de Sanidade sobre hábitos de vida saudables. Centra a súa actividade nas plataformas dixitais e as redes sociais, imprescindibles hoxe en día. Recibiu en 2012 o sexto premio Estratexia NAOS na promoción dunha alimentación saudable en ámbito familiar e comunitario. Como mostra do seu impacto é destacable que resulta a comunidade líder en Facebook en España de entre outras iniciativas sobre estilos de vida saudables promovidas polas administracións públicas estatal e de comunidades autónomas, e conta con máis de vinte e tres mil seguidores.

Quero mencionar tamén a Plataforma DAFIS, datos sobre a valoración da condición física saudable, unha ferramenta elaborada ao abeiro do Plan Galicia saudable, promovida pola Xunta de Galicia e coordinada polo Secretaría Xeral para o Deporte, para facilitarlles aos profesionais do ámbito da actividade física e do deporte a valoración da con-

dición física dos seus alumnos, deportistas e da cidadanía en xeral, que participa de iniciativas vinculadas á práctica da actividade física e deporte.

No que se refire ao aspecto final da súa pregunta, relativa á vixilancia nos grupos de risco e a aplicación de estratexias para toda a poboación, teño que dicirlle que entendemos que resulta máis conveniente avaliar o risco global do paciente en conxunto e non en función dun único factor, aínda que este sexa tan importante como a obesidade. O Servizo Galego de Saúde levou a cabo un proceso de estratificación de risco que permite identificar individualmente o nivel de saúde e de complexidade de cada un dos case 2,5 millóns de galegos maiores de 14 anos, establecendo catro estratos en función do nivel de complexidade. Así, todos os profesionais sanitarios do Sergas, en especial os de atención primaria, poderán poñer en marcha accións específicas destinadas a satisfacer as necesidades de cada cidadán...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...en función do seu grao de necesidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Teño que comentarlle que o plan Xérmola si o coñecía, o que si que me falta ao mellor son resultados. Creo que son dúas plataformas bastante recentes, o que si queda moi claro é que ten que ser unha colaboración entre varias consellerías, á parte da de Sanidade, porque creo que é un tema que nos compete a todos, onde o Goberno ten que poñer especial atención e os medios.

Si que é moi importante recoñecer que o sistema de dieta que seguimos actualmente se modificou nas últimas décadas, e debería sobre todo facer fincapé na industria alimentaria, sobre todo polo abandono como dixeran antes da dieta mediterránea e a dieta atlántica.

Si que é importante o fomento do deporte, e isto está claro que hai que empezar a traballar coas familias, sobre todo fago fincapé nos nenos e nas nenas e na mocidade, por-

que é un problema que se existe nesas idades vai agravarse posteriormente.

Entón, é moi importante que non se fagan medidas específicas, ten que ser un tema transversal. Se se presta unha especial atención á nutrición, non podo entender certo tipo de alimentación que se ofrece nos comedores ou que se poida ofertar aos nenos e ás nenas que sexan libres de poder acceder a comida basura, por exemplo, de máquinas expendedoras. Entón, entendo que na responsabilidade individual só se pode exercer plenamente os seus efectos cando as persoas teñen acceso a un modo de vida saudable e reciben apoio para elixir opcións saudables.

A Organización Mundial da Saúde mobiliza a todas as partes interesadas que teñan unha función crucial na creación de contornos saudables e na accesibilidade ás opcións dietéticas máis saudables. O desenvolvemento socioeconómico e as políticas agrícolas de transporte e de planificación urbana, medioambientais, educativas, de procesamento, distribución e comercialización inflúen nos hábitos e preferencias dietéticas dos nenos e das nenas, así como na súa actividade física. Estas influencias están fomentando cada vez máis este aumento de peso do que falo.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Réplica, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señora Fernández, ten razón en case todo. A verdade é que se documentou adecuadamente.

Eu, sen embargo, non estou de acordo en que sexa un tema de coordinación entre consellerías, creo que é un tema social. E, ademais, non é só un tema social a nivel galego ou español, incluso eu falaría do mundo occidental, incluso tamén –como ben di– estamos falando de alimentación con cada día máis enerxéticos que chegan máis fácil a todo tipo de familias. Ese é un grave problema. Estando de acordo como digo niso, loxicamente non é un traballo no que poidamos encontrar resultados de forma rápida, é un tema de longo percorrido.

Dende logo, o exceso de peso constitúe en Galicia un problema de saúde pública, especialmente preocupante na infancia e na adolescencia. Dicían en datos que a prevalencia da obesidade na poboación galega está de 6 a 15 anos, que é un dato practicamente novo, no 8,2 %, 9,2 en homes e 7,3 en mulleres. E a polivalencia de sobrepeso –como di, algo menos importante, pero que si dá un índice de afectación importante– está en torno ao 24 %.

Como sinalaba na miña primeira intervención, a principal estratexia en marcha desta liña é o plan Xérmola, o plan que se deseñou para actuar en diferentes niveis buscando de forma activa a coordinación con outros programas, recoñecendo as posibles sinerxías e valorando as barreiras para a súa implementación.

Dada a etiología multifactorial da obesidade, porque é un tema que non comentou vostede pero tamén está aí, que é o tema xenético –tamén importante–, na aparición da obesidade cóntanse con distintas estratexias para realizar cada unha das trinta e dúas intervencións que inclúe, como dicía: formación, lexislación, participación activa, vixilancia e intersectorialidade. E resultaría exhaustivo detallar cada unha das intervencións de xeito pormenorizado nesta resposta polo tempo que implicaría, pero están dispoñibles –como digo– na web do Servizo Galego de Saúde.

No que se refire á poboación adulta, segundo o “Estudo de hábitos alimentarios da poboación adulta galega”, obsérvase que só o 21,2 % da poboación está en normal peso, o cal é un tema importante e preocupante. A prevalencia do sobrepeso na poboación adulta estímase arredor dun 41 %, sendo máis prevalente no home, e aumenta a medida que avanza a idade para ambos sexos. Nos adultos a actividade de prevención e promoción da saúde, ademais das levadas a cabo directamente cos pacientes por parte dos nosos profesionais, sobre todo a atención primaria, artículase fundamentalmente en torno á referida iniciativa “Xente con vida” –que comentei antes presente na web–, ás actividades formativas da Escola Galega de Saúde para Cidadáns e no futuro inmediato a través da Plataforma de saúde, que está nestes momentos en modelo de proxecto para unha parte da poboación e que pronto imos levalo a toda a poboación galega.

En breve, tamén se vai poñer en marcha o programa da Sociedade Española para o Estudo da Obesidade, preven-

ción da obesidade, “Alixeira a túa vida”, liderado polo doutor Casanueva da Universidade de Santiago de Compostela. Ata decembro de 2018 o programa articulará en diferentes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): ...puntos da xeografía un conxunto de accións de carácter técnico e científico divulgativo, pedagóxico...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): ...de formación ou de promoción, onde teñan cabida eventos deportivos, empresariais, culturais e sociais de gran magnitude.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre a cobertura das vacacións do persoal do Sergas, así como sobre as camas que se van pechar durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir, despois do punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:

“Ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha deriva-

ción de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptibles de ser usados nos centros públicos.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Non marche, señor conselleiro, que isto lle interesa, ou non.

Despois deste mar en calma imos levantar un pouco de marea. Un ano máis, nesta tribuna, estamos aquí reclamando o mesmo; outra vez entendemos que sen resposta, e non parecen moi interesados dende a Consellería. Un ano máis e o último deste Goberno do Partido Popular. Sete anos chovendo sobre mollado de duplicación no número de camas pechadas.

Eu preguntome se acaso nestes últimos sete anos se reduciron os doentes e as doentes á metade. E non só non se reducen, senón que as listas de espera non deixaron de medrar, froito do avellentamento da poboación, froito da cronicidade, pero, por suposto, froito dos recortes.

Fagamos unha clase de lóxica: se as persoas en espera se incrementan, se as Urgencias sofren colapsos xa practicamente en calquera época do ano, independentemente da estación, ¿por que se incrementa o número de camas pechadas e o número de consultas pechadas? A todas luces é polo menos ilóxico. Non é preciso saber de xestión sanitaria para entender que esta xestión –por chamala dalgunha maneira– non é nin como mínimo normal. Pero acudindo ás listas de espera temos unhas listas que podemos contar por milleiros, a pesar de que non coñecemos a totalidade das listas reais. Sete anos leva tamén o Partido Popular, rematamos xa a lexislatura, e sete anos negándose precisamente a facilitar a totalidade das listas, non só as oficiais, as estruturais.

É unha pena que marchara o conselleiro, porque parece que non sabía nin sequera a Lei de garantías de prestación sanitarias, que dixo que non se perdía a garantía de prestación sanitaria cando se negaba unha persoa a acudir ao centro que ofertaba a Xunta de Galicia. E é precisamente iso o que introducía a lei do Partido Popular, e que nós combatemos durante toda a ponencia, pero parece que non leu ben a lei.

E incluso cos datos que temos na man, incluso cos datos que non son reais, que facilita a propia Xunta de Galicia, eses datos de espera multiplicáronse durante os últimos anos, pois case duascentas oitenta mil persoas agardando por intervencións, consultas e probas. Retrocedemos aos datos dunha década, perdemos unha década de retroceso na atención sanitaria. Grazas, obviamente tamén, a esa lei que o señor conselleiro non sabe; esa mesma lei que o Partido Popular redactou e aprobou en solitario con toda a oposición en contra, con todos os sindicatos en contra e con todas as plataformas da sanidade en contra.

¿Como chegamos ata aquí? Pois chegamos despois dun recorte de preto de trescentos millóns de euros en sanidade dende estes últimos sete anos, despois do peche perpetuo de 400 camas, e chegamos despois da eliminación de preto de mil oitocentas persoas de prazas de profesionais na sanidade pública galega. Chegamos despois de hipotecar o orzamento sanitario co novo hospital de Vigo público-privado. ¡Unha década de atrasos! Repito: os datos semellantes aos de hai unha década.

E con estas listas, despois de todos estes recortes, o señor candidato presidente Feijóo tivo o cinismo, hai algúns días, de dicir que ía investir agora en reducir as listas de espera. Iso que acaba de promocionar unha vez máis o señor conselleiro: agora en época electoral uns millonciños, cinco –coido, non o sabemos exactamente– para reducir as listas de espera, agora, despois de 300 millóns de euros de recorte, para só algúns días despois de anunciar esa chuvia de millóns pechar de novo en torno a mil camas na sanidade pública. Actuación a verdade que bastante hipócrita, cínica e mesmo obscena.

Teñen vostedes, señores e señoras, señorías do Partido Popular, a todos e todas as profesionais por todas partes soliviantados, en Vigo, en Ourense, na Coruña, en Lugo, no Salnés. ¡Non aturan máis! Un ano máis volvemos pedir a este Parlamento solicitar á Xunta datos, información. Xa que din que non temos razón, outra vez temos que volver pedir eses datos, que todos os anos nos negan, sobre cantas camas van pechar cada mes e cada centro, e obviamente cal é o criterio desa decisión. Porque xa non cola falar de gripe, que se reduce en período estival, e logo pechar camas de Xinecología, como aconteceu os anos pasados, ou de Psiquiatría. Non cola dicir que as camas pechadas se poden abrir e logo, sen

embargo, non contratar para abrir esas camas ou facer derivacións como acaba de anunciar agora o señor conselleiro.

Queremos que nos digan exactamente, ou pedimos un ano máis, cal é o número de profesionais que desfrutan as vacacións cada mes en cada EOXI e cantas e cantos destes van ser cubertos por profesionais eventuais, porque xa non cola xustificar o peche polas vacacións. Acaba de volver facelo. É tan rudo ese argumento que dende logo dá vergoña allea. Non poden utilizar os dereitos dos traballadores e traballadoras para esconderse, como escusa, porque hai sete anos pechábanse a metade das camas e os traballadores e traballadoras desfrutaban tamén das vacacións. Non hai motivo para que se dobrara ese peche de camas. Parece ser que agora non só é culpa dos traballadores e traballadoras, senón tamén culpa dos doentes, que queren pois estar hospitalizados na casa. Debe ser que só os meses de verán son así de caprichosos e caprichosas.

Pedimos aos deputados e deputadas desta cámara que voten a favor de que se cubran as vacacións do persoal fixo con eventuais e que se permita que non pechen deste xeito as consultas, os centros, os servizos, en atención primaria tamén e en atención especializada, mentres existan listas de espera. Hai milleiros de profesionais agardando ser contratados e contratadas. Hai só uns intres o señor conselleiro defendía que había capacidade nos hospitais públicos para reducir esas listas de espera, utilizando a autoconcertación, esa que chamamos “peonadas” os do gremio da sanidade.

¿Como é posible que se defenda que se poden investir millóns para reducir esas listas de espera nos meses de verán cando paralelamente se pechan as camas e cando ao mesmo tempo durante o resto do ano, ou durante o resto de sete anos –poderíamos dicir–, se leva defendido que non había capacidade, que é que non había anestesiastas, que é que non había profesionais? Agora resulta que en época electoral si van ter capacidade para investir uns millonciños e para derivar á privada. Pregúntome como fan nos centros privados para cubrir as súas vacacións. Reflexionen vostedes sobre iso.

Un discurso hipócrita, a verdade, bastante cínico. É o mesmo que permite tamén que un señor imputado xerente de Vigo sexa quen ameace a liberdade de expresión dos traballadores e traballadoras que se manifestan e manteñen con

moita honra e dignidade un peche no Meixoeiro que dura xa unha semana.

Vostedes verán, señoras e señores deputados, de que lado están. Un ano máis teñen a capacidade de pronunciarse; iso si, agora en campaña electoral.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Boa tarde de novo.

O Bloque Nacionalista Galego vai apoiar esta iniciativa; é evidente, ¿non? Acabamos de asistir hai un momento de novo a esa práctica do Partido Popular, dos conselleiros, do presidente da Xunta, dos deputados e deputadas, de intentar agochar en montóns de propaganda unha auténtica realidade que xa non é posible agochar. E o que non é posible agochar é que sistematicamente están levando a cabo un peche estrutural de camas. Fano no verán, despois do verán, e cada ano hai unha porcentaxe que non e logo xa non abren.

E unha vez máis intentan xustificar que o peche de camas é, por un lado, porque non é necesario, porque resulta que xa non hai picos de gripe, como se o peche de camas fose exclusivamente o que atende eses procesos infecciosos propios do inverno. E tamén nos pretenden dicir que se pechan camas, con todo o que iso significa, pois porque os profesionais teñen que coller vacacións. ¡Evidentemente, os profesionais teñen que coller vacacións! Pero, ¿hai profesionais nas listas de contratación no paro suficientes para cubrilos? Si, hainos, hainos suficientes para cubrir.

O que hai é unha decisión política de deteriorar a sanidade pública para derivar pacientes á sanidade privada. E agora o conselleiro non fixo máis que ratificalo, porque o que contestou á pregunta do BNG en como van dar conta desa diminución de 34.000 doentes das listas de espera como promesa electoral, o que dixo foi derivando á privada e coa autoconcertación, é dicir, pagando horas extras, peonadas, pola tarde. É dicir, non se pode contratar persoal para substituír os que están de vacacións, para ter un funciona-

mento normal, e si se pode investir na autoconcertación. *Me lo explican*, a ser posible explícanmo, claro.

O que hai efectivamente aquí é unha escolla ideolóxica, e o que hai aquí é un intento unha vez máis de derivar inxentes cantidades de recursos cara á sanidade privada. E todo isto, pois, evidentemente, non é inocente; non é inocente todo isto que se fai arredor do peche de camas, porque ao final sempre está o negocio privado. Ao final, sempre é claro o obxectivo do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia: deixar unha sanidade pública destrozada en mans das multinacionais, que son as que ao final manexan os recursos.

Entón, temos unha vez máis –insisto e díxenllo antes– que no 2009 sempre se pecharon camas, evidentemente, pero o que fixo o Partido Popular foi multiplicar ese peche de camas, pasar de catrocentas e algo no 2009 ás 1.200 destes últimos anos, e ás supostas mil e pico –1.200– deste ano.

¿Por que segue ocultando información o Partido Popular? Terán que explicárnolo. ¿Por que se non hai nada que ocultar non publican no Portal de transparencia da Xunta de Galicia os datos de peches de camas, os datos de persoal que se contrata, os datos de doentes que derivan á sanidade privada? Resulta que nin o conselleiro contesta, nin nos dan información por escrito, que teñen obriga de facelo, nin ren de ren, é dicir, o escurantismo é ocultación.

Entón, apoiamos esta iniciativa e presentámoslle unha emenda que cremos pois que a mellora. En todo caso, imos votar igual a favor, aínda que non sexa aceptada pola autora da iniciativa. E a emenda é un novo punto, no que se insta a Xunta de Galicia a ter operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas: camas, quirófanos, aparataxe para a realización de probas diagnósticas, e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñibles, susceptibles de ser usados nos centros públicos.

É unha indecencia que, tendo paralizados quirófanos, pechadas camas, servizos enteíros, plantas enteíras pechadas, aparataxe de resonancias e TAC paralizados, se estean derivando doentes para que se fagan todas estas probas e intervencións na sanidade privada. ¡É indecente!

Entón, por iso presentamos esta emenda, a maiores das que xa contempla a iniciativa, porque, dende logo, si que hai alternativa ao peche de camas, si que hai alternativa a este peche indecente de camas e si hai alternativa a esta trampa de pechar mil e pico e logo cada ano deixar sen abrir dúas-centas ou trescentas camas. Hai alternativa querendo apostar pola sanidade pública. E o que non hai é a vontade política do Partido Popular, que a súa aposta ideolóxica é fomentar a sanidade privada. Lonxe de que a sanidade privada sexa complementaria da sanidade pública, o obxectivo é ao revés: que a sanidade pública sexa complementaria da privada, que a privada sexa para ter negocio para quen poida pagala e que a pública quede en asistencial. E están dando pasos de xigante nesta dirección, ata que efectivamente se lles paren os pés e teñan que deixar de facelo.

Pois nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde de novo, señorías.

Presidente, pois si que tiña razón o outro día o conselleiro de Sanidade cando nunha entrevista declaraba que, loxicamente, temos que dar vacacións ao persoal sanitario. Efectivamente, toda persoa que traballa necesita un período de vacacións. Pero esta verdade que el afirma non pode ser un argumento que xustifique o peche de 930 camas hospitalarias da sanidade pública durante os meses de verán.

O persoal necesita vacacións, é verdade, pero os accidentes de tráfico –máis numerosos na época estival–, as doenzas, as enfermidades crónicas e as insoportables listaxes de espera non entenden de vacacións, seguen a producirse en todos os meses do ano, malia que as Urgencias experimenten unha diminución de pacientes, ao non ser tantos os episodios de gripe coma noutras estacións do ano.

Estes argumentos do señor conselleiro non son máis que desculpas dun mal pagador; eufemismos que en realidade significan prescindir de recursos que podían ser utilizados para –aquí si– recortar as intolerables listaxes de espera, para contratar persoal substituto e frear a deriva de pacientes á sanidade privada. Porque non só se eliminan ou pechan

prazas hospitalarias, tamén se pechan unidades, servizos e quirófanos, como está a ocorrer no Hospital de Conxo, coa Unidade de Pneumoloxía xa pechada e as de Oftalmoloxía, Dermatoloxía e quirófanos en proceso de peche.

Así, a Consellaría poderá utilizar ese persoal fixo que traballaba nestas unidades pechadas para cubrir as vacacións dos profesionais sanitarios, sen ter que facer novos contratos, sen ter que recorrer á listaxes de contratación.

Esta é unha estratexia de xestión claramente economicista, en función do déficit, e non en función da mellora da saúde e do emprego da cidadanía galega, non en función da sanidade pública galega.

Apoio a moción en toda a súa totalidade, e dun xeito especial os dous últimos puntos: non pechar camas nin consultas e cubrir as vacacións do persoal fixo.

Grazas, máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Ben, a verdade é que non pode ser que nas circunstancias nas que se atopa o noso Sistema sanitario público Feijóo decida pechar centos de camas nos nosos hospitais e centos de cupos nos nosos centros de saúde. Por iso, un ano máis, toda a oposición está denunciando esta situación, un ano máis todos os sindicatos e os profesionais da sanidade están denunciando esa situación ou esa decisión, e, o que é máis triste, un ano máis toda a cidadanía galega vai padecer esa decisión e esa situación.

Efectivamente, señora Solla, non sabemos cantas camas van pechar, non sabemos cantos profesionais van contratar. O que si sabemos son os argumentos bastante pobres –por ser politicamente correcta– que utiliza o señor Almuíña para xustificar esta situación.

Primeira xustificación: as técnicas cirúrxicas avanzaron tanto que agora no verán van operar de pé, xa non se nece-

sita cama, porque se opera a todo o mundo de pé. Ou outra xustificación é que iso o deciden as xerencias, é dicir, balóns fóra.

Segunda xustificación, ou se prefiren segunda mentira: sempre se fixo así. Pois non, non se fixo sempre así. No 2009 pechábanse en torno a 400 camas e no 2016 parece ser que se van pechar en torno a 1.200 camas; é dicir, tres veces máis do que se pechaba no 2009. Por certo, ademais en primaria nunca se pecharon cupos, e incluso centros de saúde enteiros, e agora si.

Terceira xustificación: a decisión está baseada nun histórico de ocupación e de actividade. Claro, si, pero ese histórico de ocupación e de actividade vaino definindo precisamente o Goberno utilizando e tendo en conta os peches que van facendo ano tras ano.

Cuarta xustificación: a culpa é das vacacións do persoal. Hoxe volvémoslo escoitar nesta cámara. ¿Como se atreven a dicir semellante cousa cando estes días os xornais publicaban que nas listas de selección temporal figuran anotadas 54.100 persoas, 54.100 persoas, e que só en enfermería hai máis de nove mil persoas paradas? Con eses números, a verdade é que custa crer que o problema sexa a falta de persoal. Ademais, no Sergas as vacacións, iso si que é histórico, sempre se colleron, sempre as collemos escalonadas, para non prexudicar a marcha dos servizos, especialmente nos servizos onde poida haber escaseza de substitutos por ser servizos moi especializados.

Por certo, se o problema, señorías, é que carecemos de persoal, ¿como pode asegurar, como fixo hoxe, o señor Almuíña que ningún paciente en Galicia vai ter ningún problema durante o verán? Vexamos, ¿hai ou non hai persoal? Se non hai persoal, en calquera momento calquera paciente en Galicia pode ter algún problema, porque non se trata das camas mobile, non se pode abrir e pechar unha cama. Unha cama si, pero é que non é o mobile, pois cando se fala de pechar camas, péchase toda a infraestrutura que conleva unha cama, os recursos humanos e tamén os recursos materiais.

Por certo, que tamén escoitamos o señor Almuíña, non hoxe pero si nunha entrevista que fixo “a todo trapo” –vou utilizar este termo para xustificar o peche–, que ía coidar

especialmente especialidades moi sensibles, e citaba Obstetricia, Pediatría e Paliativos. ¡Só faltaría que non puideramos parir no verán!

Non sei como se atreve a dicir semellante cousa o señor Almuíña, porque resulta, señorías, que os ratios de matronas en Galicia é de 50 matronas por cada 100.000 habitantes, e no resto do Estado está en 80 matronas. ¿Como se atreve a dicir iso cando no Chou –no Hospital de Ourense– van pechar 16 camas de lactantes, ou sexa, todas, e suprimen ese servizo no verán, e cando tamén no Chou van pechar nada máis e nada menos que 60 camas de Medicina Interna, na provincia máis envellecida de Galicia e unha das máis envellecidas de Europa?

Ademais, señorías, estes peches son xeneralizados, afectan igual os hospitais da costa, onde se incrementa a demanda polas vacacións, que os hospitais do interior, e tanto os comarcais, e falo do Barco, no que van pechar 14 camas cando historicamente nunca se tiñan pechado ata que chegou Feijóo, como pechan no Choac, pechan no CHUS...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...e pechan no marabilloso hospital privado de Vigo.

Por certo, podería aproveitar o deputado –e remato– do Partido Popular a súa intervención para explicar que van facer coa xente que está pechada no Meixoeiro. É moi grave. E déixense xa de ameazar eses profesionais, é intolérable.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña..

A señora ACUÑA DO CAMPO: Remato xa.

Non só pechan as camas, senón que tamén pechan as consultas de atención primaria. Por iso, señora deputada, imos apoiar a súa proposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Antes de comezar a intervención propia, gustárame facer catro consideracións previas:

Señora Solla, o do último ano do Partido Popular e a subida da marea, eu supoño que terán que decidilo os cidadáns. Eu, desde logo, a vostede considérolle a súa condición de demócrata.

Señora Prado, a min sorpréndeme moito que non lle vallan a vostedes agora as peonadas, cando foron os campións das peonadas, por suposto.

E a señora Acuña fala de que se escalonan as vacacións. Efectivamente, por como se escalonan, o 68 % dos profesionais o ano pasado colleron as vacacións entre os meses de xullo e de agosto. (*Murmurios.*)

E unha cuarta consideración: *La Voz de Galicia*: “Muere un niño por falta de un catéter, y muere otro niño por falta de quimioterapia para un linfoma No-Hodgkin”. Iso non é España, non é Galicia, iso é Venezuela. O Sistema sanitario español non é como o dalgúns países dos que se fala doutra maneira. (*Murmurios.*)

E indo ao debate, debatemos hoxe unha proposición que foi rexistrada en xullo do ano pasado. Non contén ningún dato nin ningunha cifra, e entón vale para calquera ano da lexislatura, e vale incluso para calquera outra Comunidade Autónoma, porque, señorías, en todas as comunidades autónomas se procede nos meses de verán a unha planificación do número de camas operativas ou habilitadas durante ese período.

¿Pero cal é a diferenza? A diferenza é que onde goberna o Partido Popular se pechan as camas como en Galicia; sen embargo, en Asturias “optimízanse os recursos”, en Andalucía “resérvanse camas” cando se trata do mesmo proceso asistencial. Destacar tamén que nestas e noutras comunidades non gobernadas polo Partido Popular parece que hai moito menos ruído mediático, a non ser por parte dos sindicatos profesionais. Nin tampouco hai onde non goberna o PP mareas brancas nin outro tipo de colectivos que rexeiten os

peches de camas, os problemas de persoal ou calquera outra eiva da sanidade pública, que parece que para algúns soamente existen nos gobernos populares, aínda que sexa Andalucía a Comunidade que ten as maiores cifras de reaxustes de cama, de diminución de plantillas de profesionais sanitarios nestes anos ou de menor investimento de sanidade por persoa no conxunto do Estado. De feito, a única Comunidade que anunciou no día de hoxe os seus plans de reorganización estival foi Galicia, o resto fano pero non o din.

Falan vostedes, coma sempre, de colapsos nas Urgencias por falta de camas dispoñibles neses períodos de verán, cando saben que son situacións puntuais resoltas de inmediato.

Di vostede tamén, señora Solla, que non queda claro o criterio seguido para os peches, que semellan aleatorios. E explicouno de xeito diáfano o señor Aboal, o señor director xeral de Asistencia Sanitaria, o outro día na Cadena Ser, eu recoméndolle que escoite esa entrevista. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Aboal afirmou que se fan plans para garantir a actividade asistencial nos meses de inverno, do mesmo xeito que se fan para o verán, onde hai unha diminución da actividade asistencial polo menor número de reagudizacións de patoloxías crónicas e polas vacacións regulamentarias do persoal. Faise segundo cifras de anos anteriores e datos de actividade, faise unha estimación de camas que se van usar, de camas habilitadas e das que non serán precisas.

Estes plans fanse, en todo caso, sen impacto asistencial e ningún paciente deixa de ingresar por erros nesa estimación. Día a día valóranse as camas que se precisan e habilitanse as necesarias para evitar calquera problema asistencial. E recentemente tivemos o famoso accidente de Angrois, un 25 de xullo, con centos de feridos que foron perfectamente atendidos, un 25 de xullo que é temporada de verán. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Cal é a situación real?, o pasado ano mantivéronse operativas o 85 % das camas hospitalarias en Galicia, e o índice de ocupación das mesmas, dese 85 %, foi dun 75 %, 1 de cada 4 estivo desocupada. Neste ano estímase que será preciso habilitar un 87 % do total de camas hospitalarias de Galicia, estando dispoñibles as restantes para calquera eventualidade se fose preciso.

As cifras concretas foron comunicadas aos axentes sociais polas xerencias de todas e cada unha das EOXI. E unha das razóns deste aumento foi o incremento da actividade que relatou o conselleiro. O verdadeiramente importante é que ningún paciente en Galicia, nin no verán nin no inverno, quede sen unha asistencia adecuada, sexa con ingreso ou sexa obrigatoria.

En resumo, as camas non teñen a importancia que tiveron, o incremento da actividade ambulatoria e a diminución do tempo medio de estancia fanlle perder esa importancia. A reestruturación das unidades de hospitalización no verán faise en todos os sistemas sanitarios, a xestión dos cartos públicos ten que ser eficiente, e as vacacións de profesionais e a imposibilidade de substitución de moitos facultativos –anestesistas e cirurxiáns, fundamentalmente– xustifican a eficiencia desa reorganización. Tamén se levan a cabo intervencións de mantemento nesas unidades de hospitalización que non se poderían efectuar estando ocupadas. A ocupación media –repito– destes últimos anos das camas habilitadas foi do 76,6 %, procedéndose de inmediato a activar as camas non habilitadas. As camas son non utilizadas, pero non quere dicir que sexan non utilizables, é absolutamente distinto.

E por todo iso non imos apoiar a súa moción.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bueno, vese que o Partido Popular está nervioso, porque eu non dixen que non fora gobernar nunca máis o Partido Popular, senón que era o último ano deste goberno, e iso é unha cousa verídica que calquera pode comprobar.

Pero, señor deputado, falou vostede de todo menos da iniciativa, tivo que irse ata os catéteres de Venezuela. Eu si quere cóntolle que na sanidade galega non hai materiais, e eu mesma hai tres anos e medio –antes de entrar neste Parlamento– asistía continuamente nas urgencias do Hospital do Meixoeiro como compañeiras que traían profesionais en ambulancia tiñan que pedirnos por favor que lles deramos

algún material porque nos centros de saúde non había nin sondas vesicais para sondar os pacientes.

Eu traballei en pneumoloxía e moitas veces non tiñamos materiais para facer as curas, e podería darlle un longo etcétera tamén doutros casos de familiares ingresados nos que se tiñan que levar –concretamente familiares de primeira consanguinidade meus–, que non tiñan, materiais para facerse as curas e tiñan que mercalas eles.

Por favor, eu creo que a demagogia, se quere, a utilizamos no pasillo, e pódeme recomendar vostede escoitar a Ser, como se isto non fose un Parlamento e as explicacións non se tivesen que dar nesta tribuna. Porque vostede despois dese circunloquio no que non dixo nada acaba de xustificar a votación en contra dunha iniciativa que ten catro puntos –vostedes podían pedir a votación por puntos– e que pide nos dous primeiros solicitar información.

Vostede di que non hai datos, sen embargo vostede négase a dalos, ¿dáse conta de como vostedes non teñen ningún tipo de argumento para defender os recortes e o posicionamento que vostedes fan respecto da sanidade pública? E resulta, a verdade, bastante absurdo o seu discurso, non deu vostede ningún dato que xustificase, non deu ningún dato do criterio que se segue para pechar as camas. ¿Por que poden pechar, como se dixo aquí, camas de lactantes, camas de obstetricia, cando vostedes, sen embargo, o argumentan coa diminución cos picos da gripe? A min que mo expliquen. ¿Iso é unha boa planificación sanitaria? ¿Ou como poden dicir que se poden diminuír as listas de espera con 5 millóns de euros facendo peonadas e ao mesmo tempo dicir que non hai anestesistas para abrir os quirófanos?

Oia, por favor, un pouco de seriedade que estamos, primeiro, nun Parlamento e que vostedes levan unha Consellería de Sanidade e un Goberno; sen embargo, parece que levaran a tertulia, o debate, non sei se da Ser ou de calquera outra cadea ou medio de comunicación. A realidade é que temos un goberno que en sete anos non foi capaz de planificar a necesidade de profesionais dos servizos. E que volvan vostedes utilizar os mesmos argumentos que durante os últimos sete anos a verdade dá a medida na que vostedes, na súa xestión, non só non fixeron nada para mellorar a sanidade pública, senón que a acabaron destruindo. Paréceme, a verdade, bastante increíble que voten incluso en contra un ano

máis –e levamos xa case catro de lexislatura– de proporcionar datos. Pero sigan vostedes así, porque a verdade é que só lles quedan uns meses.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Sobre a emenda, ¿acepta a emenda? (*A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas.

Acéptaa. Grazas.

Pasamos, polo tanto, á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso e dous deputados máis, sobre a posta en servizo por parte da Xunta de Galicia do novo acceso ao porto de Burela no ano 2016

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 40465).)

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto na parte resolutiva como un novo punto:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a comprometerse coa construción da EDAR de Burela.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señorías, debemos entender as vías de comunicación e as novas infraestruturas viarias non só como un activo, senón tamén como unha ferramenta para a provisión de servizos

que permite mellorar a calidade de vida das e dos cidadáns, a competitividade das empresas e tamén a inclusión social. E nesta liña creo que non hai un só galego que non recoñeza o labor deste Goberno e tamén, por suposto, da Consellería de Infraestruturas, quen en momentos de extrema dificultade e restrición orzamentaria foi quen de impulsar importantísimas infraestruturas que outros non executaron en tempos de bonanzas. Entre elas, a que hoxe nos ocupa, o acceso ao porto de Burela, para a que reclamamos a súa finalización.

Esta nova estrada podemos definila, sen dúbida ningunha, como unha infraestrutura estratéxica non só para o concello de Burela nin para Burela, senón tamén para o conxunto da comarca da Mariña lucense. Responde precisamente a estes obxectivos optimizar as comunicacións con espazo industrial e un espazo pesqueiro fundamental para a comarca da Mariña e reducir o tráfico pesado que hoxe circula sen alternativa polo centro de Burela, en torno a 148.000 camiós cada ano. Estas cifras demostran que estamos a falar dun dos portos pesqueiros e comerciais máis importantes do Cantábrico e internacionalmente coñecido pola comercialización dun produto de extrema calidade, o bonito do norte, o da etiqueta verde.

Falamos, en definitiva, de comunicar mellor un dos peiraos de maior volume de operacións dentro dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia. É certo que este porto, ao longo da súa historia, sufriu distintas ampliacións nas súas liñas de atracada e que se construíu unha nova lonxa para tratamento e comercialización da pesca. O actual acceso á zona portuaria realízase neste momento polo centro do núcleo urbano, coas molestias e cos perigos que isto supón tanto para os usuarios do porto coma para o propio núcleo de Burela. Burela ten un censo aproximadamente de 9.580 habitantes e ten, aproximadamente, en torno a máis de 12.000 residentes.

Como consecuencia do incremento da actividade que experimentou este porto e do aumento de tráfico que se produce co funcionamento da nova lonxa enténdese conveniente dotar estas instalacións portuarias dun novo acceso, dunha nova vía que de xeito directo facilite a entrada e saída ás mesmas evitando, na medida do posible, o paso polo núcleo urbano de Burela.

A nova vía ten unha lonxitude de menos de 1,3 quilómetros e discorre entre o acantilado e a liña de FEVE; a xeo-

metría da futura estrada está totalmente condicionada pola orografía da zona e a presenza da liña do tren, de tal xeito que a vía proxectada está completamente encaixada entre o acantilado e a liña do ferrocarril. Circunstancias, por certo, que explican tamén que a pesar de ter un percorrido non moi longo si representou un importante reto técnico, si representou un proxecto de alta complexidade no seu deseño e tamén na súa execución.

Falamos, ademais, dunha obra que trae aparelado un novo desafío, evitar un alto impacto da vía resultante –pois foi deseñada para impedir que se eliminaran as vistas ao mar–, dado que o seu trazado vai practicamente en desmonte. Ademais –e tamén cómpre recoñecelo–, esta obra, financiada pola Xunta, sufriu nos últimos anos incontables contratempos, desde a paralización xudicial dos traballos pola presentación de distintos recursos de particulares –que tiveron que resolverse– á aparición de pegadas arqueolóxicas que precisaron dun plan especial de catalogación e intervención.

É por iso a razón da demora dunha estrada cuxo expediente de adxudicación data do ano 2006, do 22-03-2006, e cuxo contrato foi asinado no ano 2007, o 11-05-2007. Incluso foi necesario redeseñala logo de que a xustiza establecera a non conformidade co planeamento daquela vixente no Concello de Burela, e que debe superar incluso a rescisión de mutuo acordo do contrato inicial e empezar o proxecto de practicamente de cero hai –neste caso– poucos anos.

Hoxe foi posible o verdadeiro desbloqueo, de feito esta estrada acadou un novo impulso cos dous gobernos, neste caso, populares: a chegada do Goberno do Partido Popular tanto a nivel autonómico coma a chegada do Partido Popular a nivel nacional. Especialmente, señorías, nesta segunda lexislatura, superando os obstáculos administrativos, os obstáculos xurídicos e tamén os técnicos, e tras dispoñer da autorización outorgada neste caso pola Axencia Estatal Ferroviaria para o desvío da liña do tren.

A Consellería de Infraestruturas deu prioridade a unha actuación que tomou especial intensidade a partir do ano 2015, aínda que a Xunta de Galicia inviste nada máis e nada menos que 8 millóns de euros. É certo que ningunha administración ten culpa polo bloqueo xudicial ante o recurso dun particular, nin tampouco quero responsabilizar a ninguén pola súa complexidade técnica. Pero tamén é certo –e debe-

mos recoñecer isto— que nos últimos anos adquiriu un impulso que nos permite falar, por fin, do seu horizonte final e posta en servizo.

Señorías, hoxe demandamos o apoio desta Cámara para que xuntos poñamos data á finalización das obras de acceso ao porto de Burela, para que establezamos un mandato entre todas as forzas políticas, un mandato sen partidismo en favor dunha infraestrutura estratéxica que favorece a actividade económica, que incrementará, sen lugar a dúbidas, a competitividade da comarca da Mariña.

Señorías, hoxe a esta Cámara é a quen lle corresponde a prerrogativa do impulso da acción do Goberno. E pode instar, con voz unánime, a que a Xunta poña en servizo o acceso ao porto de Burela antes de que remate o ano 2016. E iso é ao que os convidamos a todos, a sumarse a este obxectivo. Digo a todos os que coñezan Burela; hai algún que está falando agora mesmo, que non escoita, na súa vila natal de Vilagarcía, que Burela só a coñece no mapa. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Grazas, señorías.

Ao Grupo Parlamentario do BNG, desde logo, chámalle a atención esta proposición non de lei para instar a Xunta de Galiza a poñer en servizo o acceso ao porto de Burela no ano presente, 2016. E non me chama a atención a necesidade da posta en servizo do acceso, pois é unha reclamación dende o nacemento mesmo deste concello, hai —se non me fallan os cálculos— 21 anos.

Chama a atención, ou chámanos a nós a atención, despois de licitada a obra o 16 de maio de 2014, campaña das

europas, na que se especificaba nesa licitación e na propaganda que fixo naquel momento a consellería que se investirían 7,6 millóns de euros nas obras de acceso ao porto lugués de Burela, 1,26 quilómetros que enlazarían a avenida Arcadio Pardiñas co porto á altura da zona da lonxa. Obras, evidentemente, que mellorarían o acceso a un porto dos de maior volume de operacións dentro das infraestruturas portuarias adscritas á Comunidade Autónoma galega, que mellorarían o acceso e a seguridade na entrada e saída do porto, evitando o tráfico de máis de 400 vehículos pesados/día e 648.000, dos que fala o señor Balseiro, polo núcleo urbano de Burela, que sería, por suposto, bo para o porto e bo para Burela.

Tamén anunciaron que o prazo de execución era de 24 meses. Chámanos a atención, desde logo, que despois de anunciada e multianunciada a obra, despois de licitada, despois de formalizado o contrato, teñamos que volver instar o Goberno galego, nas portas doutras eleccións, para que estas obras teñan que entrar en servizo antes de que remate o ano 2016, e tamén antes do remate das eleccións galegas.

Semella que o Goberno galego non é quen de cumprir coa palabra dada e por iso o Grupo Popular reclama o apoio deste Parlamento para facer, entendemos nós, de paso propaganda e publicidade nestas épocas tan propicias: o pe de propaganda e o pe de publicidade.

O Grupo Parlamentario do BNG, señor Balseiro, desde logo, o que defende para Burela, e para o seu porto, é mellorar os accesos, esa ferramenta importante e esa infraestrutura moi necesaria para retirar eses 400 vehículos pesados cada día da circulación, que neste momento están atravesando o núcleo urbano.

Nós defendemos a mellora, por suposto, da seguridade do acceso ao porto, a seguridade do acceso e a seguridade que vai supoñer para a circulación viaria dentro do núcleo de Burela. Entendemos, efectivamente, que poden incrementar a competitividade do porto e mesmo da Mariña. Mais nós tamén entendemos que se se cumpre o contrato que está asinado, que por suposto que ten entrar antes de que remate este ano, polo tanto, non vemos a necesidade.

Mais aproveitando que vostede presenta esta iniciativa, tamén nós, o BNG, estamos de acordo en mellorar a depura-

ción das augas residuais que se verten no porto de Burela, tomando todas as medidas necesarias para facer posíbel que Burela poida contar cunha nova estación depuradora de augas residuais que van ao porto, cunha nova tecnoloxía que poida garantir menos contaminación, menos ruído, menos mantemento, e que os vertidos que van ao mar que sexan, dende logo, inocuos, a carón desta depuradora que hai actual, ou onde se crea conveniente.

Por esa razón, o Grupo Parlamentario do BNG presenta unha emenda para lle lembrar ao Goberno galego que Burela ten reclamado dende hai tempo a necesidade de poder contar cunha infraestrutura tamén moi necesaria para garantir a mellora da calidade de vida e defender a restauración do medio ambiente.

Cómpre non esquecer, señorías, que un dos principios reitores da política social e económica, e lembrámolo hoxe que estamos no mes de xuño, xa que hai poucos días celebramos o Día do medio ambiente, é o dereito a disfrutar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento das persoas. Cómpre lembrar, tamén, o deber dos poderes públicos de conservar ese medio ambiente e a utilización racional dos recursos naturais cunha nova EDAR en Burela, que tamén será clave, pois, para favorecer a actividade económica e social, a competitividade de Burela, do seu porto e da comarca da Mariña.

Agardo, señor Balseiro, que a Xunta de Galiza, que o Grupo Popular, poida, digamos, aceptar esta emenda que pretende instar a Xunta a comprometerse coa construción da EDAR de Burela, EDAR reclamada non só polo BNG, senón que reclamou o Concello que goberna agora e que gobernou antes.

Polo tanto, eu entendo que non haberá ningún problema para que de paso que apoiemos unha iniciativa –que non era necesario presentar, porque con cumprir o contrato está feito– agardo que acepten esta emenda, e se a aceptan contan, por suposto, co noso apoio firme.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: O 23 de marzo de 2015, señor Balseiro, a Xunta emitía un comunicado de prensa que dicía: “O novo acceso ao porto de Burela, que a Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas está a executar, permitirá optimizar as comunicacións para reducir o tráfico pesado no centro de Burela.” As obras, que foron licitadas no mes de maio de 2014, comezaron o pasado mes de novembro de 2014 e, polo tanto, xa non era o primeiro anuncio da Xunta. E xa conta coa autorización de Adif para o desvío da liña FEVE. As obras para dotar o porto de Burela dun novo acceso supoñen un investimento de 8 millóns de euros e a previsión para o seu remate fíxose a finais de 2016.

Isto era o comunicado da Xunta o 23 de marzo do ano pasado, é dicir, xa tiña data de finalización. O mesmo día –¡como non!– a Radio Televisión de Galiza anuncia que se está a construír o acceso ao porto de Burela, que rematará a finais do ano 2016 e que eliminará 400 camións diarios do centro da vila. Polo tanto, o que hoxe trae aquí non é que estea reseso, está resesísimo, leva máis dun ano reseso, porque esta data xa estaba marcada.

O 3 de xuño –recentemente, aí atrás– deste ano sae outra vez a noticia na prensa, porque vostede sempre vén aquí con cousas que xa están acordadas, e que xa despois de anunciarlas novamente na prensa, en plan campaña preelectoral, entón di que neste pleno se vai aprobar unha iniciativa do Partido Popular para poñer fin ás obras de acceso ao porto que xa tiñan data de fin –ademais que esa non cambia–, para poñer a mesma que xa estaba. Esa é a iniciativa. E en vez de falar de 400 camións diarios, fala de 146.000 vehículos ao ano. Cuestión de multiplicar.

Lembran tamén que dende a chegada ao Goberno do Partido Popular, tanto a nivel autonómico coma nacional, especialmente nesta segunda lexislatura, se deu prioridade á actuación que vai custar 8 millóns. É dicir, bótanse flores, e repiten o mesmo, seguen sendo 8 millóns, pero repetidos en 2014, en 2015 e 2016. Eu non sei se queren dar a entender á xente que son 3 veces 8 millóns, igual que fan cos camións que multiplican, a ver se así se engana e a xente entende que cada vez que sae o Partido Popular hai 8 millóns encima da mesa.

Polo tanto, unha iniciativa resesa, señor Balseiro. Outra vez precampaña electoral do Partido Popular no pleno. Outra

vez esta Cámara empregada para facer propaganda electoral sobre as fazañas do cabaleiro Núñez Feijóo e a súa corte. 400 vehículos, ou 146.000, 8 millóns que se multiplican por si sos unha vez e outra, unha auténtica perda de tempo e, dende logo, un comportamento que eu diría moi pouco democrático e moi pouco limpo coa poboación galega.

Eu non sei se é que vostede o que pensa é que en Burela non hai máis problemas que os que xa están solucionados e xa teñen data. Vostede sempre trae aquí problemas de Burela que están solucionados ou que están en vías de solución, e que xa está decidida a actuación, e nunca trae cuestións e reclamacións dos veciños e das veciñas de Burela que traen á oposición e que para vostede parecen non existir.

Eu creo, realmente, igual que dicía o señor Cosme, que vostede non se fía do Goberno, vostede non se fía de que o Goberno realmente cumpra as súas promesas, e por iso vén a esta Cámara para que publicamente, e ante a Cámara, se comprometa a cumprir o que prometeu. Sinto informarlle, señor Balseiro, que iso non é solución, este Goberno dá igual que se comprometa nesta Cámara, non cumpre cantidade dos compromisos adquiridos nesta Cámara. Polo tanto, non vai depender diso que se cumpra o acceso. Simplemente vostede segue utilizando esta Cámara como unha sede de propaganda do Partido Popular. ¡Lamentable, señor Balseiro!

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bueno, boa noite a todos e a todas.

O noso grupo vai apoiar a iniciativa, creo que non se pode facer máis que apoiar unha iniciativa que ten unha frase que, concretamente, di: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a poñer en servizo o acceso ao porto de Burela no ano 2016”; tendo en conta que a obra está a punto de acabar, pois imos dicir que si.

Agora, Deus lle valla que terminen, ¡eh!, porque como non terminen..., a súa teima de rematar todas as sesións plenarios coa intervención do señor Balseiro nesa especie de

liturxia á que nos ten habituados nos últimos momentos, só lle falta que lle poñan na entrada o último himno do PP. Eu creo que gañaría moito a súa intervención cunha entrada triunfal co himno do PP, iso si, a nova versión, teña coidado cos escalóns bailando ata aquí, e chegue e vostede con ese discurso cavernario faga as referencias que fai. Porque claro, que vostede diga que algún non pode intervir porque non coñece Burela, bueno, pois está ben, neste país algúns coñecemos máis que a nosa zona.

Pero é certo que os deputados da AGE, que pasamos moito tempo en Corea do Sur, en Corea do Norte, en Cuba ou en Venezuela, non temos moito tempo para visitar Burela e, polo tanto, non podemos facer un discurso de dez minutos sobre unha destas lecturas. E é un quilómetro catrocentos metros que vostede chegou aquí para vender como se fora o eixe atlántico de alta velocidade, e unha infraestrutura que tiña que estar acabada xa hai moito tempo.

Insisto, un quilómetro catrocentos metros, que cando o anunciaron valía 4 millóns de euros, e cando rematan vale 8 millóns de euros, ou sexa, o dobre, polo tanto aquí hai algunha responsabilidade.

Pero vou máis alá, é unha pena que teña que dicir hoxe isto, o día que cae o busto de Fraga. Síntoo moito. Pero hoxe teño que sacar unha nota que na propia *La Voz de Galicia* di que esta infraestrutura se anunciou hai vinte anos; vinte anos para unha infraestrutura dun quilómetro catrocentos metros, e vostede vén aquí sacar peito, ¡por favor! Hai que ser un pouco máis serios neste país.

¿Vostede cre que se pode poñer aquí encima da mesa unha situación como esta, sacando peito cando é unha infraestrutura que tiña que estar rematada hai moitísimo tempo? Unicamente a incapacidade de facelo dunha forma correcta nos levou a estas demoras que, ademais, non solucionan todos os problemas do porto de Burela, por exemplo.

Todos discutimos na Comisión de Pesca moitas veces que vai pasar co dragado do porto, ou todos discutimos moitas veces que vai pasar con situacións como as que se puxeron aquí encima da mesa respecto do saneamento.

Polo tanto, eu lamento profundamente a escaseza de iniciativas para que vostede teña o seu minuto de gloria no Par-

lamento cada pleno. Que teñan que acudir a este tipo de cousas..., eu o que farei a partir de agora –se teño tempo a semana que vén– é unha listaxe de cousas que estean practicamente rematadas para pasarlle ao señor Balseiro e que poida poñer unha iniciativa encima da mesa na que dicir que a xestión do Partido Popular é absolutamente correcta.

O que necesita a xente de Burela é un Partido Popular que se comprometa coa xente, que non malgaste diñeiro público, que non duplique o custo das infraestruturas e utilice diñeiro público para darlle á nosa xente e ás nosas cidadás deste país postos de traballo dignos da nosa terra.

Sinto moito que vostede teña que facer estes papelóns aquí, pero, bueno, está claro que vostede está encantado con esa actitude e que, dende logo, neste caso, vai contar co voto favorable da nosa organización, porque, evidentemente, non queda outra que votar a favor de algo que xa está practicamente feito.

Iso si, Deus o libre que non se acabe, ¡eh! *(Risos.)*
(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Fajardo.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Val Alonso.

O señor VAL ALONSO: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Hoxe asistimos novamente ao que podemos considerar xa como un clásico. Un clásico nesta lexislatura é unha iniciativa do Partido Popular, concretamente do señor Balseiro, que, efectivamente, non ten ningún fondo nin ningún contido, unha iniciativa estéril. E digo isto porque xa se dixo aquí, estamos a falar dunha obra que está practicamente finalizada.

Hai poucos días que os propios traballadores daquela empresa contratista desa obra anunciaban nun medio de comunicación que, se non hai ningún contratempo, probablemente no mes de agosto estará rematada esta obra.

Polo tanto, é algo que xa está totalmente garantido e eu, neste caso, preguntaría-lle ao señor Balseiro se se cre que

algún cidadán da Mariña, ou algún veciño de Burela, se cre e se traga esta escenificación que hoxe novamente pretende facer aquí. Se pensa vostede que é crible que hoxe veña aquí sacar peito da finalización dunha obra no ano 2016, que foi iniciada polo tan denostado Bipartito no ano 2007, e que, efectivamente, foi unha obra na que existiron problemas, problemas de carácter xudicial, como ben dixo aquí o señor Balseiro –pola denuncia dun propietario dos terreos afectado por este trazado e que foi resolto xudicialmente–, e que vostedes despois, coas súas actuacións, se encargaron de atrasar ata a finalización neste ano 2016.

Teño que lembrar-lle ao señor Balseiro, se non o sabe, que vostedes mesmos variaron o trazado e o proxecto desta obra que foi sometido a exposición pública no ano 2011; finalizou a exposición pública dese proxecto en abril do ano 2011. Polo tanto, tiveron vostedes tres anos, ou tardaron vostedes tres anos –unha vez xa feito o proxecto e exposto publicamente–, en contratar a obra que foi adxudicada no verán de 2014, cun prazo de execución de vinte e catro meses.

Polo tanto, o propio concurso e a adxudicación da obra garanten un prazo de remate, ese prazo de remate son vinte e catro meses que se cumpren, loxicamente, en agosto deste mesmo ano 2016.

Pero o que si fai esta cuestión é evidenciar a forma de actuar do Partido Popular. O Partido Socialista presentou en todos e cada un dos orzamentos emendas para que se incluíse nos orzamentos da Xunta de Galicia esta obra nos anos 2012 e 2013. O Partido Popular sempre votou en contra, atrasou o seu inicio ata o ano 2014. Polo tanto, o que si evidencia esta actuación é o xeito que ten de tratar o Partido Popular os cidadáns, como se fosemos parvos; atrasan a finalización dunha obra en máis de seis anos e agora veñen vender o produto ao Parlamento de Galicia.

Polo tanto, eu creo, señor Balseiro, que sería bo para todos desterrar este xeito de facer política e de tratar a xente, e sobre todo os cidadáns da Mariña. Cidadáns da Mariña lucense que saben perfectamente cal é a forma de actuar do Partido Popular e que saben perfectamente cal foi o devir e a actuación do Partido Popular nesta actuación, saben cal foi o seu compromiso e o atraso na execución desta obra, ao igual que saben tamén cal é o seu compromiso con infraestruturas importantísimas para a comarca da Mariña, como pode ser a

vía de alta capacidade, da que nin tan sequera vostedes foron capaces de executar, ou de poñer en marcha, nin un só tramo na comarca da Mariña, a pesar de que quedaron en execución e licitadas xa no ano 2007. Ou tamén poderíamos falar de cuestións importantísimas como pode ser esa tan repetida ampliación do Hospital da Costa, da que de momento hoxe nada sabemos. Sabemos que hai un anuncio de adxudicación, pero as obras de momento aínda non comezaron.

Polo tanto, hai cuestións vitais para a comarca da Mariña que si poderían ser traídas por vostedes hoxe aquí, non unha evidencia e algo tan claro como é a finalización dunha obra que o propio concurso de adxudicación pon un prazo de remate de vinte e catro meses.

O Partido Socialista vai votar a favor, non pode ser doutro xeito. Unha cuestión tan elemental como esta non merecería nin tan sequera ocupar espazo parlamentario.

Eu agardo, señor Balseiro, que vostede no futuro trate doutro xeito máis responsable os cidadáns da Mariña e non veña aquí unicamente a buscar un titular de prensa no día de mañá para dicir que Balseiro insta o Goberno a rematar unha obra que xa está practicamente rematada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Val.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, presidenta.

Señor Val, falou vostede de clásicos, pode ser un clásico, pero diríalle que son actual neste tema e voulle explicar por que.

Casualmente esta fin de semana, como vostede sabe, que vostede reside cerca de Burela, reside na vila de Foz, foron as festas de Burela, ás cales vostede non foi. (*Risos.*) Quen lle está a falar foi á procesión e estivo na procesión, casualmente, co equipo de goberno de Burela. E o equipo de goberno de Burela é do Partido Socialista, e o que me dixo algún membro do equipo de goberno de Burela foi: “Grazas por levar esta iniciativa ao Parlamento (*Murmurios.*) que o

noso deputado (*Aplausos.*) non se entera e a tedes que levar vós apoiando o goberno”. Iso foi o que me dixo algún compañeiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non o estou dicindo por nada, estouno dicindo en sede parlamentaria, vai quedar constancia do que digo aquí e dígoo porque así mo expresaron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu xa sei que vostede está preocupado con ese tema, pero que as iniciativas da Mariña as teña que traer o Partido Popular é porque vostede non é capaz de traelas.

Pero ese non é un problema do Partido Popular, será un problema do Partido Socialista e de quen o puxo a vostede no Partido Socialista, non será un problema do Partido Popular. Entón falar de clásico, ¡home!, falar de clásico que fale o señor Fajardo dun clásico no concello de Burela paréceme ben, que fale vostede que vive ao lado non.

Que fale vostede dunha obra na que inviste a Xunta de Galicia 8 millóns de euros e que é fundamental para o desenvolvemento de Burela, para o desenvolvemento empresarial de Burela e para o desenvolvemento do buque insignia que ten Burela, que é o porto, paréceme un atrevemento que o diga vostede.

O señor Fajardo é capaz de dicir iso e moito máis, (*Murmurios.*) porque despois do éxito que tivo o señor Fajardo na Mariña... Fíxense vostedes. Foi dar unhas charlas de pesca a Celeiro. ¿Saben canta xente había? Tres persoas, el e outros dous que ían con el. (*Murmurios.*) (*Risos.*) (*Aplausos.*) ¡Claro! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Entón, despois dese éxito (*Murmurios.*) falar na tribuna do Parlamento, ¡xa está ben! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois mire, nós agradecemos o apoio a esta iniciativa. Non debe de ser tan mala iniciativa cando a apoian vostedes, non debe de ser tan mala. Agradecemos o apoio e con esta iniciativa imos cumprir un compromiso que tiña o Partido Popular, un compromiso que tiña o Goberno de Galicia cos veciños da Mariña e, especialmente, cos veciños de Burela, que é facer a infraestrutura máis importante que hai neste momento, conxuntamente coa ampliación do Hospital da Costa, para o concello de Burela.

E, señor Val, entérese un pouco máis do que pasa na Mariña.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Balseiro, ¿a emenda do Grupo do BNG?

O señor BALSEIRO OROL: Señora presidenta, a emenda do BNG fala da EDAR, estamos de acordo en que é necesaria esa EDAR; xa o Partido Popular sendo conselleiro José Manuel Barreiro montou unha EDAR no concello de Burela, *(Murmurios.)* casualmente no porto de Burela, pero tamén é certo que hai un compromiso, estase redactando o proxecto neste momento e esa obra vaise levar adiante.

Como comprenderá, señora presidenta, nada ten que ver o acceso ao porto de Burela coa EDAR de Burela. O señor Pombo non ten ningún problema,...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Entendo, entón, que non acepta vostede a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BALSEIRO OROL: ...pode presentar esa iniciativa que aceptamos e a apoiamos. *(Murmurios.)* Neste momento imos deixar a iniciativa tal como a presentou o Partido Popular,...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...que é tal e como queren os veciños de Burela.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Moitas grazas, señor Balseiro.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e dez minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)
9. Burgo López, María Concepción	(S)
10. Camino Copa, Angel	(PP)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles	(S)
23. Gallego Calvar, María Carmen	(S)
24. Gallego Lomba, José Manuel	(S)
25. García García, Pablo	(S)
26. García Pacín, María Isabel	(PP)
27. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
28. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)
30. González Santín, Juan Carlos	(S)
31. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
32. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)
33. Iniguez Martínez, Jaime	(PP)
34. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)
35. Losada Alvarez, Abel Fermín	(S)
36. Martínez García, María Consuelo	(M)
37. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
38. Méndez Romeu, José Luis	(S)
39. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
40. Mouriño Villar, Antonio	(PP)
41. Nóvoa López, Enrique	(PP)
42. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
43. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
44. Oróns Baña, Ambrosio	(P)
45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
51. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
54. Quintas Alvarez, María Remedios	(S)
55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
63. Sánchez García, Antón	(AGE)
64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
68. Soneira Tajés, María Soledad	(S)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
71. Val Alonso, José Ramón	(S)
72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25